



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de DECEMBRO de 2025

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

D^a Elena Espinosa Mangana

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día cinco de decembro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira incorpórase á reunión no punto 4, a concelleira Sra. Caride Estévez no punto 7 e a concelleira Aguiar Castro no punto 9.

Están tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(899).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 28 de decembro de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(900).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DIOCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DA RECUPERACIÓN DA CONTORNA DA IGREXA PARROQUIAL DE SAN PAIO. EXPTE. 2376/150.

Visto o informe xurídico de data 17/11/2025 e o informe de fiscalización do 01/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/11/2025, asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns e conformado polo concelleiro da Área de

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 1 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

O artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En data 09/07/2014 por Resolución da Alcaldía delegáronse no concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, don Ángel Rivas González, as atribucións que sexan precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento do Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación del patrimonio cultural titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal inclusive a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O Concello en data 15/03/2024 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal. No devandito convenio convénse que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

A Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do convenio marco, na sesión do 22/7/2025, aprobou o inicio da tramitación do convenio para a recuperación da contorna da igrexa parroquial de San Paio.

En datas 24/07/2025 (data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo), doc. 250206812, a Diocese achega a solicitude de subvención para o financiamento da actuación, que foi modificada con data 14/10/2025 (doc. doc. 250282063), achegando, así mesmo, ao expediente declaración de non solicitude nin obtención de axudas, certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autónoma, certificado de representación e certificado de conta bancaria.

A concesión da subvención directa instruméntase mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do Convenio marco. Neste senso, conforme o sinalado no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público consta no expediente memoria xustificativa do convenio, proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 2 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

No presuposto do Concello consta a partida 3360 7800010 en concepto de subvención patrimonio histórico artístico relixioso.

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A estes efectos no expediente consta memoria de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na que se acredita as razóns de interese público, social, económico e cultural que xustifican o outorgamento directo da subvención e que radican na mellora dos accesos ao templo, o que repercute directamente na seguridade da veciñanza, e na recuperación do concepto de adro como lugar de encontro.

Dita subvención instrumentase mediante a sinatura de convenio específico para **para o financiamento da recuperación da contorna da igrexa parroquial de San Paio por importe de 230.587,57 euros** con cargo aos créditos orzamentarios na partida 3360 780 0010 SUBVENCIONES PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO RELIGIOSO do presuposto municipal 2025.

A concesión da subvención directa se instrumenta mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do Convenio marco. Neste senso, conforme o sinalado no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público consta no expediente memoria xustificativa do convenio, proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

O órgano competente para a concesión da subvención corresponde á Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 28.06.2024.

Polo exposto, previo informe xurídico e de Intervención, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobado o expediente de concesión directa á Diocese Tui Vigo mediante sinatura de convenio específico para o financiamento **da recuperación da contorna da igrexa parroquial de San Paio**

SEGUNDO.- Aprobado o texto do Convenio segundo anexo I.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 3 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

TERCEIRO.- Aprobar e dispoñer o gasto que comporta dita subvención por importe de **230.587,57 euros** con cargo aos créditos orzamentarios na partida 3360 780 0010 SUBVENCÍONS PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO RELIXIOSO do presuposto municipal 2025.

TERCEIRO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DA RECUPERACIÓN DA CONTORNA DA IGREXA PARROQUIAL DE SAN PAIO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil vinte e cinco

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo, en virtude do Decreto de Delegación da Alcaldía-Presidencia de data 9 de xullo de 2024.

Doutra parte, D. Jesús Martínez Carracedo, ecónomo diocesano da Diocese de Tui-Vigo, con NIF ***8257>>, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2023. En diante "Diocese"

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese de Tui – Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no muni-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 4 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

cipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, impulsadas dende a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, e Distritos, para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmoables de titularidade eclesiástica radicados no concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III.- Que o Concello en data 15 de marzo de 2024 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal no que se prevé a proposta realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural.

Que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

IV.- Que a Comisión de Seguimento en sesión do 22/7/2025 constituída ao abeiro do convenio marco aprobou o inicio da tramitación do convenio para a recuperación da contorna da igrexa parroquial de San Paio.

V.- Que no presuposto do Concello consta a partida 3360.7800010 en concepto de subvencion SUBVENCIONES PATRIMONIO HISTORICO ARTISTICO RELIGIOSO

E, na súa virtude, ambas Institucións consideran oportuno subscribir un convenio específico de colaboración con arranxo ás seguintes,

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 5 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de Vigo e Diocese Tui Vigo para o financiamento da **recuperación da contorna da igrexa parroquial de San Paio**.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de **DOUSCENTOS TRINTA MIL CINCOCENTOS OITENTA E SETE CON CINCUENTA E SETE EUROS** (230.587,57 €) segundo a memoria presentada.

Este financiamento realizarase efectivo con cargo á aplicación presupostaria partida 3360 780 0010 Subvencións Patrimonio Histórico Artístico relixioso dos orzamentos municipais

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estes efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

TERCEIRA.- DURACIÓN DO CONVENIO

O presente convenio terá unha duración **dun ano**, contado a partir da data da sinatura polas partes.

CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1.- A Diocese Tui Vigo comprométese a:

- A Diocese Tui Vigo, na súa condición de promotora da obra, achegará ao expediente copia dixitalizada do proxecto, da licenza e das autorizacións que conforme a lexislación sectorial aplicable resulten preceptivas.
- Executar as obras de acordo co proxecto en base cal se concedeu licenza e conforme as prescricións sinaladas e autorizacións sectoriais preceptivas.
- Nomear a dirección facultativa das obras para a execución do proxecto de obra e nomear a dirección da coordinación de seguridade e saúde.
- Na súa condición de promotor, corresponderalle á Diocese Tui o outorgamento do contrato de execución das obras obxecto do presente convenio.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 6 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

- e) Con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria, deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
- f) Asumir ao seu cargo todos os gastos, de calquera tipo, e obrigas derivados da execución do proxecto de obra (en particular, os de redacción dos proxectos que fosen necesarios, a dirección de obra, a coordinación de seguridade e saúde, etc.)
- g) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canta comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canta documentación e información lle sexa requirida.
- h) Comunicar ao Concello de Vigo a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo e acta de recepción, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante do Concello.
- i) Instalar e manter durante toda a execución do proxecto dun **cartel informativo** nun lugar visible da obra obxecto do presente convenio. O cartel deberá indicar como mínimo:
 - o O nome do proxecto e a súa finalidade.
 - o A participación financeira do Concello de Vigo.
 - o O logotipo do Concello de Vigo.
- j) Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.
- k) Comunicar á Área de goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
- l) A facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

2.- O Concello de Vigo comprométese

- a) Financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula segunda.
- b) Xestionar o pagamento do importe da subvención de DOUSCENTOS TRINTA MIL CINCOCENTOS OITENTA E SETE CON CINCUENTA E SETE EUROS (230.587,57 €) tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 7 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- O prazo de xustificación finalizará o **15 de decembro de 2025**. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Non obstante de conformidade co artigo 70 do RLXS, previa solicitude do interesado antes de rematar o prazo e nos termos sinalados no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o órgano concedente da subvención poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda da metade do mesmo e sempre que con elo non se prexudiquen dereitos de terceiro.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a Diocese Tui-Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados. Concretamente

- Copia simple da licenza de obras ou título habilitante para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.
- Contratos de adxudicación das obras.
- Actas de comprobación do replanteo.
- Certificados de obras subscritos polo director da obra e contratista. Xunto coa certificado final de obra asinado por técnico competente deberá achegar acta de recepción e fotografías da actuación/obra/instalación realizada e finalizada.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
- Proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda do o Concello de Vigo.
- Nomeamento do director de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- Declaración doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 8 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

SEXTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención se realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 50006930 4002 8663, entidade bancaria A BANCA da que é titular a entidade beneficiaria.

A beneficiaria poderá solicitar o pago anticipado de ata o 50% do importe total da subvención proposta, que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación da subvención, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto.

O CONCELLO xestionará o pagamento á Diocese Tui Vigo polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega da documentación xustificativa. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Non será necesario aportar nova certificación se a aportada na solicitude no expirou o prazo de seis meses de validez.

Tal e como establece o art. 30.2 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

O xefe do servizo de Montes, Parques e xardíns como instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

SÉTIMA.- SUBCONTRATACIÓN

A Diocese de Tui-Vigo, como entidade executora das actuacións subvencionables, co obxecto de garantir a súa adecuada execución, comprométense a asumir a dirección técnica, debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á subcontratación das obras necesarios para desenvolver as actuacións subvencionables, podendo subcontratar totalmente as actividades previstas, e asumindo expresamente o contido dos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante as entidades beneficiarias, que asumirán a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración. As entidades beneficiarias serán as responsables de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 9 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

gastos subvencionables e exixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os subcontratistas están obrigadas/os a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursoas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores en que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a autorización previa de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

OITAVA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

NOVENA.- - COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polo instrutor do expediente.

Tal e como establece o art. 30.2 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

O instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 10 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

DÉCIMA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO PRIMEIRA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infracción e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO SEGUNDA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e no regulamento da dita lei.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, A Diocese Tui Vigo quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do Convenio Marco resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En calquera momento durante a vixencia deste convenio, as partes por mutuo acordo e de forma expresa poderán modificar este convenio, mediante a subscrición da correspondente addenda, previo cumprimento de todos os trámites e requisitos que resulten preceptivos.

DÉCIMO TERCEIRA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Será motivo de resolución do convenio incurrir nalgunha das seguintes causas:

- 1.- Acordo unánime de todos os asinantes.
- 2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumplidora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento,

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 11 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.

3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

En cumprimento do establecido na Resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

DÉCIMO QUINTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contenciosa administrativo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 12 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

3(901).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DIOCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DA RESTAURACIÓN DO RETABLO DE S. CRISTOVO PARROQUIA DE CANDEÁN. EXPTE. 2378/150.

Visto o informe xurídico de data 17/11/2025 e o informe de fiscalización do 01/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/11/2025, asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns, a secretaria de Administración Municipal e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

O artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En data 09/07/2014 por Resolución da Alcaldía delegáronse no concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, don Ángel Rivas González, as atribucións que sexan precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento do Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación del patrimonio cultural titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal inclusive a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O Concello en data 15/03/2024 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal. No devandito convenio convénse que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

A Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do convenio marco, na sesión do 6/02/2025, acordou o financiamento da rehabilitación de varias tallas da igrexa de San Cristovo de Candeán, e, en sesión de 22/07/2025, aprobou **a elaboración do proxecto e da memoria da rehabilitación do retablo maior da Igrexa de San Cristovo de Candeán.**

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 13 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

En data 18/09/2025 (data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo), doc. 250248155, a Diocese achega a solicitude de subvención para o financiamento da actuación, que foi modificada con data 13/10/2025 (doc. 250280696), ao efecto de establecer dúas anualidades, achegando, así mesmo, ao expediente declaración de non solicitude nin obtención de axudas, certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autónoma, certificado de representación e certificado de conta bancaria.

A concesión da subvención directa instruméntase mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do Convenio marco. Neste senso, conforme o sinalado no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público consta no expediente memoria xustificativa do convenio, proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

No presuposto do Concello consta a partida 3360 7800010 en concepto de subvención patrimonio histórico artístico relixioso.

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A estes efectos no expediente consta memoria de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na que se acredita as razóns de interese público, social, económico e cultural que xustifican o outorgamento directo da subvención e que radican no actual estado de deterioro no actual estado de deterioro do retablo de S. Cristovo. A igrexa de S. Cristovo de Candeán data do s. XVIII e no seu interior consérvanse tallas de gran valor.

Dita subvención instruméntase mediante a sinatura de convenio específico para o **rehabilitación do retablo maior da Igrexa de San Cristovo de Candeán** por importe de **34.485 euros** con cargo aos créditos orzamentarios na partida 3360 780 0010 SUBVENCIONES PATRIMONIO HISTORICO ARTISTICO RELIGIOSO, distribuíndose en dúas anualidades, correspondéndolle o importe de **18.755 euros** á anualidade de **2025** e **15.730 euros** á anualidade de **2026**

A concesión da subvención directa se instrumenta mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do Convenio marco. Neste senso, conforme o sinalado no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público consta no expediente memoria xustificativa do convenio, proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

O órgano competente para a concesión da subvención corresponde á Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 28.06.2024.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 14 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

Polo exposto, previo informe xurídico e de Intervención, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de concesión directa á Diocese Tui Vigo mediante sinatura de convenio específico para o financiamento da **rehabilitación do retablo maior da Igrexa de San Cristovo de Candean**

SEGUNDO.- Aprobar o texto do Convenio segundo anexo I.

TERCEIRO.- Alterar a porcentaxe establecida no art. 174.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido de la Lei reguladora das facendas locais no tocante aos gastos plurianuais, conforme a base 26 de execución do orzamento para o ano 2025, quedando a súa realización subordinada ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos.

CUARTO.- Aprobar e dispoñer o gasto que comporta dita subvención por importe de de **34.485 euros** con cargo aos créditos orzamentarios na partida 3360 780 0010 SUBVENCIONES PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO RELIGIOSO, distribuíndose en dúas anualidades, correspondéndolle o importe de **18.755 euros** á anualidade de **2025** e **15.730 euros** á anualidade de **2026**.

QUINTO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DI-
OCESSE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DA REHABILITACIÓN
DO RETABLO MAIOR DA IGREXA DE SAN CRISTOVO DE CANDEÁN.

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, a xx de xullo de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 15 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo, en virtude do Decreto de Delegación da Alcaldía-Presidencia de data 9 de xullo de 2024.

Doutra parte, D. Jesús Martínez Carracedo, ecónomo diocesano da Diocese de Tui-Vigo, con NIF ***8257>>, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2023. En diante “Diocese”

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese de Tui – Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, impulsadas dende a Concellería de Parques e



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 16 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

Xardíns, Comercio e Festas Especiais, para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados no Concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III- .- Que o Concello en data 15 de marzo de 2024 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal no que se prevé a proposta realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural.

Que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

IV.- Que a Comisión de Seguimento en sesión de data 6 de febreiro de 2025 a proposta da Diocese de Tui – Vigo, seleccionou como proposta de actuación a realizar o financiamento da rehabilitación de varias tallas da igrexa de San Cristovo de Candeán, e, en sesión de 22/07/2025, aprobou **a elaboración do proxecto e da memoria da rehabilitación do retablo maior da Igrexa de San Cristovo de Candeán.**

IV.- Que no presuposto do Concello consta a partida 3360 780 0010 en concepto de subvención patrimonio histórico artístico relixioso.

E, na súa virtude, ambas institucións consideran oportuno subscribir un convenio específico de colaboración con arranxo ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre o Concello de Vigo e Diocese Tui Vigo para o financiamento dos traballos de **rehabilitación do retablo maior da Igrexa de San Cristovo de Candeán.**

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O presuposto total da execución dos traballos ascende a **34.485 euros** (trinta e catro mil catrocentos oitenta e cinco euros), IVE incluído, distribuíndose en dúas anualidades, corres-

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 17 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

pondéndolle o importe de **18.755 euros** (dezaioito mil setecentos cincuenta e cinco mil euros) á anualidade de **2025** e **15.730 euros** (quinze mil setecentos trinta euros) á anualidade de **2026**.

O Concello de Vigo contribuirá ao financiamento da actuación coa cantidade de **34.485 euros** (trinta e catro mil catrocentos oitenta e cinco euros), IVE incluído, que representa unha porcentaxe do 100%.

Este financiamento realizarase efectivo con a aplicación presupuestaria con cargo á aplicación presupostaria partida 3360 780 0010 subvencións patrimonio histórico artístico relixioso dos orzamentos municipais

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estos efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da lei xeral de subvencións.

TERCEIRA.- DURACIÓN DO CONVENIO

O presente convenio terá unha duración **dun ano**, contado a partir da data da sinatura polas partes.

CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1.- A Diocese Tui-Vigo comprométese a:

- a) Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención nos termos do proxecto achegado ao expediente.
- b) Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 18 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

- c) Corresponde á Diocese a xestión dos medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio, así como o abono de todos os gastos derivados da súa realización.
- d) Con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintas empresas. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
- e) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canta comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canta documentación e información lle sexa requirida.
- f) Darlle as actividades o maior grao de publicidade incorporando os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.
- g) Comunicar á Área de goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
- h) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

2.- O Concello de Vigo comprométese

- a) Financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula segunda.
- b) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- O prazo de xustificación da primeira anualidade do contrato finalizará o 15 de decembro de 2025, mentres que o prazo da segunda anualidade finalizará o 1 de outubro de 2026.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 19 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) a Diocese Tui-Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

2.- A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha **conta xustificativa** conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do **Rexistro electrónico do Concello de Vigo** polo total do orzamento. Poderase substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de todos os xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 20 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Poderase substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención.

Así mesmo, achegarase copia, de ser o caso, das autorizacións para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

SEXTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención se realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 5000 6930 4002 8663 entidade bancaria ABANCA da que é titular a entidade beneficiaria.

O CONCELLO xestionará o pagamento á Diocese Tui Vigo polo importe da subvención outorgada ou resultante, tras a entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Non será necesario aportar nova certificación se a achegada na solicitude no expirou o prazo de seis meses de validez.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola Área de goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo. O instrutor dos expedientes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 21 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

O xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns como instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das tarefas obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

SÉTIMA.- SUBCONTRATACIÓN

Aos efectos de aplicación deste convenio, admítase a subcontratación total das actividades subvencionadas para a execución do mesmo.

OITAVA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

NOVENA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infracción e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención á que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 22 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no regulamento da dita lei.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, A Diocese Tui Vigo quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do Convenio Marco resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En calquera momento durante a vixencia deste convenio, as partes por mutuo acordo e de forma expresa poderán modificar este convenio, mediante a subscripción da correspondente addenda, previo cumprimento de todos os trámites e requisitos que resulten preceptivos.

A resolución de concesión poderá modificarse, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Será motivo de resolución do convenio incorrer nalgunha das seguintes causas:

- 1.- Acordo unánime de todos os asinantes.
- 2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 23 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

nio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.

3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 24 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

En cumprimento do establecido na Resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

DÉCIMO QUINTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de contratos do sector Público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contenciosa administrativo.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 25 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

NESTE INTRE INCORPÓRASE Á REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. ANEIROS PE-REIRA.

4(902).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CORRECCIÓN DE FILTRACIÓNS ACTIVAS DE AUGA NO MUSEO VERBUM – CASA DAS PALABRAS”. EXPTE. 2375/441.

Visto o informe de fiscalización do 27/11/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

e) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Corrección de filtracións activas de auga no Museo Verbum – Casa das Palabras” (2375-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Corrección de filtracións activas de auga no Museo Verbum – Casa das Palabras” (2375-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de agosto de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “CORRECCIÓN DE FILTRACIÓNS ACTIVAS DE



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 26 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

AUGA NO MUSEO VERBUM – CASA DAS PALABRAS”, redactado polo arquitecto D. Francisco Javier Vázquez Fernández.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 29.07.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS CINCUENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON VEINTE CÉNTIMOS (259.982,20 €).

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo do exercicio 2025, con cargo á na partida orzamentaria 3331.632.00.10 (INVESTIMENTOS MELLORA NO VERBUM) , proxecto de gasto 25333110, segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	259.982,20 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 26 de setembro de 2025), o 7 de novembro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Corrección de filtracións activas de auga no Museo Verbum – Casa das Palabras” (2375-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CIES OBRA CIVIL, SL	95,68
2	EIFFAGE ENERGÍA, SLU	88,88

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIES OBRA CIVIL, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 27 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CÍES OBRA CIVIL, SL, o día 7 de novembro de 2025, que presenta a documentación requirida o 20 de novembro, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura non estar incurso en prohibición de contratar, o poder de representación e DNI do apoderado.
- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa/obligatoria (C-9-1 e C-7-1) presentan a clasificación C-9-4 e C-7-3.
- Seguro de caución por un importe de 10.000,72 euros que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 27 de novembro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 28 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CÍES OBRA CIVIL, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CÍES OBRA CIVIL, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 27 de outubro e 3 de novembro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CÍES OBRA CIVIL, SL o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Corrección de filtracións activas de auga no Museo Verbum – Casa das Palabras” (2375-441) por un prezo total de 242.017,41 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 42.003,02 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 29 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5(903).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO INMOBLE SITO NA RÚA ENRIQUE LORENZO, Nº 54 (TEIS) PARA USO DE SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA. EXPTE. 2287/441.

Visto o informe de fiscalización do 27/11/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

f) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do inmoble sito na rúa Enrique Lorenzo, nº 54 (Teis) para uso de sala de lectura-biblioteca (2287-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do inmoble sito na rúa Enrique Lorenzo, nº 54 (Teis) para uso de sala de lectura-biblioteca (2287-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de agosto de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “REFORMA DO INMOBLE SITO NA RUA ENRIQUE LORENZO, Nº 54 (TEIS) PARA USO DE SALA DE LECTURA- BIBLIOTECA”, redactado e asinado polo arquitecto Leopoldo Salceda Alvite, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRINTA E DOUS MIL OITOCENTOS SETENTA E UN EUROS CON OITO CÉNTIMOS (1.032.871,08 €, segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	600.000,00 €
2026	432.871,08 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 30 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos proxectos o día 27.06.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 9330.6320062 (Acondicionamento Antigo ambulatorio Teis para Biblioteca) – proxecto de gasto 20933062, por importe de 600.000,00 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2026, na aplicación orzamentaria 9330.6320062, crédito por importe de 432.871,08 €.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 72,15%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 26 de setembro de 2025), o 7 de novembro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do inmovible sito na rúa Enrique Lorenzo, nº 54 (Teis) para uso de sala de lectura-biblioteca (2287-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	UTE CONSTRUCCIONES ABAL-REVIVIS (BIBLIOTECA TEIS)	89,43
2	OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL	87,93
3	ORECO BALGON, S.A	77,22

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CONSTRUCCIONES ABAL-REVIVIS (BIBLIOTECA TEIS), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 31 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CONSTRUCCIONES ABAL, SL - REVIVIS - REABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, LDA, o día 7 de novembro de 2025, que presenta a documentación requirida os días 17 e 19, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Certificado de inscrición de CONSTRUCCIONES ABAL, SL no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figuran a constitución da empresa, o obxecto social, o poder de representación, o DNI do apoderado e a clasificación.
- Certificado de inscrición de REVIVIS - REABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, LDA na Certidão Permanente de Registos no que consta a constitución da empresa, o poder de representación e DNI do apoderado e o obxecto social.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo representante de CONSTRUCCIONES ABAL, SL.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo representante de REVIVIS - REABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, LDA.
- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar asinada dixitalmente polo representante de CONSTRUCCIONES ABAL, SL.
- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar asinada dixitalmente polo representante de REVIVIS - REABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, LDA.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación obrigatoria (Grupo C, subgrupo 5, categoría 4) presentan a clasificación C-5-3 de CONSTRUCCIONES ABAL, SL e a clasificación “Edificios e patrimonio construído – Albanelería, revoco e cantería – clase 5” (ata 3.200.000 euros).
- Aval por un importe de 41.589,25 euros que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- Declaración de REVIVIS - REABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, LDA de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados de non ter débedas co Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA dos dous licitadores.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 27 de novembro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 32 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE CONSTRUCCIONES ABAL, SL - REVIVIS - REABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, LDA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE CONSTRUCCIONES ABAL, SL - REVIVIS - REABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, LDA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 27 de outubro e 3 de novembro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a UTE CONSTRUCCIONES ABAL, SL – REVIVIS, REABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, LDA (PT513475826) o procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do inmovible sito na rúa Enrique Lorenzo, nº 54 (Teis) para uso de sala de lectura–biblioteca (2287-441) por un prezo total de 1.006.459,79 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 174.674,84 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 33 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(904).- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA PARA FILLAS E FILLOS DE MULLES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 13960/224.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/12/2025, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e execución do programa de atención psicolóxica para fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero (13960-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 12 de setembro de 2025 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, para a contratación de servizos para a xestión e execución do programa de atención psicolóxica para fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero (13.960-224).

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 26 de setembro de 2025), o 23 de outubro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e execución do programa de atención psicolóxica para fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero (13960-224) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 34 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

	Licitador	Puntuación total
1	EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22 SOCIEDAD LIMITADA	91 puntos

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22 SOCIEDAD LIMITADA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares”*

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22 SOCIEDAD LIMITADA, o día 24 de outubro de 2025, que presenta a documentación requirida o 6 de novembro de 2025, dentro do prazo concedido.

Expte. 1988/1102

O acordo estivo exposto ao público dende o 17 de novembro ata 1 de decembro de 2025 na sede electrónica e taboleiro de anuncios segundo certificado

Trancsorrído o prazo de dez días procede elevar a definitiva a lista provisional de admitidos e excluídos de conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria.

E por isto polo que se eleva a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local, a seguinte proposta de **ACORDO**

PRIMEIRO.- Prestar aprobación a lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de provisión do posto de xefe/a do servizo de Contabilidade Xeral

ASPIRANTE

DNI

OSCAR MIGUEL VEGA ANDION

3292*

SANDRA BUENO REY

1249*

SEGUNDO.- Designar aos membros da comisión de valoración conforme a cláusula quinta das bases da convocatoria que de seguido se relacionan:

Presidente/a:

Titular: D. Luis García Álvarez, Tesoureiro Director superior contable e Orzamentario.

Suplente: D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral do Concello de Vigo,

Vogais

Titular: Dna María de Carmen Pazos Area, directora de ingresos e xestión catastral delegada.

Suplente: Dna. Ángela Fernández López, xefa do Servizo de Contratación

Titular: Dna. Maria de Mar Suárez del Campo, viceinterventora xeral adxunta,

Suplente: Dna. Maria Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización,

Titular: D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica.

Suplente: Dna Susana Garcia Álvarez, letrada_ xefa de Asesoramento,

Secretario/a:

Titular: Dna. Susana Gallardo Fariña, secretaria de Goberno Local ,

Suplente: Dna. Pilar del Carmen Saborido, secretaria de Administración Municipal.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 51 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

TERCEIRO.- Convocar aos membros da Comisión de Valoración a sesión constitutiva e de valoración provisional dos méritos que terá lugar o día 16 de decembro de 2025 as 9:00 h na sala de xuntas da Secretaría do Concello (primeiro andar).

CUARTO.- Contra este acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

QUINTO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e páxina web do Concello.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(910).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "REHABILITACIÓN DE MURO DE PECHE E CONTENCIÓN NO CAMIÑO GALINDRA-CASTRELOS, VIGO". EXPTE. 2431/441.

Visto o informe xurídico do 17/11/2025 e o informe de fiscalización do 01/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/10/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro de Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- Dende o Departamento de Vías e Obras remítese o proxecto básico e de execución de "REHABILITACIÓN DE MURO DE PECHE E CONTENCIÓN NO CAMIÑO GALINDRA – CASTRELOS, VIGO", redactado e asinado polo arquitecto D. Ángel J. Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITENTA E SETE MIL SESENTA E DOUS EUROS con CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (87.062,55 €).

II.- O xefe da Área de Servizos Xerais o día 28.06.2024 informou que o documento presentado cumpre cos obxectivos propostos, polo que o concelleiro da Área de Fomento e Servizos o día data 02.07.2024, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario resolveu iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- Previo informe da Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal asinado o día 04.07.2025, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado con data da última sinatura o día 10.07.2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 18.07.2025, aprobou o proxecto



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 52 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

básico e de execución de "REHABILITACIÓN DE MURO DE PECHE E CONTENCIÓN NO CAMIÑO GALINDRA – CASTRELOS, VIGO", redactado e asinado polo arquitecto Ángel J. Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITENTA E SETE MIL SESENTA E DOUS EUROS con CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (87.062,55 €), e asinado dixitalmente o día 30 de xuño de 2025. Expte. 6448-443.

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do día 18.07.2025 que se corresponde co expediente administrativo 6448-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado e asinado polo arquitecto Ángel J. Santorio Cuartero.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 27.08.2025.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 27.08.2025.
- D) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes os días 23 e 24.09.2025.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 30.09.2025.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 10.10.2025.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor e con data da última sinatura 13.10.2025.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 27.10.2025.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 27.10.2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 53 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 04.07.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **"REHABILITACIÓN DE MURO DE PECHE E CONTENCIÓN NO CAMIÑO GALINDRA – CASTRELOS, VIGO"**, redactado e asinado polo arquitecto Ángel J. Santorio Cuartero.

Segundo.- Aprobado o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 27.10.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de OITENTA E SETE MIL SESENTA E DOUS EUROS con CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (87.062,55 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 15.110,03€.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.619.00.49 – proxecto de gasto 25153249 (Muro Galindra), provinte da modificación orzamentaria nº 56A/2025, suplemento de crédito e crédito extraordinario (expediente 96/142), segundo a distribución de anualidades proposta.

2025	87.062,55 €
------	-------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 54 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(911).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN CEIP VALLE INCLÁN, VIGO". EXPTE. 2432/441.

Visto o informe xurídico do 17/11/2025 e o informe de fiscalización do 01/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/10/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro de Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- Pola mercantil Capitel Arquitectura Ingeniería e Innovación SL presentase proxecto de "EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN CEIP VALLE INCLÁN, VIGO ", redactado polo enxeñeiro industrial D. Javier de la Puente Crespo.

II.- O xefe da Área de Servizos Xerais o día 12.05.2025 informou que o documento presentado cumpre cos obxectivos propostos, polo que o concelleiro da Área de Fomento e Servizos o día 13.05.2025, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario resolveu iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- Previo informe da Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal asinado o día 22.05.2025, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado con data da última sinatura o día 02.06.2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 06.06.2025, aprobou o proxecto de "EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN CEIP VALLE INCLÁN, VIGO" redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Javier de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SETENTA E OITO MIL SEISCENTOS SESENTA EUROS con OITENTA E OITO CÉNTIMOS (178.660,88 €), asinado no mes de abril de 2025. Expte. 6713-443

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do día 06.06.2025 que se corresponde co expediente administrativo 6713-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Javier de la Puente Crespo.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 28.08.2025.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 29.08.2025.
- D) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 30.09.2025.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 55 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- E) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 10.10.2025.
- F) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor e con data da última sinatura 13.10.2025.
- G) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 23.10.2025.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 27.10.2025.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 27.10.2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 22.05.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 56 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN CEIP VALLE INCLÁN, VIGO**” redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Javier de la Puente Crespo.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 27.10.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO SETENTA E OITO MIL SEISCENTOS SESENTA EUROS con OITENTA E OITO CÉNTIMOS (178.660,88 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 31.007,26 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3230.632.0041 – proxecto de gasto 25323041 (Muro CEIP Valle Inclán), provinte da modificación orzamentaria nº 56A/2025, suplemento de crédito e crédito extraordinario (expediente 96/142), segundo a distribución de anualidades proposta.

2025	178.660,88 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(912).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN E PECHE NO CAMIÑO DA IGREXA- VALADARES, VIGO”. EXPTE. 2435/441.

Visto o informe xurídico do 17/11/2025 e o informe de fiscalización do 25/11/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/10/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro de Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 57 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 13.05.2024 resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa favor da mercantil CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, SL.

II.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de "CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN E PECHE NO CAMIÑO DA IGREXA - VALADARES ", redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo.

III.- Previo informe da Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal asinado o día 29.08.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado os días 02 e 03.09.2024, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 13.09.2024 aprobou o proxecto de "CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN E PECHE NO CAMIÑO DA IGREXA - VALADARES", redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS UN MIL SETECENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (201.775,99 €) e sinatura dixital de data xullo de 2024. Expte. 6458-443.

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do día 13.09.2024 que se corresponde co expediente administrativo 6458-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Javier de la Puente Crespo.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 29.08.2025.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 29.08.2025.
- D) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes os días 23 e 24.09.2025.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 30.09.2025.
- F) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor e con data da última sinatura 13.10.2025.
- G) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 23.10.2025.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 27.10.2025.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 27.10.2025.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 58 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 29.08.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **"CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN E PECHE NO CAMIÑO DA IGREXA - VALADARES"** redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Javier de la Puente Crespo.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 27.10.2025.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 59 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS UN MIL SETECENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (201.775,99 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 35.018,97 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3230.632.00.40 – proxecto de gasto 25323040 (Muro CONTENCIÓN CEIP VALLADARES), provinte da modificación orzamentaria nº 56A/2025, suplemento de crédito e crédito extraordinario (expediente 96/142), segundo a distribución de anualidades proposta.

2025	201.775,99 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(913).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO PARA A "RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN NO PAVILLÓN E O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DA ETEA". EXPTE. 6557/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/11/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro de Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Dende a Concellería de Deportes remítese o proxecto básico e de execución para a "RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN NO PAVILLÓN E O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DA E.T.E.A.", redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Juan Manuel Álvarez Sampedro.

II.- O xefe do Servizo de Deportes e o xefe da Área de Servizos Xerais o día 28.10.2024 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do encargo, polo que o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o día 30.10.2024 resolven iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 60 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

III.- A actuación desenvólvese no campo de fútbol e pavillón deportivo de E.T.E.A., situado na parcela con referencia catastral 5464206NG2758N0001RI, na Avda. De la Marina Española, 35, Teis, Vigo. O ámbito do proxecto divídese en dúas zonas:

- Pavillón 1 e 2 e zona anexa. O pavillón 1 trátase dun complexo interior que aloxa dúas pistas de xogo e unha zona anexa destinada á practica de diversos deportes e consta dun sistema de alumado está obsoleto (luminarias de VSAP Vapor de sodio a Alta Presión). A iluminación do pavillón 2 consta de 48 proxectores HM (Haloxenuro Metálico) cunha mala distribución lumínica.
- Campo de fútbol exterior de herba artificial de dimensións totais 108 x 72 m. A iluminación do terreo realízase con 16 proxectores de HM distribuídos en 4 torretas, localizadas en cada esquina do campo, con catro proxectores en cada unha.

A instalación de alumado está obsoleta e acabou a súa vida útil, sendo necesario a renovación con novas tecnoloxías LED. As obras a executar se describen a continuación:

- Desmontaxe dos receptores de alumado actuais, mediante cesta elevadora.
- Substitución dos proxectores actuais por novos proxectores de tecnoloxía LED no teito do pavillón polideportivo 1 e zona anexa, fixadas a estrutura actual e coa mesma configuración inicial.
- Instalación de novos proxectores LED no pavillón 2, con cambio de distribución dos proxectores nos laterais por unha distribución cenital, para mellorar a uniformidade lumínica e evitar deslumbraamentos laterais.
- Substitución dos proxectores por outros LED nas torretas existentes no campo de fútbol mantendo a altura actual, seguindo criterios de eficiencia enerxética. Utilización dos puntos de ancoraxe actuais para soporte dos proxectores e axuste da orientación segundo estudo lumínico.
- Realización de probas de encendido e axuste final no ángulo das luminarias.

Fundamentalmente os obxectivos da actuación son os de reducir o consumo enerxético, mellorar a iluminación e eficiencia lumínica do pavillón polideportivo e do terreo de xogo, seguindo criterios acordes a actuacións similares, que pivoten na mellora do aforro enerxético, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais, criterios ambientais e emprego de tecnoloxías LED.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SEIS (6) SEMANAS.

VI.- A enxeñeira de camiños, canais e portos emite o día 06.11.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O planeamento vixente no Concello de Vigo é a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 61 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

26/05/2025 (expte. 15313/411), publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia de data 07/07/2025, e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025.

O ámbito das obras está localizado en solo destinada a equipamentos con denominación SX-EQ-DE-363-Ex (Sistema Xeral de Equipamentos Deportivos Existentes). As obras previstas son actuacións de renovación tecnolóxica do alumado, sen ampliar a instalación existente; e non modifican o uso do solo, nin as condicións volumétricas nin a ocupación ou a actividade do edificio, polo que son acordes ao disposto no planeamento.

Aínda que as obras atópanse dentro da zona de servidume aeronáutica do Aeroporto de Vigo, tal como se indica no apartado 7. da Memoria, as devanditas actuacións son de carácter interior no pavillón, complementadas cunha actuación exterior de renovación de luminarias sobre a estrutura existente, polo que ao non elevar o perfil da zona, considérase que non é necesario solicitar autorización ao organismo competente.

As actuacións definidas no proxecto non se engloban nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non precisa someterse a avaliación de impacto ambiental. Trátase de obras interiores, que no conlevan movemento de terras, polo que non se aprecia que a obra afecte a ningunha normativa sectorial significativa.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 62 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tívéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *"non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)"*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución para a **"RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN NO PAVILLÓN E O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DA E.T.E.A."**, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Juan Manuel Álvarez Sampedro, cun orzamento base de licitación máis

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 63 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

IVE de CENTO SETENTA MIL CINCOCENTOS CORENTA E SETE EUROS con CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (170.547,58 €) e con sinatura dixital do día 04.11.2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(914).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO PARA A “RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE MONTE DA MINA – CASTRELOS”. EXPTE. 6846/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/11/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro de Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Dende a Concellería de Deportes remítese o proxecto básico e de execución para a “RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE MONTE DA MINA - CASTRELOS”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás.

II.- O xefe do Servizo de Deportes e o xefe da Área de Servizos Xerais o día 21.10.2025 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do encargo, polo que o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o día 22.10.2025 resolve iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- A actuación se desenrola na instalación integrada na parcela propiedade nº 0493 do Inventario Municipal de Bens Inmóveis, identificada como "Campo de fútbol Municipal Monte da Mina", situada no Cmño. da Galindra nº18, Castrelos (Vigo).

A parcela que engloba as instalacións deportivas "Campo de fútbol Municipal Monte da Mina" ten unha superficie aproximada de 9,320,00 m² e conta cun campo de herba artificial de fútbol 11 e unha serie de edificacións nas que se atopan vestiarios, zonas de instalacións, cantinas e almacéns de material. Conta así mesmo cunha bancada-graderío parcialmente cuberta nun dos laterais do campo. A superficie deportiva de céspede artificial presenta un elevado desgaste coma consecuencia do uso intensivo e o propio paso do tempo.

Contéplase a renovación da superficie deportiva de céspede artificial do campo de fútbol en base ás seguintes actuacións:

- Retirada da actual superficie deportiva para a súa xestión coma residuo, con aproveitamento parcial do caucho e area de lastrado.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 64 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

- Instalación dun novo terreo de xogo de céspede artificial de última xeración con base elástica sobre o pavimento existente de aglomerado asfáltico. Si ben considérase válido o estado xeral da base asfáltica, o orzamento inclúe partidas para arranxos puntuais da mesma co obxecto de conquistar a uniformidade da superficie. Contémplase así mesmo a revisión e reparación puntual de canaletas perimetrais para recoillida de augas pluviais e do rego do campo, así coma de reixas e canalizacións.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (SESENTA) 60 días.

VI.- A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite os días 20 e 24.11.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

De acordo coas determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo a parcela atópase en Solo do Núcleo rural 06.11.C COSTA, incluída nun ámbito que comprende as calificacións de Ordenanza dotacionais 3.1/3.2/3.3. Resultarían de aplicación polo tanto as condicións definidas pola 3.2 Dotacional deportiva.

As obras previstas neste proxecto non contemplan a modificación dos parámetros urbanísticos actuais polo que cumpren as condicións de uso deportivo propias da clasificación establecida polo PXOU. Cumpren ademais a totalidade das normativas e leis da Comunidade Autónoma ou sectoriais vencelladas á súa situación urbanística.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 65 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución para a **“RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE MONTE DA MINA - CASTRELOS”** redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS TRINTA E SEIS MIL CORENTA E CATRO EUROS con TRINTA E UN CÉNTIMOS (336.044,31 €), asinado dixitalmente o día 07.11.2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(915).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA TOMIÑO”. EXPTE. 6740/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/11/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 66 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

Servizos Xerais e conformado polo concelleiro de Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 17.07.2024 resolveu autorizar o contrato menor e o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa favor da mercantil Interurban SAU.

II.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA TOMIÑO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Roberto Jose Aya Vidal.

III.- O xefe da Área de Servizos Xerais o día 17.06.2025 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 20.06.2025, a do xefe do Servizo Administrativo e de Control orzamentario (*Resolución do Concelleiro de Área de Goberno de Fomento, Servizo e Deportes de data 13.06.25*) resolveu iniciar expediente para a aprobación do devandito proxecto.

IV.- A actuación localízase na rúa Tomiño. A rúa comeza na súa intersección coa rúa de Nigrán e esténdense 55 metros ata a zona de aparcamento, na que remata aos 86 metros, non dispoñendo doutra saída rodada.

As obras a executar son as seguintes:

- Ordenación dos espazos en favor dos peóns.
- Mellora da accesibilidade peonil na contorna.
- Mellora da seguridade viaria na rúa.
- Renovación e mellora dos servizos municipais existentes.
- Definición de xeito máis eficiente das zonas de estacionamento.

Fundamentalmente os obxectivos da actuación son os de mellorar a calidade dos espazos para o peón, asegurar a circulación rodada en condicións de seguridade e confort e renovar e mellorar as redes de servizos.

Todo isto levarase a cabo con criterios acordes a actuacións similares na contorna, que pivoten na sostibilidade das actuacións proxectadas, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais, criterios de seguridade e emprego de novas tecnoloxías.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO (4) MESES.

V.- A enxeñeira de camiños, canais e portos e a enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emiten os días 17 e 18.11.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

De acordo ao Planeamento vixente no Concello de Vigo é a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 67 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

data 26/05/2025 (expte. 15313/411), publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia de data 07/07/2025, e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025, o ámbito das obras está localizado en solo clasificado como solo urbano consolidado e a actuación recollida no proxecto non afecta as aliñacións representadas nos correspondentes planos nin altera nin modifica o uso previsto nas normas nin o uso actual ao que se destinan na actualidade, tal como indica o proxecto no seu Anexo nº03 – Planeamento Urbanístico e Afeccións Sectoriais.

As obras atópanse fóra de áreas de protección arqueolóxica segundo a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, en vigor dende o 27/08/2025. Na contorna do proxecto non existen elementos patrimoniais catalogados nin afeccións derivadas da normativa sectorial, a excepción das Servidumes aeronáuticas do aeroporto de Vigo, se ben pola natureza das obras, considérase que non afectan á seguridade e a regularidade das operacións das aeronaves, e non precisan autorización, segundo se indica na Memoria.

O proxecto indica que a actuación non se engloba nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non precisa someterse a ningún procedemento de avaliación de impacto ambiental.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentarias, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo tódolos requisitos exixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente o proxecto presentado para aprobación, “HUMANIZACIÓN DA RÚA TOMIÑO”.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 68 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA TOMIÑO”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Roberto Jose Aya Vidal, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS NOVENTA E UN MIL NOVECIENTOS SETENTA E SETE EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (591.977,67 €), e con sinatura dixital do día 14.11.2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(916).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA SOUTOMAIOR”. EXPTE. 6791/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/11/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro de Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O concelleiro-delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 69 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

12.07.2024 resolveu autorizar o contrato menor e o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa favor da mercantil empresa INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.

II.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de construción HUMANIZACIÓN DA RÚA SOUTOMAIOR”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. María Ferreiro Núñez.

III.- O xefe da Área de Servizos Xerais o día 01.09.2025 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 09.09.2025, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario resolveu iniciar expediente para a aprobación do devandito proxecto.

IV.- A actuación localízase na rúa Soutomaior, que ten unha orientación Leste-Oeste no barrio de Coia, a vía está limita polo Oeste coa rúa de Redondela e polo Leste co Centro Comercial Coia 4.

As obras a executar teñen lugar nun superficie de 1.421 m2 ao longo de 87 m na rúa Soutomaior dende o seu cruzamento coa rúa Redondela, as principais actuacións así como as súas características expóñense a continuación:

- A calzada proxéctase con formigón semipulido en seco de 22 cm de espesor con HF-4,0, sobre unha capa de saburra ZA 0/32 de 20 cm de espesor.
- O ámbito afectado pola renovación de servizos na rúa Redondela será reposto mediante unha capa de rodadura de 5 cm, de MBC tipo AC-16 SURF D BC 50/70, sobre unha capa base de HM-20 de 20 cm de espesor, que á súa vez se coloca sobre unha capa de saburra artificial de 20 cm. Sobre a capa de formigón e previamente á extensión da MBC da capa base, dispoñerase unha rega de imprimación C60BF4 IMP.
- As novas beirarrúa estarán executadas en por lousa de granito branca de 60x40 e 6 cm de espesor. Asentaranse sobre unha capa de morteiro de 4 cm e sobre soleira de formigón de HM-20 de 15 cm de espesor. O bordo será de granito branco mera de 22 cm de altura e 20 cm de ancho con cimentación de formigón en masa HM-20.
- Execución dos aparcamentos mediante un firme de formigón con árido visto formado por base de saburra e formigón HF-4.0 con acabado de árido visto.
- En canto á rampla de acceso ao Centro Comercial será construída en formigón armado HA-25 na cimentación e muretes, sendo o interior en saburra artificial compactada e o pavimento en HF-4,0 de 20 cm de espesor.
- En canto á rede de abastecemento renovarase totalmente a existente mediante unha tubaxe de fundición dúctil de diámetro 100 mm e retirarase a existente de fibrocemento.
- O saneamento de algas fecais será renovado mediante tubaxe PVC liso de diámetro 315 mm. A rede de pluviais será dotada de dous colectores de PVC liso diámetro 315 mm en sendos marxes e com conexións à rede existente na rúa Redondela. Tamén se retirará a tubaxe existente de formigón de diámetro 300 mm.
- En canto á iluminación pública instalarase un novo centro de mando de alumado e a novas luminarias sobre báculos a 3 m e 7 m de altura coas súas correspondentes



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 70 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

canalizacións soterradas de alimentación de enerxía eléctrica.

- As xardineiras proxectadas delimitaranse cun bordo de granito achafranado de 20x40 cm.
- Instalaranse 1 banco e 3 papeleiras

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SEIS (6) MESES.

V.- Os enxeñeiros de camiños, canais e portos emiten o día 09.09.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O ámbito da actuación ten lugar no viario público de titularidade municipal polo que os terreos se atopan a disposición para a execución do proxecto. O solo onde se executarán as actuacións emprázanse no ámbito do planeamento vixente no Concello de Vigo é a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025 (expte. 15313/411), publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia de data 07/07/2025, e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025.

A zona de actuación atópase fóra de ámbitos de protección arqueolóxica-patrimonial, non existindo na contorna ningún elemento catalogado como tal.

Tendo en consideración que aínda que as obras propostas atópanse dentro da zona de servidume aeronáutica, Aeroporto de Vigo (RD 584/1972 e o RD 2278/1986 polo que se establecen as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Vigo), as devanditas en ningún momento nin en ningún caso a maquinaria ou elementos auxiliares necesarios durante a execución da obra presentan unha altura superior a xa existente de luminarias e demais elementos que conforman o perfil da zona, en consecuencia, entendese que non é preciso o requirimento da autorización, por non elevar o perfil existente no seu entorno”.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.”

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 71 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 72 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

ACORDO

Aprobar o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA SOUTOMAIOR”, redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos Dña. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS CORENTA MIL SETECENTOS OITENTA E UN EUROS con ONCE CÉNTIMOS (340.781,11 €) e con sinatura dixital do día 03.11.2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(917).- REVISIÓN DE TARIFAS DE TAXIS DA CIDADE DE VIGO PARA O ANO 2026. EXPTE. 5296/449.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/12/2025, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I) TARIFAS VIXENTES

As tarifas vixentes no servizo de taxi da cidade de Vigo, por resolución do Director Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia, con data 17 de decembro de 2024, son as seguintes:

TARIFA 1(días laborables de 6:00 a 22:00 horas)

Concepto	Euros (IVE incluído)
Tarifa mínima (1.700 metros ou tempo equivalente)	4,21
Qm. percorrido	1,13
Hora de espera	23,67
Suplemento aeroporto	5,26
Suplemento lfevi	3,67
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,67

TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06:00 horas e servizo nocturno de 22:00 ás 6:00 horas)

Concepto	Euros
Tarifa mínima (1100 metros ou tempo equivalente)	4,47
Qm. percorrido	1,29

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 73 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Hora de espera	25,78
Suplemento aeroporto	5,26
Suplemento lfevi	3,67
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,67

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro (dende as 00.00 ata as 10.00): 2,62€

Suplemento por persoa a partir da sexta praza: 0,61 €

II) PROPOSTA CONTIDA NA SOLICITUDE PRESENTADA

En data 7 de outubro de 2025, D. Emilio Mosquera Rodriguez, como Presidente da Sociedade Cooperativa Galega de Auto-taxi e Gran turismo de Vigo e provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos do Taxi de Pontevedra, presenta solicitude de revisión de tarifas (IVE incluído) para o ano 2026 co seguinte contido :

TARIFA 1(días laborables de 6:00 a 22:00 horas)

Concepto	Euros (IVE incluído)
Tarifa mínima (1.700 metros ou tempo equivalente)	4,26
Qm. percorrido	1,14
Hora de espera	23,91
Suplemento aeroporto	5,31
Suplemento lfevi	3,71
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,68

TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06:00 horas e servizo nocturno de 22:00 ás 6:00 horas)

Concepto	Euros(IVE incluído)
Tarifa mínima (1100 metros ou tempo equivalente)	4,51
Qm. percorrido	1,30
Hora de espera	26,04
Suplemento aeroporto	5,31
Suplemento lfevi	3,71
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,68

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro (dende as 00:00 ata as 10:00): 2,64€

Suplemento por persoa a partir da sexta praza : 0.62€



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 74 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

A solicitude formulada segundo describen supón unha subida da tarifa dun 1 %;

Citan outros factores que xustificarian o incremento solicitado, o incremento desmesurado dos prezos dos seguros, a subida media das primas estaba sendo de máis dun 75%, manténdose a tendencia a alza, e as pólizas incrementaron os seus prezos entre un 15% e un 25% con respecto a anualidade anterior

Manifestan que son conscientes que non poder aplicar o incremento real dos custes aos clientes polo que solicitan una subida dun 1 % das tarifas actualmente aplicables na cidade de Vigo, aínda que cos datos aportados os gastos da actividade serían superiores nun 1,28% aos ingresos esperados.

O IPC do transporte na Comunidade Autónoma Galega e dun 1 % e o IPC Xeral na Comunidade Autónoma de Galicia e dun 2,5%

Tamén fan referencia a chegada a Vigo de Uber..que vulnerando toda a normativa están realizando servizos urbanos. A actuación ilegal desta plataforma lles causa un perxuício económico incuantificable, supoñendo una clara competencia desleal a un sector tan regulado como e o do taxi. O mesmo ocorre coas súas tarifas dinámicas, e libres en función da demanda.

III) NORMATIVA DE APLICACIÓN:

-A Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia publicada no D.O.G.A de 14 de xuño de 2013.

-A Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo aprobada por acordo plenario de data 9 de febreiro de 2015 publicada no BOPP de data 11 de marzo de 2015, e modificada por acordos plenarios de datas 5 de setembro de 2018 e 30 de marzo de 2022 publicados no BOPP de data 24 de setembro de 2018 e 13 de abril de 2022 respectivamente.

-O Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia aprobado por Decreto 103/2018 de 13 de setembro e publicado no Diario Oficial de Galicia de data 1 de outubro de 2018 .

IV) INFORME DO SERVIZO :

Na Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo aprobada por acordo plenario de data 9 de febreiro de 2015 e modificada por acordos plenarios de datas 5 de setembro de 2018 e 30 de marzo de 2022, no Título VII “ Réxime Económico” artigo 42 se establece que:

“ a prestación do servizo de taxi estará suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitiran unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial “

“ as tarifas poderán ser revisadas periodicamente o de maneira excepcional cando se producise unha variación dos custos que altere significativamente o equilibrio económico da actividade “

“ e engade, en tanto non se fixe pola Xunta de Galicia unha estrutura harmonizada das tarifas, a oportunidade e necesidade de proceder a revisión tarifaria do servizo de taxi, debe ser xustificada polas Asociacións solicitantes , mediante a

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 75 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

presentación dun estudio económico do sector que xustifique o incremento proposto , incremento que que una vez xustificado non poderá superara o IPC do transporte da comunidade autónoma galega “

No artigo 40 nº 1, 2 e 3 da Lei de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia, se establece que:

“ a prestación do servizo de taxi estará suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitiran unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial “

“ a Consellería competente en materia de transporte en vehículos de turismo, oído o Concello Galego de Transportes, poderá establecer unha estrutura harmonizada das tarifas de taxi aplicable no conxunto da comunidade autónoma, determinando os conceptos desta estrutura, cuxa cuantificación corresponderá efectuar aos concellos para os seus respectivos ámbitos competenciais.

“ as tarifas poderán ser revisadas periodicamente o de maneira excepcional cando se producise unha variación dos custos que altere significativamente o equilibrio económico da actividade “

E no numero 4 do citado artigo se establece que:

“as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi serán fixadas polos concellos”

De conformidade co disposto no artigo 46 nº 1 do vixente Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia publicado no Diario Oficial de Galicia de data 1 de outubro de 2018:

“ De acordo co establecido no artigo 40.3 da Ley 4/2013 de 30 de maio , as tarifas poderán ser revisadas por períodos que serán anuais con carácter xeral. En este sentido, as tarifas aprobadas e/o as súas revisións entrarán en vigor e serán exixibles as persoas usuarias a partir do primeiro día de xaneiro do ano posterior a sua aprobación”

E no artigo 46 nº 2 do vixente Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia publicado no Diario Oficial de Galicia de data 1 de outubro de 2018:

“ tamén se poderán revisar as tarifas excepcionalmente cando se produza unha variación nos custes que altere significativamente o equilibrio económico da actividade. Estas revisións excepcionais no estarán suxeitas a limitacións temporais para entrar en vigor.”

Como queira que a Xunta de Galicia aínda non establezo unha estrutura harmonizada das tarifas de taxi aplicable no conxunto da comunidade autónoma galega, para a revisión de tarifas estarase ao disposto no artigo 42 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo.

PROPOSTA FORMULADA : ESTUDO ECONÓMICO

Na proposta formulada pola Sociedad Cooperativa Gallega de Auto-taxis y Gran turismo de Vigo y provincia de Pontevedra, e a Asociación Provincial de Autopatronos del Taxi de Pontevedra, xustifican o incremento solicitado mediante a presentación dun estudio económico





CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

do sector facendo un estudo sobre os custes do servizo no ano 2025 (44.468 €) e que comparados cos custes do ano 2024 (41913,36 €), obrantes no expediente de revisión de tarifas para o ano 2025 supón un incremento dun 6,09% e propoñen aplicar para a revisión das tarifas vixentes, un 1 %, porcentaxe que segundo describen, e moi inferior ao incremento dos gastos, pero consideran que non poden repercutir a totalidade do incremento que procedería, aos usuarios do taxi.

Polo exposto, procedese a analizar os custes de actividade presentados :

ESTUDO DE CUSTES DO ANO 2025

1 CUSTES DE PERSOAL

SALARIO MENSUAL

ANO 2025 : 1458,33,00 € por 12 mensualidades = 17.500 €

RÉXIME DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS

ANO 2025: Réxime Especial de Traballadores Autónomos Ano 2025= 3.571,00 €

TOTAL CUSTES DE PERSOAL ANO 2025 : 21.071,00 €

2 CUSTES DE EXPLOTACIÓN

Imposto Municipal de Vehículos.....	143,88 €
ITV Vehículo e taxímetro.....	67,22 €
Seguro Vehículo, custe medio	2.760,00 €
Varios (asesoría –xestoría.....)	525,00 €
Outros Gastos (asociación, compras).....	300,00 €
Impostos	600,00 €
Emisora Radiotaxi	1.050,00 €

TOTAL CUSTES DE EXPLOTACIÓN ANO 2025: 5.446,10€

3 CUSTES DO VEHÍCULO

CARBURANTES: a un prezo medio actual de 1,445 €/litro en 2025 e un consumo del 8%, resulta:

$$1.445 \times (8/100) \times 35000 \text{ kms} = 4046,00 \text{ €}$$

ACEITE: considerando un consumo de 1 litro cada 2500 quilómetros e 15,00 € en el ano 2025, resulta:

$$35000 / 2500 \times 1 \times 15,00 = 210,00 \text{ €}$$

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 77 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

PNEUMÁTICOS: 1 cambio de 4 rodas ao ano a un prezo estimado de 135 € para o ano 2024 resulta:

$$135 \times 4 = 540 \text{ €}$$

AMORTIZACIÓN E INTERESES: considerando un prezo medio para un vehículo utilizado no sector con un importe de 23.000,00 € para o ano 2025 e una vida media de 6 años y un 6% de intereses, resulta:

$$25.000,00 / 6 = 4.166,66 + 1.500,00 = 5.666,66 \text{ €}$$

REPARACIÓNS E MANTEMENTO: Tendo en consideración un 15 % sobre o valor de compra del vehículo, resulta:

$$25.000,00 \times 15\% = 3.750,00 \text{ €}$$

LAVADO: Un lavado integral cada 7 días a 18€, resulta:

$$365/7 \times 18 \text{ €} = 938,57 \text{ €}$$

TAXÍMETRO, MÓDULO INDICATIVO DE TARIFAS, IMPRESORA Y SISTEMA GESTIÓN DE FLOTAS cos seguintes prezos:

Año 2025

Taxímetro: 375,00 €

Indicador Luminoso: 357,00 €

Impresora: 338,80 €

Tablet / Smartphone: 200,00 €

Bluetooth: 125,00 €

Mano de Obra Instalación: 300,00 €

Calculado sobre una vida útil de 6 años= $1695,80 / 6 = 282,63\text{€}$

TOTAL GASTOS DO VEHÍCULO = 15.433,86 €

AÑO 2025:

Gastos de Persoal: 21.071,00 €

Gastos de Explotación: 5.446,10 €

Gastos do Vehículo: 15.433,86 €

TOTAL DE GASTOS: 41.950,96€

Marxe de beneficio empresarial 6%: 2.517,06€

TOTAL AÑO 2025: 44.468,00 €

Si poñemos estas cifras en relación co ano 2024 onde os custes totais eran de 41.913,36 €, nos encontramos con que o aumento dos gastos foi dun 6,09 %.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 78 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

Esta cifra reflexa que o importe porcentual de subida que estamos a pedir é inferior a o que realmente subiron nosos custes de explotación.

INGRESOS ESTIMADOS COA TARIFA PROPOSTA

1. Quilómetros percorridos ao ano: 36.500 Qms. De este total estableceremos una proporcionalidade sobre as horas de aplicación de cada unha das tarifas existentes, do que resulta:

Qms percorridos en Tarifa 1 (75%) = 27.375 kms.

Qms percorridos en Tarifa 2 (25%)= 9.125kms.

2. Quilómetros percorridos en vacío: Se establece como media un 40%.

$36500 \text{ kms} \times 40\% = 14.600 \text{ km/año}$ recorridos en vacío.

3. Quilómetros percorridos en servizo:

$36.500 - 14.600 = 21.900 \text{ km/año}$.

4. Horas totais traballadas: Vamos a calcular un cómputo horario de 2610,00 horas/ ano, para o titular do taxi.

5. Servizos día: consideramos a proporcionalidade das horas nas cales se veñen aplicando as distintas tarifas respecto a os servizos que se realizan durante o día, resultando,

Servizos realizados en un día = 15 servizos

Servizos en tarifa diúrna(75%) = 11 servizos

Servizos en tarifa nocturna(25%)= 4 servizos.

6. Xornadas traballadas durante o ano:..... 290 días / ano.

7. Servizos por ano: 290 días x 15 servizos/día= 4.350 servizos.

8. Duración media do servizo: 15 minutos.

9. Tempo de espera en servizo: 15 %.

10. Tempo en servizo: $4350 \times 15 : 60 = 1087,50$ horas.

11. Tempo de paradas, esperas e retornos vacío= $2610 - 1087,50 = 1522,50$ horas

12. Tempo parado en servizo (ocupado)= 15% de 1087,50= 163,12 horas.

INGRESOS ESTIMADOS COA TARIFA PROPOSTA E SEGUNDO OS DATOS ESTADÍSTICOS APORTADOS

Ingresos por Percepción Mínima:

$290 \text{ días} \times 11 \text{ servizos/día} \times 4,26 \text{ €} = 13.589,40 \text{ €}$

$290 \text{ días} \times 4 \text{ servizos/día} \times 4,51 \text{ €} = 5.231,60 \text{ €}$

Ingresos por quilómetro:

$*29.801 \times 0,60 \times 0,75 \times 1,14 \text{ €} = 15.287,91 \text{ €}$

$*29.801 \times 0,60 \times 0,25 \times 1,30 \text{ €} = 5.811,19 \text{ €}$

Ingresos por hora de espera:

$163,12 \times 0,75 \times 23,91 \text{ €} = 2.925,15 \text{ €}$

$163,12 \times 0,25 \times 26,04 \text{ €} = 1.061,91 \text{ €}$

INGRESOS OBTIDOS COA TARIFA SOLICITADA 43.907,16 €

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 79 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

TOTAL INGRESOS OBTIDOS COA TARIFA SOLICITADA	43.907,16 €
TOTAL DE CUSTES PREVISTOS PARA O AÑO 2025	44.468,00 €
% DIFERENCIA -1,28 %	

CONSIDERACIÓNS SOBRE A SOLICITUDE

A vista do anterior formúlanse as seguintes precisións :

1. En relación coa comprobación dos gastos de persoal se establece o salario anual fixado no IX Convenio Colectivo Nacional para o sector de Auto-Taxis publicado no BOE de data 18 de agosto de 2025 (17.500 €) e o custe do réxime de autónomos, axústase en termos xerais á cantidade media aplicable .
2. Os custes de explotación, considéranse normais, englobando os conceptos de seguros, impostos, emisora. etc.
3. O marxe do beneficio empresarial considerase que é correcto de acordo co beneficio empresarial xeral que é dun 6 % .
4. En relación aos custes do vehículo, pola súa significación económica no peso total de custes de actividade, é conveniente facer a seguinte análise:

De conformidade cos índices oficiais publicados polo Ministerio para la transición electrónica y el reto demográfico, sobre a evolución dos prezos do gasóleo e gasolina comprobase que a media dos prezo do “gasóleo automoción” e “ gasolina “ do período setembro 2024– agosto 2025 e de 146,393 € , polo que considerase correcto o prezo proposto como medio.

Calculando os ingresos coas propostas relativas as tarifas mínimas os ingresos previstos serían 41.219,46 €

Ingresos por Percepción Mínima:

290 días x 10 servizos/día x 4,210€ =12.108 €

290 días x 4 servizos/día x 4,45 € =5 162 €

E a diferenza entre os ingresos e os gastos serían -1,69€

Así mesmo comprobase que o IPC de transporte da Comunidade Autónoma Galega é dun 1 % no mes de agosto, último índice publicado con anterioridade a data de presentación da solicitude de tarifas.

A solicitude de revisión de tarifas presentada, consistente nun incremento nas tarifas vixentes dun 1%, e equivalente ao IPC do servizo de transportes da Comunidade Autónoma Galega do mes de agosto, último índice publicado, polo que pode informarse favorablemente a citada proposta, ao non exceder a solicitude do citado índice de conformidade co disposto na normativa de aplicación, coas modificacións seguintes derivadas da aplicación do redondeo: tarifa mínima na tarifa 1, 2,25 € en vez dos 2,26 € propostos , e 2,65 € no suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro en vez dos 2,64 € propostos.

V) TRAMITE DE AUDIENCIA

Na data 13 de novembro de 2025 foi emitido informe sobre a solicitude presentada polo servizo xestor, do cal deuse traslado ás asociacións profesionais de empresarios e traballado-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 80 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

res do sector e ás dos consumidores e usuarios, de conformidade co establecido no artigo 42 da vixente Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo, concedendolles o preceptivo tramite de audiencia durante o prazo de 10 días hábiles para a presentación de alegacións; durante o prazo concedido ao efecto non foi presentada ningunha alegación.

VI) INFORME DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE VEHÍCULOS

Solicitado informe a ITV sobre o viabilidade de programación do taxímetro coas modificacións propostas, informan que o tempo mínimo correspondente a tarifa 1 seria 291,794 segundos e o tempo correspondente a tarifa 2 seria 197,696 segundos, mantendo tódolos demais parámetros constantes, para que o taxímetro poida ser programado de conformidade co disposto no artigo 3.1.3.do Real Decreto 159/82;

Na data 29 de outubro de 2022 a Asociación Provincial de autopatronos del taxi de la provincia de Pontevedra manifestan que recibiron en febreiro pasado a seguinte indicación do servizo de Metroloxía da Xunta “ cando se propoñan tarifas que no se inclúan os segundos iniciais, que se poña simplemente “ os que correspondan “ que poñer mais datos que os os metros iniciais pode levar a un error na confección da tarifa .

A vista do citado escrito, e efectuada consulta na ITV, informan que a os metros lle corresponden uns determinados segundos polo que non e preciso facer figurar os segundos.

Ao presente expediente e de aplicación o disposto na Orden de 26 de febreiro de 1993 pola que se modifica o réxime de prezos de determinados bens e servizos

O presente expediente non esta sometido a informe de fiscalización como informou a Intervención no expediente 4380-449 de revisión de tarifas para o ano 2024 por no supoñer aprobación ou autorización de gastos.

Polo exposto considerase que de conformidade co disposto no artigo 42 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo, e no artigo 46 nº 1 e nº 2 do vixente Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia, pode propoñerse a Xunta de Goberno Local, órgano competente para informar a revisión das tarifas de taxi para o ano 2026, aplicándose un incremento de 1 % porcentaxe que e menor que o incremento dos custes da actividade 2024- 2025 que e dun 6,09 % e que se corresponde co IPC do transporte da Comunidade Autónoma Galega, cos prezos revisados que se contén na seguinte proposta :

PRIMEIRO: Informar favorablemente a revisión de tarifas de taxis da cidade de Vigo para o ano 2026, sendo os prezos propostos IVE incluído os seguintes:

TARIFA 1(días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Concepto	Euros (IVE incluído)
Tarifa mínima (1.700 metros ou tempo equivalente)	4,25
Qm. percorrido	1,14
Hora de espera	23,91

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 81 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Suplemento aeroporto	5,31
Suplemento lfevi	3,71
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,68

TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Concepto	Euros
Tarifa mínima (1100 metros ou tempo equivalente)	4,51
Qm. percorrido	1,30
Hora de espera	26,04
Suplemento aeroporto	5,31
Suplemento lfevi	3,71
Maletas y vultos análogos(con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias)	0,68

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro (dende as 00.00 ata as 10.00): 2,65€

Suplemento por persoa a partir da sexta praza: 0,62 €

SEGUNDO : Remitir o expediente á Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia para dar cumprimento ao disposto na vixente lexislación en materia de prezos autorizados.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Proposta de suspensión da execución do contrato do servizo de formación específica (curso selectivo) para funcionarios de novo ingreso do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo. Expte. 7304/213.

.- Proposta de aprobación definitiva da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo para o ano 2025. Expte. 46152/220.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 82 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

- .- Adxudicación da contratación do servizo de deseño e produción de 5 carrozas para a Cabalgata de Reis 2026. Expte. 10495/335.
- .- Adxudicación da contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos reis magos no nadal 2025 – 2026. expte. 10496/335.
- .- Expediente de contratación do subministro dos rótulos identificativos das vías públicas municipais. Expte. 63989/234.
- .- Corrección de erros no prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro para adquisición da obra "Barca Espacial" do pintor José Otero Abeledo "Laxeiro". Expte. 7850/337.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

20(918).- PROPOSTA DE SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA (CURSO SELECTIVO) PARA FUNCIONARIOS DE NOVO INGRESO DO SERVIZO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7304/213.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe-proposta de data 04/12/2025, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios, o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade e conformado polo concelleiro da Área de Goberno , que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

1. Con data 25/08/2025 formalizouse o contrato administrativo de servizos tramitado baixo o expediente **7304/213**, cuxo obxecto é a *"prestación do servizo de formación"*

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 83 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

específica – curso selectivo – para os/as bombeiros/as, condutores/as-bombeiros/as, cabos e sarxentos/as de novo ingreso encadrados/as na primeira e segunda fase das ofertas de emprego público dos anos 2020-2021-2022 e para a cobertura das vacantes xeradas nas OEP 2023-2024”.

2. Nos pregos do contrato (cláusula Sexta) establécese un prazo de execución de **24 semanas**, contado desde o día seguinte ao da sinatura do contrato pola Concelleira delegada de Contratación. En consecuencia, a data prevista de finalización da execución sitúase no día **10 de febreiro de 2026**.
3. A necesidade e idoneidade do contrato xustificouse na fase interna do expediente, acreditándose a vinculación directa do curso selectivo coa fase de prácticas e formación específica do persoal funcionario de novo ingreso no SPEIS e garantindo, mediante pregos e declaración da Xefatura do Servizo, o respecto aos principios de igualdade, non discriminación e publicidade propios da contratación pública.
4. O desenvolvemento efectivo do curso selectivo e, polo tanto, da execución do contrato, está condicionado á finalización dos procesos selectivos de acceso ás prazas de bombeiros/as, condutores/as-bombeiros/as, cabos e sarxentos/as correspondentes ás OEP 2020-2021-2022 e 2023-2024, así como ao nomeamento das persoas aspirantes como persoal funcionario en prácticas.
5. Como consecuencia de atrasos sobrevidos na tramitación das ofertas de emprego público indicadas, na actualidade os procesos selectivos aínda se atopan en fase de tramitación, sen que, na data deste informe, se producisen aínda os nomeamentos de persoal funcionario en prácticas.
6. Co fin de contar con información precisa e actualizada, **solicítouse informe ás Secretarías dos tres procedementos selectivos en curso**, requirindo que indicasen a data de inicio do primeiro exame e o estado actual de tramitación de cada OEP, para valorar a procedencia de acordar a suspensión da execución do contrato.
7. Á vista dos informes emitidos polas devanditas Secretarías:
 - DOC.250340254 (ref. Exp. 45409-220) e DOC250340276 (ref. Exp. 43471/220) de data 26/11/2025 correspondentes ao proceso selectivo dúas prazas de Sarxento extinción de incendios, pertencentes á escala de Administración Especial, subescala Servizos especiais e clase Servizo de extinción de incendios, mediante o sistema de concurso-oposición, en quenda libre,
 - DOC. 250343192 (ref. Exp. 45410/220) de data 01/12/2025 correspondente ao proceso selectivo de 23 prazas de bombeiro/a, C2 e clase Servizo de Extinción de Incendios, mediante o sistema de concuro-oposición, en quenda libre,
 - DOC. 250343718 (ref. Exp. 45411/220) de data 01/12/2025 correspondente ao proceso selectivo de 7 prazas de condutor/a-bombeiro/a, C2 e clase Servizo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 84 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

Extinción de Incendios, mediante o sistema de concurso-oposición, en quenda libre.

confirmase que, na data deste informe, non se dan aínda as condicións materiais necesarias para o inicio do curso selectivo previsto no contrato, nin resulta razoable prever a súa realización completa dentro do prazo de execución actualmente vixente, atendendo ao estado dos procesos selectivos.

8. Considerando o estado actual dos procesos selectivos e co obxecto de evitar o esgotamento do prazo de execución sen destinatarios efectivos do curso, esta Xefatura estima procedente propoñer un período inicial de **suspensión da execución do contrato comprendido entre o 05/12/2025 e o 15/02/2026, ambas datas incluídas**, quedando o levantamento da suspensión condicionado á evolución dos procesos selectivos e ao nomeamento do persoal en prácticas.
9. No relativo á programación económica do contrato, de acordo co informe de anualidades emitido pola Xefatura do Servizo de Bombeiros de data 20/10/2025 (DOC. 7304-213, anualidades), o importe total do contrato ascende a 202.234,52 €, distribuído inicialmente en dúas anualidades: 154.083,44 € no exercicio 2025 e 48.151,08 € no exercicio 2026. **Como consecuencia da suspensión proposta e da imposibilidade material de execución durante o exercicio 2025, prevese que neste exercicio non se realice gasto con cargo ao contrato, polo que se solicita que a anualidade prevista para 2025 se re programe no exercicio 2026**, de forma que a execución económica total do contrato se concentre no ano 2026, pasando de 154.083,44 € en 2025 e 48.151,08 € en 2026 a 0,00 € en 2025 e 202.234,52 € en 2026.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS (INFORME XURÍDICO)

1. Competencia e procedemento

A contratación rexe pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), pola normativa de contratación do Concello de Vigo e polos pregos que rexen o contrato. O artigo 29 LCSP regula a duración dos contratos e o cómputo do prazo de execución.

Ao abeiro do establecido na disposición adicional segunda, apartado 4, da LCSP e na normativa orgánica municipal, a competencia como órgano de contratación corresponde, neste caso, á Xunta de Goberno Local, facultada para acordar as decisións relativas á execución do contrato, incluída a suspensión temporal, conforme ao réxime xeral de efectos, cumprimento e extinción previsto na LCSP e ao principio de autotutela declarativa da Administración.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 85 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A suspensión debe adoptarse mediante resolución motivada, con constancia da causa, data de efectos e consecuencias sobre o prazo de execución, así como da audiencia ao contratista cando proceda.

2. Réxime xeral da suspensión

A LCSP contempla a suspensión temporal da execución nos arts. 208 a 213, cando existan causas que impidan continuar a prestación e concorran razóns de interese público.

No ámbito específico deste contrato de servizos, a cláusula 34 ("Suspensión do contrato") do PCAP e do contrato formalizado para o EXP. 7304/213 prevé expresamente que o órgano de contratación poderá acordar a suspensión da execución cando circunstancias sobrevindas o aconsellen, por razóns de interese público ou nos demais supostos previstos na LCSP, debendo aboar, nos casos legalmente establecidos, os danos e perdas que efectivamente se lle causen ao contratista consonte o artigo 208.2 LCSP.

Así mesmo, de conformidade co número 2 da citada cláusula 34 e co artigo 208.1 LCSP, deberá estenderse a correspondente acta de suspensión na que se consignen as circunstancias que a motivan e a situación de feito na execución do contrato.

3. Adecuación ao caso concreto

A execución do contrato depende materialmente da existencia de **persoal nomeado en prácticas**, condición que non se cumpre na actualidade por atrasos nos procesos selectivos, alleos ao contratista.

De non adoptarse medida algunha, o prazo continuará correndo ata a data prevista no antecedente 2, podendo producirse o seu esgotamento sen destinatarios para o curso. No ámbito dos contratos de servizos, o art. 313.a) LCSP prevé incluso a resolución do contrato cando, por causa imputable á Administración, non poida iniciarse a prestación no prazo de catro meses, o que reforza a necesidade de acordar unha suspensión temporal.

A medida é proporcionada, evita un prexuízo inxustificado ao contratista e garante unha execución eficaz e acorde coa finalidade do contrato.

4. Efectos da suspensión

A suspensión da execución terá carácter total, dado que ningunha das actividades previstas é viable sen persoal en prácticas.

O período inicial de suspensión que se propón comprende dende o 05/12/2025 ata o 15/02/2026, ambas datas incluídas. Durante ese tempo:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 86 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

- interrómpe-se o cómputo do prazo de execución de 24 semanas, que se ampliará polo tempo efectivo da suspensión;
- mantéñense inalteradas as demais condicións do contrato;
- de poder acreditarse danos derivados directamente da suspensión, poderase tramitar, se procede, o correspondente expediente de indemnización, nos termos da LCSP e da cláusula 34 do PCAP e do contrato.

Tendo en conta o exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral, **PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar a suspensión total da execución do contrato de servizos tramitado baixo o Exp. 7304/213 polo período comprendido entre o 05/12/2025 e o 15/02/2026, ambas datas incluídas, por imposibilidade temporal de execución derivada da non finalización dos procesos selectivos de acceso ao SPEIS (OEP 2020-2021-2022 e 2023-2024) e da inexistencia, na actualidade, de persoal funcionario en prácticas destinatario do curso selectivo.

Segundo.- Que na resolución se faga constar expresamente que:

- durante a suspensión **queda interrompido o cómputo do prazo de execución**, que se ampliará polo tempo equivalente á suspensión efectiva;
- mantéñense inalteradas todas as demais condicións do contrato, sen prexuízo das modificacións que poidan tramitarse, de ser necesarias, conforme á LCSP;
- a suspensión non é imputable ao contratista, sen prexuízo da posibilidade de recoñecer, se procede, a indemnización polos danos efectivamente acreditados.

Terceiro.- Que se proceda á **notificación da resolución ao contratista**, así como á incorporación da mesma ao expediente de contratación, realizándose, se é o caso, as comunicacións que resulten procedentes ao Tribunal de Contas ou órgano de fiscalización externo competente, de conformidade coa normativa de contratación pública.

Cuarto.- Que, para os efectos de programación orzamentaria, se adapte a previsión de anualidades do contrato EXP. 7304/213, deixando sen executar a anualidade correspondente ao exercicio 2025 dotando a partida orzamentaria do 2026 con importe suficiente antes da data de inicio do contrato, de xeito que a execución económica do contrato se realice integramente no exercicio 2026, pasando de 154.083,44 € no exercicio 2025 e 48.151,08 € no exercicio 2026 a 0,00 € no exercicio 2025 e 202.234,52 € no exercicio 2026.

Vigo, na data que figura ao marxe deste documento asinado electronicamente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 87 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

21(919).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2025. Expte. 46152/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta data 02/12/2025, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola titular de Asesoría Xurídica, a concelleira delegada de Recursos Humanos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Antecedente 1.- O Pleno da Corporación Municipal de Vigo, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de decembro de 2024, aprobou con carácter definitivo o Orzamento Xeral do Concello de Vigo, que deberá rexer durante o exercicio do ano 2025, así como o do seu Organismo Autónomo Administrativo "Xerencia Municipal de Urbanismo" e Anexos dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU, xunto cos estados consolidados dos mesmos, sendo publicado no BOPPO núm. 250, de 27 de decembro 2024.

Antecedente 2.- Por resolución de data 12/02/2025 ordénase a incoación de expediente administrativo para a elaboración e conseguinte aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2025, tramitado co número 46.152-220.

Antecedente 3.- Solicitada a emisión de informe técnico en data 21/02/2025, consta a emisión do mesmo o 15/04/2025.

Antecedente 4.- No marco do proceso de diálogo social entre as partes lexitimadas para a negociación colectiva no Concello de Vigo, foi celebrada sesión ordinaria da mesa xeral de negociación en data 5 de maio do 2025. Sometida a votación a proposta técnica de RPT recollida no trámite 14 do expediente, e nos termos do recollido na certificación da Secretaria da Mesa (trámite 31 do expediente) consta como resultado da votación a seguinte:

Votos a favor, Concello (4)

Votos en contra: ningún

Abstención: SICO- CSIF (1,3) UXT (1,00), CCOO (0,9), CIG (0,8).

Antecedente 5.- En data 09/05/2025 solicítase novo informe técnico respecto das modificacións/e ou correccións tratadas no proceso de diálogo social, sendo emitido tal



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 88 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

informe en data 04/06/2025 (trámite 39 do expediente)

No dito informe incorpórase anexo coa relación de postos de traballo para o ano 2025, que se reproduce na súa literalidade no ANEXO I da parte dispositiva do presente informe.

Antecedente 6.- En data 27/06/2025 emítese informe-proposta de acordo de aprobación inicial da RPT para o ano 2025, con carácter previo aos informes preceptivos da Asesoría Xurídica Municipal e da Intervención Xeral Municipal.

Antecedente 7.- En data 18/07/20205 emítese informe pola Titular da Asesoría Xurídica Municipal (trámite 47 do expediente)

Antecedente 8.- En data 21/07/2025 emítese novo informe-proposta de acordo de aprobación inicial da RPT para o ano 2025, con nota de conformidade da Asesoría Xurídica Municipal.

Antecedente 9.- En data 20/08/2025 o expediente fiscalízase favorablemente pola Intervención Xeral Municipal.

Antecedente 10.- A Xunta de Goberno Local, en data 05/09/2025, acordou aprobar inicialmente a RPT para o ano 2025, constando publicado anuncio no BOPPO nº 174, do venres 12 de setembro do 2025, iniciándose o período de exposición pública por un prazo de 20 días.

Antecedente 11.- Consta certificado de exposición ao público entre o 12/09/2025 e o 10/10/2025 (trámite 107)

Antecedente 12.- Durante o prazo indicado constan presentadas as alegacións seguintes, segundo certificación do rexistro xeral do Concello obrante no expediente (trámite 113) e na cal literalmente certifícase (Nota: anonimízanse os datos persoais):

"Que no BOP de Pontevedra nº 174 de data 12 de setembro de 2025, publicouse o anuncio en relación ao "EXPEDIENTE DE PROPOSTA DE APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE VIGO (RPT) 2025. EXPTE. 46152/220".

Someteuse a información pública polo prazo de vinte días (10/10/2025), a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Os interesados no mencionado prazo puideron examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Consultado o rexistro electrónico deste Concello (por palabras e número de expediente), presentaron as seguintes alegacións:

DOCUMENTO DATA APELIDOS E NOME/RAZÓN SOCIAL

250266532 29/09/2025 VILABOY FREIRE, M.P.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 89 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

250269091 01/10/2025 NUÑEZ ABOY, M.

250273302 06/10/2025 NUÑEZ ABOY, M.

250277747 08/10/2025 PEDROSA LEIS, C. (COLEGIO OFI. LIC. EDU. FÍSICA)

250278822 09/10/2025 MARTINEZ RAMOS, E. (SINDICATO CUT)

250279122 09/10/2025 CASIPOL

250279177 10/10/2025 JORGE ALVAREZ, M.

250279532 10/10/2025 ALONSO REGUEIRO, I. (SINDICATO CIG)

250279468 10/10/2025 CRESPO HARRISON, A.A.

250279852 10/10/2025 NUÑEZ ABOY, N.M.

250279851 10/10/2025 GONZALEZ, M.E.

250279972 10/10/2025 ENTENZA GARCIA, T.

250280107 10/10/2025 ELVIRA MUÑIZ, T.

250280014 10/10/2025 SICO

250280290 10/10/2025 SICO

250280298 10/10/2025 SICO

E para que conste, e para os efectos de unilo ao seu expediente, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Concelleira de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, en Vigo na data que figura ao marxe do documento

En base a elo, procede a análise e informe das mesmas, aos efectos de que polo órgano municipal competente se poda proceder á estimación ou desestimación parcial, así como á conseguinte aprobación definitiva da relación de postos de traballo 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- SOBRE A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.

Os artigos 90.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime Local (LRBRL) e 126 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes (TRRL) en materia de Réxime Local impoñen ás administracións locais a elaboración dunha relación dos postos de traballo existentes nas súas organizacións que deberán incluír, en todo caso, a denominación e características esenciais dos postos, as retribucións complementarias que lles correspondan e os requisitos esixidos para o seu desempeño.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 90 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP) recolle no seu artigo 70 que no marco das súas competencias de autoorganización, as administracións públicas estruturarán os seus recursos humanos daccordo coas normas que regulan a selección, a promoción profesional, a mobilidade e a distribución de funcións conforme ao previsto neste capítulo.

Igualmente, no seu artigo 74 sinala que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, ao menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que están adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias.

E o artigo 38 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG) establece que:

"1. A relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

2. A través da respectiva relación de postos de traballo, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

3. Os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.

4. As relacións de postos de traballo incluírán, como mínimo, por cada posto: o código alfanumérico, a denominación e a natureza xurídica; a clasificación profesional; o sistema de provisión; a adscrición orgánica; o complemento retributivo do posto; os requisitos, os méritos, as capacidades e, de ser o caso, a experiencia ou categoría profesional para a súa provisión; e calquera outra circunstancia relevante para a súa provisión nos termos previstos regulamentariamente.

5. As relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non superarán o sete por cento do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral, respectivamente, salvo que por convenio entre as administracións públicas interesadas se estableza unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade."

En consecuencia, a RPT preséntase como un instrumento técnico a través do cal se efectúa a ordenación do persoal, na procura de garantir un funcionamento óptimo da organización e de tódolos seus servizos, de acordo cos principios de racionalidade, coordinación, eficacia, calidade e economía do gasto que rexen nas administracións públicas.

A aprobación da RPT, que corresponde a Xunta de Goberno Local, constitúe unha manifestación da potestades públicas de autoorganización e de planificación das que goza a Administración Local, recollidas no artigo 4.1 da LRBRL que se ben ten un marcado carácter discrecional, deberán en todo caso exercerse en forma motivada e dentro do respecto aos

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 91 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

principios de legalidade e de interdicción da arbitrariedade que debe rexer toda actuación administrativa e de goberno municipal (artigos 9.1 e 103.1 da Constitución Española de 1978); e, polo tanto, co obrigado cumprimento dos requisitos e límites recollidos na normativa vixente que resulte de aplicación, tanto de natureza material ou substantiva como no tocante ao procedemento de aprobación. Neste senso a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), do 18 de abril de 2012: “(...), en cada *Relación de Puestos de Trabajo* se determina el perfil objetivo de cada puesto con sus principales características y forma de provisión, y ello atendiendo al programa elaborado por la Administración para el desarrollo de cada servicio público, en que confluyen las facultades discrecionales de organización que corresponden a la misma. En efecto, corresponde a la Administración tomar la iniciativa de la elección entre las diversas opciones razonables en presencia en cada supuesto, por ser competencia de quien gobierna,..”.

-Conforme ao disposto no artigo 202.3 da LEPG, o acordo de aprobación definitiva publicárase no Boletín Oficial da Provincia e remitírase copia do mesmo aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Comunidade autónoma de Galicia.

-Respecto a natureza xurídica da RPT, a posición doutrinal e xurisprudencial tivo una evolución cambiante, á que veu a poñer fin a Sentenza do 5 e 7 de febreiro de 2014, Rec. 2986/2012 ditada polo Tribunal Supremo. Nela ponse fin á dualidade mantida en canto á consideración da RPT como disposición de carácter xeral e como acto administrativo, no plano procesual e no material respectivamente, para pasar a considerar o devandito instrumento como un acto ordena. Concretamente a sentenza determina “Sobre esa base, y en la alternativa conceptual de la caracterización como acto administrativo o como norma, entendemos que lo procedente es la caracterización como acto, y no como norma o disposición general. Tal caracterización como acto, según se ha expuesto antes, es por lo demás la que ha venido proclamándose en la jurisprudencia (por todas reiteramos la cita de las sentencias de 19 de junio de 2006 y la de 4 de julio de 2012 y 10 de julio de 2013), aunque lo fuera en referencia al plano sustantivo, al diferenciarlo del procesal”.

O artigo 4.1 do Real Decreto 861/1986 do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local, establece que:

“1. El complemento específico está destinado a retribuir las condiciones particulares de algunos puestos de trabajo en atención a su especial dificultad técnica, dedicación, incompatibilidad, responsabilidad, peligrosidad o penosidad. En ningún caso podrá asignarse más de un complemento específico a cada puesto de trabajo, aunque al fijarlo podrán tomarse en consideración conjuntamente dos o más de las condiciones particulares mencionadas que puedan concurrir en un puesto de trabajo.”

2. “El establecimiento o modificación del complemento específico exigirá, con carácter previo, que por la Corporación se efectúe una valoración del puesto de trabajo atendiendo a las circunstancias expresadas en el número 1 de este artículo”.

Sínálase a este respecto a actual execución do contrato de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (expediente nº 43.010-220)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 92 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

Por outro lado, cómpre sinalar que, a disposición transitoria sexta do Real Decreto-lei 6/2023, de 19 de decembro, por el que se aprueban medidas urgentes para la ejecución del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia en materia de servicio público de justicia, función pública, régimen local y mecenazgo, realizou unha modificación dos intervalos de niveis correspondentes aos subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario de carreira fixados en no artigo 76 do TREBEP.

Neste senso, o artigo 3 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril xa citado remite a que os intervalos de niveis dos postos de traballo dos funcionarios de Administración Local serán os que en cada momento se establezan para os funcionarios de la Administración do Estado, resultando de aplicación a modificación efectuada á relación de postos de traballo municipal.

II.- OBXECTO DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DO CONCELLO DE VIGO 2025.

A presente modificación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo (RPT) 2025 ten por obxecto principal a actualización conforme ás modificacións introducidas pola aprobación dos orzamentos municipais vixentes para 2025.

O cadro de persoal (ou plantilla), figura entre a documentación técnica incorporada ao capítulo I dos orzamentos de gastos municipais, sendo unha manifestación da potestade de auto-organización das corporacións locais, recoñecida no artigo 4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL). O mesmo forma parte do orzamento, vinculando as políticas de xestión de persoal da corporación e converténdose en un elemento imprescindible para dar cumprimento á legalidade orzamentaria, indicando os postos que poden cubrirse coas dotacións orzamentarias dispoñibles. Ao mesmo tempo configúrase tamén como un límite negativo, xa que non poden crearse, nin cubrirse, postos ou prazas que non estean dotadas orzamentariamente.

Deste xeito, o artigo 90 da citada LRBRL, dispón que lle corresponde a cada Corporación aprobar anualmente a través do Orzamento, a plantilla que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual e deberá responder aos principios de racionalidade, economía, e eficiencia, e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan sobrepasar os límites que se fixen con carácter xeral.

Á súa vez, o artigo 126 do RDLex. 781/86, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establece que as plantillas deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a persoal funcionario, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do orzamento e responder aos principio do mencionado artigo 90 da LRBRL.

O RDLex 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, TREBEP, non recolle expresamente o concepto de plantilla ou cadro de persoal, aínda que no seu artigo 73.3 establece que os postos de traballo poderán agruparse en función das súas características para ordear a selección, a formación e mobilidade. Conxuntamente, inclúense na presente proposta as correccións dos erros materiais detectados na vixente RPT 2023 con respecto a anterior do ano 2022 e que non foran obxecto de modificacións expresas.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 93 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En relación cos restantes contidos, que se manteñen, remitímonos ao informe-proposta da memoria xustificativa que motivou a RPT de 2022, accesible no Portal de Transparencia <https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>

Asemade, nos aspectos non modificados respecto da RPT de 2024 haberá que atender á motivación do acordo de aprobación e documentos nel sinalados accesible no Portal indicado.

En relación coa necesidade dunha análise, avaliación e revisión da RPT no seu conxunto, e tal e como se ten exposto, infórmase que consta a adxudicación e conseguinte formalización de contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a a revisión da RPT, guías de funcións, estruturas organizativas e funcionais con perspectiva de xénero, e avaliación de suficiencia dotacional (expediente 43010/220); contrato actualmente en execución, e cuxo prazo remata no mes de abril do 2026.

Por tanto, a proposta ten por obxecto a procedente adaptación ao marco orzamentario 2025, así como a emenda de erros e desaxustes detectados respecto do instrumento aprobado en 2024.

III.- SOBRE A MOTIVACIÓN TÉCNICA DA PROPOSTA DE RPT INICIALMENTE APROBADA.

No relativo aos aspectos técnicos da proposta, efectúase unha remisión expresa aos dous informes técnicos emitidos ao expediente, que son os seguintes:

a) informe técnico de data de sinatura electrónica 15/04/2025, que obra incorporado como trámite 12 do expediente, e que se reproduce a excepción do anexo I:

"O presente informe contén a actualización da RPT segundo o solicitado pola Xefatura da Área en data 21/02/2025 así como se procede a informar os documentos 250051285 (Ref expte 1237/1102) Solicitude de readscripción de posto administrativo da Secretaría de Goberno local e 250057786, asinado pola titular da Asesoría Xurídica co conforme da Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, solicítase a determinación dos postos de técnico/a de administración xeral adscritos a Asesoría Xurídica como postos de letrado/a-asesor/a xurídico/a na vindeira Relación de Postos de Traballo e recuperación dunha dotación de posto de auxiliar administrativo/a recibidos en data 06/03/2025 e 19/03/2025 respectivamente, así como Doc 250077631 "Adscripción posto Tax a Área de Seguridade, por corresponderse con solicitudes de modificación da RPT.

1.- INFORME DE ACTUALIZACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE VIGO 2025, PARA A SÚA ADAPTACIÓN AO RECOLLIDO NO CAPÍTULO I DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA O VIXENTE EXERCICIO E CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS.

En data 20/02/2025 solicítase pola xefatura da Área proposta técnica de relación de postos de traballo para o ano 2025, con achega de documento estruturado e en formato editable e plenamente visible.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 94 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

- *Incorporación dos postos de traballo asociados ás prazas de nova creación no cadro orzamentario 2025, aprobada polo Pleno da Corporación.*
- *Revisión de erros aritméticos, materiais ou de feito que se detecten na RPT aprobada no ano 2024 (BOPPO núm.183, do xoves 19 de setembro do 2024)*

O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de decembro de 2024, aprobou con carácter definitivo o Orzamento Xeral do Concello de Vigo, que deberá rexer durante o exercicio do ano 2025, así como o do seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e Anexos dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU así como os estados consolidados dos mesmos tal e como se achega (Grupo Concello de Vigo), sendo publicado no BOPPO 250 de 27 de decembro 2024.

En consecuencia, procede a realización de informe de actualización da RPT, baseada nas modificacións introducidas pola aprobación dos orzamentos municipais que recollen un listado de prazas de nova creación, prazas amortizadas e outras modificacións (Expediente 44929/220 "Anteproxecto do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais 2025", informe técnico trámite 54).

Conxuntamente, inclúense no presente informe as correccións dos erros materiais detectados na vixente RPT 2024 con respecto ao RPT 2023, conforme o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Por outro, a Xunta de Goberno Local, no expediente 43010/220, e en sesión de data 19/04/2024, acordou adxudicar a "NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L. o procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt) con perspectiva de xénero; avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo; (expediente nº 43.010-220) no marco do cal analizarase a configuración dos postos de traballo, se adecuarán as titulacións requiridas ao EEES, e se realizarán as restantes actuacións de soporte técnico contempladas no prego de prescricións técnicas aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 17/11/2023.

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.-

Os artigos 90.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime Local (LRBRL) e 126 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes (TRRL) en materia de Réxime Local impoñen ás administracións locais a elaboración dunha relación dos postos de traballo existentes nas súas organizacións que deberán incluír, en todo caso, a denominación e características esenciais dos postos, as retribucións complementarias que lles correspondan e os requisitos esixidos para o seu desempeño.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRBEP) no seu artigo 70 que, no marco das súas competencias de autoorganización, as administracións públicas estruturan os seus recursos humanos de acordo coas normas que regulan a selección, a promoción profesional, a mobilidade e a distribucion de funcións conforme ao previsto neste capítulo.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 95 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Igualmente, no seu artigo 74 sinala que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, ó menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que están adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias.

E o artigo 38 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG) establece que:

1.A relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

2. A través da respectiva relación de postos de traballo, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

3. Os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.

4. As relacións de postos de traballo incluírán, como mínimo, por cada posto: o código alfanumérico, a denominación e a natureza xurídica; a clasificación profesional; o sistema de provisión; a adscrición orgánica; o complemento retributivo do posto; os requisitos, os méritos, as capacidades e, de ser o caso, a experiencia ou categoría profesional para a súa provisión; e calquera outra circunstancia relevante para a súa provisión nos termos previstos regulamentariamente.

5. As relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non superarán o sete por cento do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral, respectivamente, salvo que por convenio entre as administracións públicas interesadas se estableza unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade.”

En consecuencia, a RPT preséntase como un instrumento técnico a través do cal realízase a ordenación do persoal, na procura de garantir un funcionamento óptimo da organización e de tódolos seus servizos, de acordo cos principios de racionalidade, coordinación, eficacia, calidade e economía do gasto que rexen nas administracións públicas.

A aprobación da RPT, que corresponde a Xunta de Goberno Local, constitúe unha manifestación da potestade autoorganizativa da Administración Local recollida no artigo 4.1 da LRBRL que se ben ten un marcado carácter discrecional, deberá en todo caso exercerse dentro do respecto aos principios de legalidade e de prohibición da arbitrariedade que debe rexer toda actuación administrativa e de goberno municipal (artigos 9.1 e 103.1 da Constitución Española de 1978) e, polo tanto, co obrigado cumprimento dos requisitos e límites recollidos na normativa vixente que resulte de aplicación, tanto de natureza material ou substantiva como no tocante ao procedemento de aprobación. Neste senso a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), do 18 de abril de 2012: “(...), en cada Relación de Puestos de Trabajo se determina el perfil objetivo de cada puesto con sus principales características y forma de provisión, y ello atendiendo al programa elaborado por la Administración para el desarrollo de cada servicio público, en que confluyen las facultades



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 96 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

discrecionales de organización que corresponden a la misma. En efecto, corresponde a la Administración tomar la iniciativa de la elección entre las diversas opciones razonables en presencia en cada supuesto, por ser competencia de quien gobierna,..”.

-Conforme ao disposto no artigo 202.3 da da LEPG, o acordo de aprobación definitiva publicárase no Boletín Oficial da Provincia e remitírase copia do mesmo aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Comunidade autónoma de Galicia.

OBXECTO DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DO CONCELLO DE VIGO

A presente modificación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo (RPT) 2024 ten por obxecto principal a actualización conforme ás modificacións introducidas pola aprobación definitiva dos orzamentos municipais que rexerán para o vixente ano 2025 e que foron aprobados polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de decembro de 2024, sendo publicado no BOPPO 250 de 27 de decembro 2024 e na acta da mesa xeral de negociación colectiva da sesión extraordinaria 25/09/2024.

Dentro do Capítulo I de gastos, recóllense, entre outras, o listado de prazas de nova creación, prazas que foron amortizadas e outras modificacións que se levaron a cabo (Expediente 44929/220 “Anteproxecto do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais 2025” e que a continuación se expoñen .

O cadro de persoal, figura entre a documentación técnica incorporada ao capítulo I dos orzamentos de gastos municipais, sendo unha manifestación da potestade de auto-organización das corporacións locais, recoñecida no artigo 4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

O cadro de persoal está ligado ao orzamento, vinculando as políticas de xestión de persoal da corporación e converténdose en un elemento imprescindible para dar cumprimento á legalidade orzamentaria, indicando os postos que poden cubrirse coas dotacións orzamentarias dispoñibles. Ao mesmo tempo configúrase tamén como un límite negativo, xa que non poden crearse, nin cubrirse, postos ou prazas que non estean dotadas orzamentariamente.

Deste xeito, o artigo 90 da citada LRBRL, dispón que lle corresponde a cada Corporación aprobar anualmente a través do Orzamento, a plantilla que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual e deberá responder aos principios de racionalidade, economía, e eficiencia, e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan sobrepasar os límites que se fixen con carácter xeral.

Á súa vez, o artigo 126 do RDLex. 781/86, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establece que as plantillas deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a persoal funcionario, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do orzamento e responder aos principio do mencionado artigo 90 da LRBRL.

O RDLex 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, TREBEP, non recolle expresamente o concepto de plantilla

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 97 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ou cadro de persoal, aínda que no seu artigo 73.3 establece que os postos de traballo poderán agruparse en función das súas características para ordear a selección, a formación e mobilidade.

Conxuntamente, inclúense na presente proposta as correccións dos erros materiais detectados na vixente RPT 2024 e que non foran obxecto de modificacións expresas.

As modificacións que de seguido se relacionan son consecuencia da adaptación ao marco orzamentario, emenda de erros e solventar desaxustes puntuais

MODIFICACIONES INTRODUCIDAS:

Motivado na creación de novas prazas nos orzamentos que rexen no ano 2025, aprobados polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo, introdúcense as seguintes modificacións na R.P.T.:

a.-Postos asociados ás prazas de nova creación recollidas no Capítulo I dos orzamentos aprobados para o exercicio 2025

Creanse no orzamento do ano 2025 un total de 18 prazas que supoñen a creación na RPT dun total de 18 postos novos asociados a ditas prazas, tal e como se detalla de seguido:

- 1) Total Prazas de Diplomado en Traballo social: 42 prazas , 4 delas creadas no Orzamento 2025, sendo asociadas 3 ao posto de Diplomado/a social adscritos ao Servizo Benestar social e 1 ao servizo de Igualdade. Deste xeito no servizo de Benestar Social haberan de figurar 35 postos de Diplomado/a Traballo Social e no servizo de Igualdade dous.
- 2) Creación no Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento un total de 11 prazas: unha praza de suboficial do SEIS, 2 prazas de Sarxento xefe de Parque, 2 cabos xefe de saída, 4 prazas de bombeiro e 2 de condutor.bombeiro

Así, na RPT deberán figurar:

- a) Postos suboficial: pasan de 1 a 2
 - b) Posto Sarxento xefe de Parque: pasan de 10 a 12
 - c) Posto Cabo xefe de saída: Pasan de 10 a 12
 - d) Posto Bombeiro: pasan de 87 a 91
 - e) Posto condutor-bombeiro: pasan de 41 a 43
- 3) Creación dunha praza de Técnico/a Admón Xeral (Rama económica) solicitada en documento 240264488, asinada polo tesoureiro responsable superior contable e orzamentación e o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda. Dita praza asociase cun un posto da mesma denominación que nos documentos que constan no expte 44929-220 figura adscrito a unidade 144 "Orzamento e seguimento" cando a súa adscrición correcta debería ser, tal e como foi solicitado e pola motivación contida no documento anteriormente citado, no servizo 545 "Recadación executiva". Toda vez que as unidades organizativas figuran na Area de gasto 9 pero en distintos programas orzamentarios (9311 e 9340), deberase proceder a realización da pertinente modificación orzamentaria, para a correcta imputación das retribucións corres-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 98 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

pondentes a dito posto, aínda que na base 4º de execucion do orzamento 2025 establece a vinculacion xuridica do capítulo I en área de gasto e capítulo.

- 4) *Creación dunha praza de Técnico/a de sistemas asociada a un novo posto de igual denominación no servizo de Administración Electrónica*
- 5) *Creación dunha praza de auxiliar administrativo, asociado a un posto da mesma denominación no servizo Asesoría Xurídica, polo que esta unidade atópanse adscritos un total de 4 postos de auxiliar administrativo.*

Cadro Resumo

Nº	Praza Creada	Posto Asociado	Servizo	Nº RPT 24	Nº RPT 25
4	Dipl. Traballo social	Dipl Traballo social	Benestar Social	32	35
			Igualdade	1	2
1	Suboficial SEIS	Suboficial SEIS	S.E.I.S	1	2
2	Sarxento SEIS	Sarxento SEIS		10	12
2	Cabo Seis	Cabo Seis		10	12
4	Bombeiro	Bombeiro		87	91
2	Cdtor Bombeiro	Cdtor Bombeiro		41	43
1	TAX (R. Econ.)	TAX (R. Econ.)	Recadacion Executiva	0	1
1	Tco/a Sistemas	Tco/a Sistemas	Admon Electrónica	3	4
1	Aux. adtvo	Aux adtvo	Asesoría Xurid.	3	4

b.- Outras modificacións realizadas nos Orzamentos 2025

1. *Redenominación posto asociado a unha das prazas de Asesor (eventual) que pasa a denominarse Asesor responsable de Prensa*
2. *Prazas amortizadas no Capítulo I dos orzamentos aprobados para o exercicio 2025, prazas de nova creación e postos asociados.*
 - *Amortízase dúas prazas de auxiliar rexime laboral e se crean dúas prazas de auxiliar administrativo en réxime funcional, polo que na unidade 540 negociado de recadación voluntaria, haberán de figurar 4 postos Cod. 140 auxiliar (rex laboral) e 1 auxiliar Cod 138 (Fc), así como na unidade 442 Taller Vías e Obras haberá de figurar un total de dous postos Cod 138 Auxiliar*
 - *Amortízase unha praza de oficial almacenero asociada ao posto de Auxiliar técnico de contratación, e crease unha praza de auxiliar (FC) no servizo 200 Área Reximen Interior, asociándose un posto Cod 138 Auxiliar, a dita praza.*

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 99 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Amortízase unha praza de auxiliar (FC) asociada a un posto do mesmo nome na Área de Recursos Humanos e Formación e crease unha nova praza de administrativo, asociada a un posto Codg 105 coa mesma denominación ca praza. En consecuencia o número de postos de auxiliar na unidade 220 pasa de 3 a 2. Pola contra o número de postos de administrativo de admon xeral pasa de 6 a 7
- Amortízase unha praza de Administrativo (rex laboral) asociada a un posto do mesmo nome no servizo 611 Deportes, de xeito que o número de postos de Administrativo (Rex laboral) pasa de 3 a 2 e o de administrativos (FC) de 1 a 2

Cadro Resumo

Nº	Praza amortizada	Posto asociado	Servizo
2	Auxiliar (Rex. lab)	Aux rex lab	442 Taller vías e obras 540.- Recadacion Voluntaria
1	Of. almacenero	Aux tco contratación	200 Rex. interior
1	Auxiliar (Funcionario)	auxiliar	220 Area RR.HH e formacion
1	Administrativo (Rex. Lab)	Adtvo lab	611 Deportes

Nº	Praza nova creacion	Posto asociado	Servizo
1	Auxiliar (FC)	Auxiliar	442 Taller vías e obras
1	Auxiliar (FC)	Auxiliar	540.- Recadacion Voluntaria
1	Aux (FC)	Auxiliar	200 Rex. interior
1	Administrativo (FC)	Administrativo	220 Area RR.HH e formacion
1	Administrativo (FC)	Administrativo	611 Deportes

c.- Outros axustes conforme ao recollido no capítulo I dos orzamentos municipais:

Reasignación dun posto "Ordenanza Porteiro" adscrito a unidade Conserxería Municipal a unidade 301 Benestar Social, segundo instrucións da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que figura no expte 43635-220

Deste xeito, na unidade 201 Conserxería deberá figurar 16 postos de ordenanza e 1 de ordenanza porteiro atención ventanilla, mentres que no servizo 301 Benestar Social deben figurar un total de 5 postos cod155 "Ordenanza porteiro".

d.- Correccións dos erros materiais detectados na vixente RPT e a actualización da mesma, a data da emisión do presente informe.

d.1) Posto cod 683 "Xefe/a Normalización Lingüística"



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 100 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

En data 29/01/2025 asinase informe polo técnico de Admon Xeral da Area de Recursos Humanos e Formación segundo o solicitado pola Xefatura da Area, obrante no expte 45698-220, con respecto a forma de provision do posto Cod 683 "Xefe/a Normalizacion Linguistica" no seguinte senso:

"ASUNTO: INFORME E ANÁLISE SOBRE O SISTEMA DE PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO "XEFE/A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA" RECOLLIDO NA VIXENTE RPT.

-A través do documento nº 25000967, por parte da xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, solicítase:

"-Emisión de informe expresivo do axuste á memoria xustificativa da forma de provisión dos postos de traballo de xefatura de servizo e/ou unidade no relativo á forma de provisión do posto de traballo de "Xefe/a normalización lingüística", detallado na páxina 48 da cetificación que se achega (Acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de setembro do 2024 (expediente nº 43.933-220), toda vez que no acordo adoptado e publicado consta como forma de provisión "C" (concurso) que non parece ser a de "CE" (concurso específico) asignado ás xefaturas de servizo e/ou unidade.

-No caso de concorrer algún tipo de erro respecto do indicado no punto anterior, instase a urxente tramitación da consecuente rectificación do mesmo, en forma que permita continuar co procedemento de provisión definitiva actualmente en curso no presente expediente, para o debido exercicio das competencias normativamente exercidas polo Concello de Vigo no uso, promoción e defensa da lingua galega."

Como contestación ao solicitado, realízase o seguinte:

INFORME:

ANTECEDENTES

En data 04/02/2021, o Xulgado do contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, no Procedemento Abreviado número 242/21, ditou sentenza nº 21/2021, na que se incluía o apartado:

"Condeno al Concello de Vigo a la modificación puntual de su RPT para incluir el puesto de jefatura del servicio de normalización lingüística, definiéndolo con un contenido igual al reflejado por la guía de funciones, y una configuración retributiva: A1, CD 26, CE 660."

A execución da citada resolución xudicial tivo lugar no marco da tramitación da aprobación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo, correspondente ao ano 2022 (expediente 1690/110), con aprobación inicial por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/07/2022, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP nº 135 do 15/07/2022) e aprobación definitiva por acordo do mesmo órgano municipal de data 23/09/2022 (publicado no BOPP do 30/09/2022).

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 101 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Na tramitación do procedemento incluíase unha "Memoria xustificativa da Relación de postos de Traballo do Concello de Vigo 2022" (trámite 687 do expediente 1690-110) onde se recollen os seguintes apartados:

"3.- Modificación do sistema de provisión de postos de traballo", que ten por obxecto a modificación dos sistema de provisión dos postos de traballo clasificados nos grupos A1 e A2 conforme á sentenza nº 62/2021, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no R.C.A. procedemento abreviado nº 180/2020 e sentenza nº249/2018 do Xulgado Contencioso Administrativo de data 13.11.2018 pola que se anula o apartado sexto do acordo da Xunta de Goberno Local de data 15.01.2018 e posterior acordo do mesmo órgano de data 12.04.2018 .

-Conforme á normativa aplicable recóllense os seguintes sistemas de provisión de postos, en función da súa categoría ou circunstancias específicas:

- a libre designación: para postos de especial responsabilidade e confianza entre os que se inclúen as xefaturas de Área, Superintendente Xefe/a Policía Local, Xefe/a Servizo de extinción de incendios e salvamento, Letrado/a Asesoría Xurídica, etc.

-concurso específico: establécese na citada Memoria o seguinte referido a este sistema de provisión:

"O concurso específico aplicarase como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo.

As xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, salvo aqueles que, polos seus especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública"(...).

Serán obxecto de provisión polo sistema de concurso específico as xefaturas de servizo que segundo o sinalado na guía de funcións e que segundo a RPT vixente teñen complemento de destino 28 e postos de nivel equivalente.

Xefaturas de Servizo

- Xefatura Servizo de Contratación
- Xefatura Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas
- Xefatura Servizo Xurídico Servizos Xerais
- Xefatura de Servizos Medio Ambiente, Sanidade e Consumo
- Xefatura Servizo Patrimonio
- Xefatura de Servizos de Contabilidade Xeral
- Xefatura Responsable de contabilidade analítica e custes de servizo e actividades
- Xefatura de Transportes
- Xefatura Servizo de Fiscalización



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 102 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

- Xefatura Servizo Inspección tributos
- Xefatura Servizo de Educación
- Xefatura de servizo de Deportes-Director Deportivo

Así mesmo segundo a RPT vixente os postos que a continuación se relacionan teñen un nivel del destino 28 polo que conforme o disposto no artigo 91 da LEPG serán obxecto de provisión polo sistema de concurso específico.

- Asesor/a Xurídico Adxunto/a (Seguridade)
- Asesor/a xurídico adxunto/a (Benestar)
- Xefatura de Limpeza

Así mesmo serán obxecto de concurso específico os postos que a continuación se relacionan dado que as xefaturas e postos singularizados relacionados están vinculadas a unha faceta funcional específica que require dos titulares de ditos postos coñecementos amplos do campo concreto de actuación de que se trate, para as que habilite a formación adquirida polo grado de titulación académica máis coñecementos complementarios para a especialización funcional que implica o seu desempeño.”

Cítanse expresamente neste apartado os postos seguintes: xefatura de Museos, Director/a Museos, xefatura do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, xefatura do Servizo administrativo e de control orzamentario, xefatura de unidade de mantemento de viais municipais, Xefatura de electromecánicos, Xefatura da Oficina de Supervisión de proxectos, adxunto/a ao Tesoureiro/a Municipal, adxunto/a Dirección de Ingresos e Inspección Tributaria, xefatura de Benestar social, adxunto/a Xefatura do Servizo Administración Electrónica, xefatura de Turismo, xefatura de Festas, xefatura de Xuventude, xefatura de igualdade, xefatura de participación cidadá e desenvolvemento local, xefatura de Montes, Parques e xardíns, adxunto/a xefatura de Montes, parques e xardíns, xefatura de Cedro.

Non se atopa a xefatura de Normalización Lingüística entra as incluídas neste sistema de provisión.

-concurso de méritos (concurso ordinario): establécese que “constitúe o sistema normal de provisión, no que se terán unicamente en conta os méritos esixidos na correspondente convocatoria.

Serán obxecto de provisión polo sistema de concurso todos o postos para os cales non se determine de forma expresa a súa provisión polo sistema de libre designación ou concurso específico.(...)”.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 103 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

-As referencias expresas sobre o posto obxecto do presente informe, recóllense no apartado 4 da mencionada Memoria:

“4.- Creación do posto de Xefatura de Normalización Lingüística

En data 2.05.2022 someteuse a mesa de negociación, en execución da sentenza 21/2021 ditada en Procedemento Abreviado número 242/21 o Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Vigo, a proposta de aprobación inicial da modificación puntual da vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo, para incluír o posto de xefatura do servizo de normalización lingüística, definido con un contido igual ao reflectido pola guía de funcións, e unha configuración retributiva: A1, CD 26, CE 660.

Inclúese na presente RPT a creación do posto de Xefatura de Normalización Lingüística que segundo o informe da Técnica de Avaliación e Formación “os postos do nivel 26 CE 660, corresponderíanse coas funcións propostas para o posto tipo das xefaturas de unidade” Así mesmo proponse como titulación esixible para o desempeño do posto o título de grao en estudos de galego e español, en lingua e literatura galegas, en galego-portugués ou licenciaturas equivalentes, ou calquera outro grao ou licenciatura da Area de coñecemento de Humanidades segundo o espazo MECES, sempre que se estea en posesión do certificado de lingua galega do nivel 5 (Celga 5) polo que segundo o disposto no 171.1 do TRRL procede a administración especial.

Non obstante, toda vez que o artigo 38.3 da Lei de Emprego Público de Galicia esixe que todos os postos de traballo incluídos na RPT deben estar dotados orzamentariamente ata que se proceda a dotación económica da praza correspondente ao posto de nova creación, non poderá procederse á súa cobertura.”

Non se establece expresamente no citado apartado a forma de provisión do posto, non obstante, no Anexo I que forma parte inseparable do acordo de aprobación definitiva da RPT 2022, figura como sistema de provisión o concurso de méritos (ordinario) (C).

Estas mesmas condicións foron reproducidas posteriormente tanto na RPT 2023 (anuncio da aprobación definitiva publicada no BOPP de 16/05/2023) como na RPT 2024 (aprobación definitiva publicada no BOPP de data 19/09/2024), vixente na actualidade.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

No eido local, o artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo o que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en réxime local (TRRL) dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeranse polas normas que no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local dite a Administración do Estado. E á súa vez o artigo 101 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) remite en materia de provisión ás normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 104 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

Chegados a este punto, cómpre lembrar que a normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos vén determinada en primeiro lugar polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018).

Concretamente, o artigo 78 do TREBEP determina que: "1. Las Administraciones Públicas proveerán los puestos de trabajo mediante procedimientos basados en los principios de igualdad, mérito, capacidad y publicidad. 2. La provisión de puestos de trabajo en cada Administración Pública se llevará a cabo por los procedimientos de concurso y de libre designación con convocatoria pública (...)"

O artigo 79 de dito texto legal dispón que: "1. El concurso, como procedimiento normal de provisión de puestos de trabajo, consistirá en la valoración de los méritos y capacidades y, en su caso, aptitudes de los candidatos por órganos colegiados de carácter técnico. (...)"

Á súa vez, a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia (LEPG) (e o posterior Decreto 151/2022, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, de aplicación ao persoal funcionario da administración local no non reservado á lexislación do Estado, artigo 2.2), distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na RPT (artigo 90.1); e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91), sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

CONCLUSIÓNS:

- O posto de "xefe/a de normalización lingüística," creouse no Concello de Vigo coa aprobación da RPT municipal do ano 2022, e como execución do resolto na sentenza 21/2021 do Xulgado do contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, establecéndose como sistema de provisión do citado posto no Anexo I que forma parte inseparable do acordo de aprobación, o concurso de méritos (ordinario) (C). Estas mesmas condicións do posto reproducíronse nas posteriores RPT 2023 e na vixente RPT 2024.

*-A citada RPT 2022 levaba aparellada unha Memoria que recollía un apartado específico de **"Modificación do sistema de provisión de postos de traballo"**, que ten por obxecto a modificación dos sistema de provisión dos postos de traballo clasificados nos grupos A1 e A2, distinguindo os sistemas de libre designación, concurso específico e concurso de méritos (ordinario) en función da categoría de cada posto.*

- A mesma Memoria xustifica e contempla o sistema de concurso específico como sistema de provisión previsto para, entre outros postos, as xefaturas de servizo ou postos de nivel

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 105 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

equivalente, recollendo expresamente unha serie de postos de xefaturas entre as que non se atopa a de normalización lingüística.

- Conforme á normativa analizada no presente informe (de xeito fundamental o artigo 91 da LEPG) e en coherencia igualmente co recollido na Memoria da RPT de 2022, onde se estableceron os sistemas de provisión dos postos de traballo do Concello de Vigo que rexen actualmente, considérase que a forma de provisión máis axeitada para o posto de “xefe/a de Normalización Lingüística” debería de ser o concurso específico (CE), circunstancia a ter en conta no procedemento de elaboración e aprobación da RPT 2025, cando o órgano competente considere procedente a súa incoación.”

A técnica que subscribe comparte na súa integridade o informe técnico que se transcribe e obrante no expte 45698-220 , toda vez que dito posto atopase vinculado “a unha faceta funcional específica que require dos titulares de ditos postos coñecementos amplos do campo concreto de actuación de que se trate,para as que habilite a formación adquirida polo grado de titulación académica máis coñecementos complementarios para a especialización funcional que implica o seu desempeño”.

E por isto que a vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica deberase establecer como sistema de provisión do posto o concurso específico, no que os candidatos/as acrediten que teñen unha formación adquirida polo grado de titulación académica e un coñecemento específico en relación co contido do posto a desenvolver.

En consecuencia, procedese a modificación da forma de provisión do posto Cod 683 “Xefe/a Normalización Linguística” , sendo a correcta o concurso específico (CE)

d.2) Con respecto ao posto Cod 425 “Técnico/a Prevención Riscos Laborais, configurado como Subgrupo A1, CD 26 e CE 640 , asociado a unha praza de “Enxeñeiro/a Superior” non aparece reflectido na RPT 2024, aprobada definitivamente en data 06/09/2024 pola Xunta de Goberno local, os requirimentos en canto a formación específica, polo que deberá engadirse “Técnico sup. PRL especialidades seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonomía, psicoloxía aplicada”

d.3) Por outra banda procedese a completar a información en canto a grupo de titulación,corpos, escalas, subescala e clase nos postos nos que non figuraba a mesma

d.4).- Titulacions exisibles aos postos subgrupo A2

En expte 46240-220 incorporase o seguinte informe aclaratorio sobre as titulacions exisibles actualmente ao Subgrupo A2:

“O actual artigo 76 do TREBEP establece o seguinte :

“Grupo A: Dividido en dous Subgrupos, A1 y A2.

Para o acceso aos corpos ou escalas deste Grupo esixirase estar en posesión de título universitario de Grao. En aqueles supostos nos que a lei esixa outro título universitario será este o que se teña en conta.”

En principio parece que non diferencia na titulación entre os dous subgrupos.

Pero se acudimos á Disposición transitoria terceira do mesmo TREBEP, recolle que:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 106 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

1. *Ata tanto non se xeralice a implantación dos novos títulos universitarios a que se refire o artigo 76, para o acceso á función pública seguirán sendo válidos os títulos universitarios oficiais vixentes á entrada en vigor deste Estatuto.*

2. *Transitoriamente, os Grupos de clasificación existentes á entrada en vigor da Lei 7/2007, integraranse nos Grupos de clasificación profesional de funcionarios previstos no artigo 76, de acordo coas seguintes equivalencias:*

Grupo A: Subgrupo A1.

Grupo B: Subgrupo A2.

Grupo C: Subgrupo C1.

Grupo D: Subgrupo C2.

Grupo E: Agrupacións Profesionais a que fai referencia a disposición adicional sexta.

É dicir, con respecto ás titulacións esixibles ao Subgrupo A2, intégranse de xeito equivalente e transitoriamente co título de Grao, o de Diplomado Universitario, Arquitecto Técnico e Enxeñeiro Técnico do anterior Grupo B.

Para evitar confusión ou calquera tipo de inseguridade na tramitación, debería recollerse expresamente esta equivalencia nas titulacións esixidas na RPT ao Subgrupo A2."

Pola súa parte, a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón:

"Disposición adicional quinta. Equivalencia de titulaciones a efectos del acceso a los cuerpos y escalas del personal funcionario de los subgrupos de clasificación profesional A1 y A2 y del grupo B.

1. Pueden acceder a los cuerpos y escalas de personal funcionario del subgrupo de clasificación profesional A1 las personas que estén en posesión de las titulaciones de licenciatura, ingeniería, arquitectura o equivalente.

2. Pueden acceder a los cuerpos y escalas de personal funcionario del subgrupo de clasificación profesional A2 las personas que estén en posesión de las titulaciones de ingeniería técnica, diplomatura universitaria, arquitectura técnica o equivalente. A efectos de lo establecido en esta disposición, se considera equivalente al título de diplomado universitario tener superados tres cursos completos de licenciatura.

3. Pueden acceder a los cuerpos y escalas de personal funcionario del grupo de clasificación profesional B las personas que estén en posesión de la titulación de técnico especialista o equivalente."

En consecuencia, procedese a rectificación da titulación esixida aos postos encadrados no subgrupo A2 de titulación, sendo esta a correspondente ao código 2: Grado, diplomado universitario ou equivalente.

Asi mesmo, aqueles postos definidos do grupo A, subgrupo A1 ou A2, os codigos correspondentes deberan ser Codg 1.- Grado, licenciado ou equivalente e Codg 2: Grado, diplomado universitario ou equivalente.

d. 5) Correccion denominacion Unidad Administrativa 328 "Area de Cultura", que pasa a denominarse 328 "Cultura", ao non haber sido acordada a creacion de Area organizativa e funcional con dita denominacion

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 107 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2.- Doc 250051285 (ref expte 1237/1102) solicitude de readscripción de posto administrativo da Secretaría de Goberno Local

No referido documento asinado pola Secretaría do Goberno Local, co conforme da Concelleira Delegada de Atención Cidadá, (Resolución da Alcaldía delegación específicas de data 28.06.2024, BOP no 129 do 9.07.2024) e da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 129 de data 9.07.2024) , solicítase o cambio de adscripción do posto de traballo de administrativo da Secretaría de Goberno Local actualmente vacante trala xubilación da súa titular á unidade administrativa de arquivo xeral (artigo 81.2 TREBEP e 61 RGIPP).

Dadas as motivacións contidas na devandita solicitude, fundamentalmente a necesidade de dispor de persoal administrativo no Arquivo Xeral e, sin prexuízo das propostas que poidan ser realizadas como consecuencia da conclusión dos estudos que estanse a realizar na asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt) con perspectiva de xénero; avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo; (expediente nº 43.010-220), inclúese dita readscripción na proposta que figura no Anexo I do presente informe.

3.- Doc 250057786 (Ref. expte 18491/111) Solicitude determinación postos letrado/a asesor/a xurídico/a con cargo ás prazas de TAX rama xurídica xa incluídas nos orzamentos, recuperación dun posto de auxiliar administrativo/a

Recibido pola funcionaria asinante en data 19/03/2025, no doc 250057786, asinado pola titular da Asesoría Xurídica co conforme da Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, solicítase a determinación dos postos de técnico/a de administración xeral adscritos a Asesoría Xurídica como postos de letrado/a-asesor/a xurídico/a na vindeira Relación de Postos de Traballo e recuperación dunha dotación de posto de auxiliar administrativo/a

Ao respecto informase:

Sobre a recuperación dunha dotación dun posto de auxiliar administrativo, nos orzamentos 2025 crease unha praza de auxiliar administrativo que se corresponde cun posto da mesma denominación na Asesoría Xurídica, de xeito que o número total de dotacións no ano 2025 sería de 4, tal e como xa esta recollido na paxina 6 punto 1-6) do presente informe.

En relación a reconfiguración e red denominación dos 3 postos de Técnico/a Admón Xeral (rama xurídica) existentes na Asesoría Xurídica,

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **4 de marzo de 2016**, acordou a reestruturación organizativa e funcional dos servizos xurídicos municipais, servizo de tenencia , servizo de contratación e incorporación de servizo de nova creación na area de Fomento (Expte 27399-220)

Unha das modificacións introducidas na RPT por dito acordo, ten como finalizada a “Homoxeneización dos postos de traballo de “Letrado-Asesor” e “Asesor Xurídico Adxunto”



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 108 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

baixo a común denominación de “Letrado-asesor xurídico” con asignación de nivel de C.D. 28, C.E. Cód. 680.”

Na proposta organizativa da Asesoría Xurídica, asinada en data 17/09/2015 pola Titular da Asesoría Xurídica (expte 9387-111, incorporada en tramite 7 ao expte 27399-220) fundamentasea necesidade de dita homoxeneización así como as funcións a desempeñar polos postos de TAX que se adscriben a dito servizo, de xeito que lle corresponden funcións de asesoramento xurídico especializado así como a representación e defensa do Concello ante os órganos xurisdiccionais.

Posteriormente, en documento 230302126 de data 26/09/2023 obrante no expte 42630-220 Anteproxecto do Capítulo I de gastos dos orzamentos municipais 2024 solicítase previsión económica que posibilite a posterior modificación do tipo de posto existente de TAX, para o que xa consta unha praza no cadro de persoal, en Letrado/a Asesor/a Xurídico/a na Asesoría Xurídica Municipal e creación de dúas prazas que possibiliten a posterior incorporación de novos postos de letrado/a asesor/a xurídico/a.

En dilixencia de data 06/10/2023, asinada polo persoal administrativo e técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e conformada pola Xefatura da Área, obrante no expediente anteriormente citado, e en referencia a solicitude contida no documento 230302126, informase da non procedencia nese intre, da reconfiguración dos postos de Técnico/a de Admon xeral adscritos a Asesoría xurídica en postos de Letrado/a Asesor/a Xurídico/a, toda vez que consta en tramitación o contrato maior de consultoría e asistencia especializada para a revisión da RPT, guías de funcións e estruturas organizativas e funcionais (Expediente 40869/220).

Como consecuencia da instrución de servizo da Concelleira da Área de data 06/10/2023 e os acordos acadados na mesa xeral de negociación colectiva, na súa sesión extraordinaria de data 30/10/2023 creanse dúas novas prazas Técnico/a admon Xeral (rama xurídica), sendo adscritos dous postos Cod 46 Técnico/a Admon Xeral .

Polo tanto, solicítase que, existindo as prazas de postos asociados e adscritos a Asesoría Xurídica de Técnico/a Admon Xeral , é necesario realizar os axustes necesarios en ditos postos, dada a identidade das funcións, que de acordo coa atribución legal á Asesoría Xurídica, como órgano de existencia preceptiva en Municipios de Gran Poboación, dos ámbitos materiais de representación defensa xudicial e asesoramento xurídico, terían co postos existente de Letrado/a Asesor /a Xurídico.

Xustifícase dita reconfiguración nos seguintes argumentos que figuran no informe solicitude de data 13/03/2025 e na que se poñe de manifesto as características especiais dos postos de Tax na Aseosria xurídica, de xeito que a maiores das propias de TAX recollidas na Guía de funcións do posto tipo, se engade as funcións propias do Asesor Xurídico, e as do Letrado-asesor xurídico.

Por outra banda, no acordo da Xunta de Goberno local de data 23/9/2022, de aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo 2022 (expte. 1690-110) relacionanse as funcións do posto “Letrado/a asesor Xurídico” como xustificación da forma de provisión de ditos postos

Síntase así mesmo no documento 250057786, tendo en conta “as funcións que como órgano debe exercer a Asesoría Xurídica, o posto de técnico/a de administración xeral presenta unhas

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 109 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

limitacións funcionais que non dan completa resposta a todas as necesidades actuais da Asesoría e co propio esquema organizativo proposto no ano 2015 e acordado pola Xunta de Goberno o 4/3/2016, e do que desapareceron, para os postos do subgrupo A1 adscritos a este órgano, postos “base”, “de entrada”, ou en xeral, aqueles que carecen da posibilidade de especialización intrínseca ás funcións diferenciadas dun/ha técnico/a de administración xeral (praza de todos eles). Xa que limita a polivalencia que debe ter os profesionais que presten os seus servizos neste órgano, no senso de que realicen de xeito estable a función de representación e defensa xudicial, legalmente atribuída.”

En conclusión, considerase que a reconfiguración solicitada dos tres postos Cod 46 Técnico/a Admon. xeral adscritos a Asesoría Xurídica atopase debidamente motivada.

No art. 19.Dos da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, actualmente en vigor, dispón que as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento superior ao 2,5% respecto as vixentes a 31/12/2022, en termos homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como a la Antigüedad do mesmo.

No apartado 7 do art 19 dos da Lei citada, permítense as adecuacións retributivas que con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación de efectivos asignados a cada programa o polo grado de consecución dos obxectivos fixados ao mesmo

Polo tanto, no presente caso estaríamos ante unha situación de carácter excepcional que resulta imprescindible polo contido dos postos de traballo, sin que isto supoña un incremento global das retribucións dos postos incluídos na RPT. Dada as peculiaridades en canto a funcións a desempeñar que presentan os postos de TAX adscritos a Asesoría Xurídica, tendo en conta que o sistema retributivo debe ser obxectivo e integral, baseado na importancia da equidade interna e proporcionalidade das retribucións y toda vez que as funcións correspondese coas asignadas ao posto de Letrado Asesor Xurídico, dita modificación reúne a singularidade necesaria, a excepcionalidade e a imprescindibilidade, entendendo esta como ineludible e necesaria, obedecendo a modificación proposta en consonancia co incremento competencial dos postos TAX adscritos a Asesoría Xurídica.

Polo tanto, en virtude da singularidade, excepcionalidade e imprescindibilidade, en referencia as variacións acreditadas no contido dos postos de traballo (no contempladas con anterioridade na RPT nin tidas en conta para fixar as retribucións complementarias) e a necesaria homoxeneidade que debe existir na RPT entre os postos coas mesmas funcións se dan a concorrencia dos requisitos necesarios nestes tres postos.

Tendo en conta que a valoración dos postos mediante a aplicación de criterios obxectivos establecidos realizada no marco da modificación da RPT é condición necesaria para a súa validez xurídica, e ao tratarse de postos co idéntico contido ao incluído na modificación levada a cabo no expte 27399-220, entendese xa efectuada ao tratarse do mesmo posto “Letrado-asesor xurídico” modificado no devandito expediente.

En termos económicos, no orzamento 2025 esta dotada a aplicación 92001210109 “Creación Fondo Adecuación Postos de Traballo”, cun crédito inicial de 50.000,00€

O importe anual da reconfiguración e red denominación dos 3 postos Cod 46 Técnico/a Admón Xeral (Grupo A1 CD 26 CE 680) en postos Cod 331 Letrado/a asesor Xurídico supón un total por posto de 2247,70 €, correspondentes a diferenza entre o CD 26 e o 28.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 110 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

4.- Doc 250077631 "Adscripcion posto Tax a Area de Seguridade.

En data 02/04/2025 , asinado polo Xefe da Área de Seguridade, Mobilidade, Tráfico e Extinción de Incendios, co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal solicítase a urxente reasignación de 1 posto de TAX, vacante na Área de Contratación, co fin de permitir o áxil despacho de expedientes administrativos, ante a necesidade de apoio técnico á xefatura da Área e á xefatura do servizo, toda vez que o posto "Asesor/a Xurídico/a adxunto/a" atopase ocupado por un funcionario liberado por representatividade sindical nestes intreos.

Na Unidade 242 "Contratación", constatase a existencia de 3 postos cod 46.- Técnico/a Admón Xeral", dos que un está ocupado e dous vacantes.

A potestade autoorganizativa das Administracións Públicas, recollida na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúe a estas a facultade de organizar os servizos na forma que estime máis vantaxosa para a súa maior eficacia, constitúe o marco que permite a esta ordenar os seus efectivos e estruturar o funcionamento interno do modo máis axeitado con seus fins competenciais.

En consecuencia procedese a readscripción dun posto Cod 46 "Técnico/a de Admon Xeral", da Unidade 242 "Contratación" na que figurarían dous postos, un ocupado e un vacante, a Unidade 210 Mobilidade, Transportes e Seguridade.

CONTIDOS DA RPT

A RPT conta co seguinte contido, que figura no Anexo I do presente informe, segundo a normativa básica de aplicación recollida nos artigos 72 a 74 do TREBEP e máis concretamente en relación cos contidos mínimos da RPT , no disposto nos artigos 38.4 e 38.5 da LEPL, o artigo 126.4 do TRRL e demais normativa vixente ao respecto :

- Denominación, encadre orgánico do posto (dependencia de adscripción) cos seus respectivos códigos numérico. Así consta no Anexo I.
- Indicación de se o posto vai ser desempeñado por persoal funcionario ou laboral. Este dato tamén se reflicte no Anexo I, na columna Re. Empl.
- Clasificación profesional, consta a escala e subescala e o grupo e subgrupo baixo o código GR
- Características esenciais do posto (posto singularizado ou non o que figura respectivamente no código TP).
- Debe incluír, de ser necesario, as funcións específicas do mesmo. Neste caso, non se crea ningún posto novo.
- Requisitos esixidos para acceder ao desempeño do posto, formación específica necesaria para o desempeño. Neste caso, os requisitos do grupo e de titulación recóllense nos apartados cos códigos GR, Tit. e co código Form. Esp.
- Retribucións complementarias, figuran no código dos complementos (C.D. e C.E.) e o importe do complemento específico na columna marcada co código Imp. 2025.
- Se inclúe o número de dotacións, así como as observacións relativas a determinadas peculiaridades dos postos"

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 111 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

b) informe técnico de data de sinatura electrónica 04/06/2025, que obra incorporado como trámite 39 do expediente, e que se reproduce parcialmente -exceptuados introducción por ser contextualizadora das actuacións administrativas previas, e do anexo, que se reproduce literalmente na parte dispositiva da presente proposta:-

"Solicitado informe técnico no cal se recolla proposta técnica de RPT 2025 e se incorporen e/ou revisen os puntos seguintes:

- *Revisión de erros aritméticos, materiais ou de feito detectados, e que constan na certificación da sesión negocial indicada;*
- *Incorporación da debida motivación técnica respecto da tipoloxía dos postos de traballo, revisando posibles erratas nos postos de traballo reservados a persoal funcionario e dos postos configurados para ser ocupados por persoal laboral;*
- *Incorporación dos aspectos acordados na mesa, concretados en:*
 - a) incremento de 16 postos de Policía Local en tres quendas (mañá/tarde/noite) segundo informe da Policía Local que se achega a acta.*
 - b) revisión e corrección, no seu caso, do número de postos de diplomado/a Social adscritos a Área de Benestar Social.*

Informase:

- *En relación cos erros aritméticos, materiais ou de feito detectados existe un erro no documento respecto da columna relativa as retribucións, na que en lugar de 2024 debe dicir 2025, sin que este afecte aos importes indicados.*
- *Incorporación da debida motivación técnica respecto da tipoloxía dos postos de traballo, revisando posibles erratas nos postos de traballo reservados a persoal funcionario e dos postos configurados para ser ocupados por persoal laboral;*

No informe emitido e que figura no expediente 46152-220, na pax 67, indicase no seu punto 8 a lenda referente a tipoloxía dos postos, en canto a si son non singularizados, singularizados ou si son postos eventuais de confianza ou asesoramento especial (N/S/E).

O artigo 59 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de Ingreso, (RXI) define os postos non singularizados como aqueles que non se individualizan ou distinguen dos restantes postos de traballo nas correspondentes relacións. Polo que enténdense como singularizados aqueles que se individualizan ou distinguen dos restantes na RPT.

A tipoloxía dos postos é unha das informacións que deben figurar nas RPTs na que se debe indicar si estes son non singularizados, singularizados ou eventuais, o que ten implicacións na mobilidade, provisión e retribucións, así como na estrutura organizativa,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 112 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

Na sentenza 1179/2019 de 10 Oct. 2019 do Tribunal Superior de Xustiza de Castilla León, sección de Valladolid, se recolle que “ Los puestos de carácter singularizado,.../son aquellos que tienen caracteres propios específicos, en forma tal que por las funciones que les están encomendadas contienen una especificidad competencial claramente diferenciada del resto de los puestos, en tanto que no puede entenderse que dichas funciones son intercambiables.” Así mesmo, o Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña en sentenza 347/2017 de 19 May. 2017, determina que “el carácter singularizado o no del puesto de trabajo no deriva de las funciones que tiene asignadas el funcionario sino de la individualización o distinción de los restantes puestos de trabajo, según valoración del órgano competente para la aprobación o modificación de la RPT).”

Polo tanto, considerase postos non singularizados aqueles que non se individualizan ou se distinguen dos restantes postos de traballo. Soen ser postos comúns ou estandarizados que se atopan en todas as administracións públicas, e particularmente os postos base. Teñen unhas características comúns e non se exixen requisitos especiais para o seu desempeño. Implican a execución de tarefas o funcións propias dun corpo e escala e polo tanto, non ten contido funcional individualizado. Polo tanto, os postos non singularizados teñen unha denominación e funcións comúns dentro dunha mesma categoría profesional, non requiren requisitos especiais para o seu desempeño, permiten maior mobilidade dos funcionarios que os ocupan e manteñen una estrutura homoxénea sin necesidade de individualización

Son postos singularizados aqueles que, correspondendose coa mesma praza, pola sua denominación, atribucións, contido, coñecementos específicos e retribucións distintas, se diferencian dos restantes postos existentes implicando unha posición distinta dentro da organización, requiren para o seu desempeño una formación específica determinada, un determinado tempo de experiencia na Área funcional ou relacional, a superación de cursos específicos, etc . Estes últimos teñen retribucións maiores, así como os que presten servizos en circunstancias de perigosidade, penosidade, dedicación por quendas o atención continuada ao público así como aqueles que poden implicar funcións de xefatura ou mando.

Polo tanto, daríase deste xeito un compoñente salarial en función da categoría e outro en relación coas funcións do posto desempeñado.

De todos os xeitos, na clasificación dos postos en singularizados ou non singularizados existe un claro factor de decisión organizativa e de simplificación ou maior complexidade da organización e a xestión de persoal, toda vez que a mobilidade do persoal regulase en función do tipo de posto, permitindo os postos non singularizados a mobilidade entre distintas unidades mentres que os postos singularizados requiren procesos mais rigorosos. Amais tamén ten impacto nas retribucións e nas oportunidades de carreira profesional do persoal.

No expte 33981-220 acordase a modificación do complemento específico dos postos de atención directa ao cidadá, situados na Lonxa do Concello, que inclúe administrativos, auxiliares, auxiliares admon xeral, auxiliar servizos internos e xefe negociado, singularizando ditos postos e redenomíndoselos, añadindo a súa denominación “atención ao público ventani-la”. Por outra banda, na aplicación do estudo de análise e valoración retributiva e funcional dos postos de traballo e mellora interna da Policía Local do Concello de Vigo (Expte 40934-220) encadrase como postos singularizados, a mais dos correspondentes a escala superior e técnica, os postos de inspector de protección e investigación, oficial protección cidadá, oficial EVAP e Axente EVAP.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 113 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Indicar amais que inclúense na proposta de RPT como postos singularizados aqueles que supoñen funcións de xefatura ou mando, mantendo as clasificacións en canto a singularización dos postos existente ata a data.

De todos os xeitos, indicar que se atopa en execución o contrato administrativo para a realización do estudo analítico, avaliativo, diagnóstico e estratéxico da vixente RPT do Concello de Vigo, Guías de Funcións, estruturas organizativas e funcionais con perspectiva de xénero, avaliación da suficiencia dotacional e análise das estruturas organizativas e funcionais (Expte 43010-220), no que se realizará a definición dos distintos postos que compoñen a RPT, coa utilización da metodoloxía específica e especializada debida e que suporá a revisión da singularización ou non dos postos que integran a RPT do Concello de Vigo.

- **Incorporación dos aspectos acordados na mesa, concretados en:**

a) incremento de 16 postos de Policía Local en tres quendas (mañá/tarde/noite) segundo informe da Policía Local que se achega a acta.

En informe de data 06/05/2025, asinado polo Intendente Xefe da Policía Local, co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, propónse o incremento de 16 prazas en réxime de traballo en tres quendas (mañá/tarde/noite) respondendo á necesidade de reforzar as unidades operativas que prestan servizo continuo os sete días da semana, co fin de garantir unha cobertura eficaz das demandas da cidadanía e dar resposta á realidade operativa actual. Dito incremento proposto non supón o incremento do número de prazas existentes senón a unha redistribución dos postos asociados as mesmas.

Na proposta do servizo da Policía Local sobre a aplicación do estudo de análise e valoración retributiva e funcional dos postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo, contida no informe de data 28/11/2022, se solicita manter a ponderación dos postos asociados a tres quendas M/T/N, que na data do informe supoñían o 60,33% do total do cadro de persoal, de xeito que o número de prazas asociadas a estes postos M/T/N aumente anualmente nesa mesma porcentaxe cando sexa efectiva unha OEP nese mesmo ano. Dito criterio organizativo coincide coas recomendacións do Informe Final relativo ao Estudo e Diagnóstico da Policía Local do Concello de Vigo, onde se sinala a necesidade de manter un 60% do persoal operativo en réxime de xornada rotativa M/T/N para garantir a cobertura permanente do servizo.

No expte 40934-220, indicase que o axuste debería realizarse anualmente no expediente de tramitación orzamentaria: "Tendo en conta os termos nos que se conforman os custos do capítulo 1, e que con carácter xeral pechan a primeira quincena de setembro de cada ano, para os efectos de valorar o incremento neto do cadro de persoal efectivo do Corpo de Policía Local, tomaríase a previsión a 31 de decembro do ano que se analiza (persoal a setembro- xubilacións previstas para o último trimestre+ OEP que sexa efectiva no ano)".

Analizando as prazas e postos do corpo da Policía Local, este está integrado por 403 prazas, das que 401 atópanse adscritas a postos encadrados no Servizo 212 "Policía Local", 1 deles con posto de "Policía Coordinador/a Executiva Protección Civil" na unidade 214 Protección Civil e 1 posto coa denominación "Policía Transportes" no servizo 449 Transportes, estes dous últimos coas características en canto a distribución de quendas e horarios e retribucións dos axentes do posto 421 (CD 20-CE 365 L-D/M-T)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 114 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

Praza	nombre_puesto	nº	Servizo
SUPERINTENDENTE XEFE/A POLICIA LOCAL	SUPERINTENDENTE XEFE/A POLICIA LO- CAL	1	212.- Policía Local
			212.- Policía
INTENDENTE PRINCIPAL INTENDENTE POLICIA LO- CAL	INTENDENTE PRINCIPAL	1	Local
			212.- Policía
INSPECTOR/A PRINCIPAL POLICIA LOCAL	INTENDENTE POLICIA LOCAL	2	Local
			212.- Policía
INSPECTOR	INSPECTOR/A PRINCIPAL POLICIA LOCAL	3	Local
	INSPECTOR/A UD. ATESTADOS E investiga- ción DE ACCIDENTES	1	212.- Policía
	INSPECTOR/A UD. ESPECIAL SEGURIDA- DE	1	Local
	INSPECTOR/A UD. MOBILIDADE E TRANS- PORTES	1	212.- Policía
	INSPECTOR/A UD. PROCESOS E INTERIO- RES	1	Local
			212.- Policía
	INSPECTOR/A UD. PROTECCIÓN CIDADA	10	Local
	INSPECTOR/A UD. PROTECCIÓN E INVES- TIGACION	1	212.- Policía
	OFICIAL ATESTADOS E INVESTIGACION DE ACCIDENTES	5	Local
			212.- Policía
OFICIAL	OFICIAL EVAP	1	Local
			212.- Policía
	OFICIAL MOBILIDADE E TRANSPORTES	5	Local
			212.- Policía
	OFICIAL PROCESOS E INTERIORES	4	Local
			212.- Policía
	OFICIAL PROTECCION CIDADA	15	Local
			212.- Policía
	OFICIAL UD. ESPECIAL SEGURIDADE	4	Local
			212.- Policía
POLICIA LOCAL	AXENTE EVAP	5	Local
	AXENTE MOBILIDADE E TRANSPORTES (M/T)	89	212.- Policía
	AXENTE MOBILIDADE E TRANSPORTES (M/T/N)	12	Local
	AXENTE POLICIA ATESTADOS E INVESTI- GACION ACC.	25	212.- Policía
	AXENTE POLICIA PROCESOS E INTERIO- RES	50	Local
			212.- Policía
	AXENTE POLICIA PROTECCION CIDADA	114	Local
	AXENTE POLICIA UD. ESP. SEGURIDADE	50	212.- Policía
			Local

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 115 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Praza	nombre_puesto	nº	Servizo
	POLICIA COORDINADOR/A EXECUTIVA PROTECCION CIVIL"	1	214.- Protec- cion Civil
	POLICIA-TRANSPORTES	1	449.- Trans- portes
	TOTAL	403	

A sua situacion en canto a ocupados (O), vacantes (V), Vacantes reservadas (VR) ou funcionarios en practicas (P), a data 28/4/2025, segundo os datos obrantes na Area de Recursos Humanos e Forma-
cion, seria a seguinte:

Posto	O	P	V	VR	Total
AXENTE EVAP	5				5
AXENTE MOBILIDADE E TRANSPORTES (M/T)	53		28	2	83
AXENTE MOBILIDADE E TRANSPORTES (M/T/N)	12				12
AXENTE POLICIA ATESTADOS E INVESTIGACION ACC.	25				25
AXENTE POLICIA PROCESOS E INTERIORES	47		2	1	50
AXENTE POLICIA PROTECCION CIDADA	106		5	3	114
AXENTE POLICIA UD. ESP. SEGURIDADE	44		5		49
POLICIA LOCAL PRACTICAS		7			7
POLICIA COORDINADOR/A EXECUTIVA PROTECCION CIVIL	1				1
POLICIA-TRANSPORTES	1				1
OFICIAL ATESTADOS E INVESTIGACION DE ACCI- DENTES	3				3
OFICIAL EVAP	1				1
OFICIAL MOBILIDADE E TRANSPORTES	2				2
OFICIAL PROCESOS E INTERIORES	3		1		4
OFICIAL PROTECCION CIDADA	13		1		14
OFICIAL UD. ESPECIAL SEGURIDADE	2		1		3
OFICIAL P.L. PRACTICAS		7			7
INSPECTOR/A UD. ATESTADOS E INVESTIGACION DE ACCIDENTES	1				1
INSPECTOR/A UD. ESPECIAL SEGURIDADE	1				1
INSPECTOR/A UD. MOBILIDADE E TRANSPORTES			1		1
INSPECTOR/A UD. PROCESOS E INTERIORES	1				1
INSPECTOR/A UD. PROTECCION CIDADA	8		2		10
INSPECTOR/A UD. PROTECCION E INVESTIGACION	1				1
INSPECTOR/A PRINCIPAL POLICIA LOCAL	2		1		3
INTENDENTE POLICIA LOCAL	1		1		2
INTENDENTE PRINCIPAL			1		1
SUPERINTENDENTE XEFE/A POLICIA LOCAL			1		1
TOTAL	333	14	50	6	403

*6 dos policas en practicas teñen posto VR no posto Cod 421 "Axente Mobilidade e Transportes (M/ T) polo que o total de postos Cod sería de 89. 1 efectivo en practicas teñen posto VR no Cod 420 "Axente Policia UD Especial Seguridad"



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 116 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

% ocupación	82,63%
% vacantes	12,41%
% Vacantes reservadas	1,49%
% funcionarios en practicas	3,47%

Os postos con quendas M/T/N, sin incluír aqueles con xornada especial, serían os seguintes:

posto	O	V	VR	Total
AXENTE EVAP	5			5
AXENTE MOBILIDADE E TRANSPORTES (M/T/N)	12			12
AXENTE POLICIA ATESTADOS E INVESTIGACION ACC.	25			25
AXENTE POLICIA PROTECCION CIDADA	106	5	3	114
OFICIAL ATESTADOS E INVESTIGACION DE ACCIDENTES	3		2	5
OFICIAL EVAP	1			1
OFICIAL PROTECCION CIDADA	13	1	1	15
INSPECTOR/A UD. PROTECCION CIDADA	8	2		10
INSPECTOR/A UD. PROTECCION E INVESTIGACION	1			1
TOTAL	174	8	6	188

% Postos M/T/N sobre total 46,65%

% Postos ocupados M/T/N sobre total M/T/N 92,55%

Toda vez que o obxectivo acordado é o incremento dos postos en quendas M/T/N sobre o total ata acadar o 60%, o número total de postos M/T/N deberá ser de 242 efectivos.

O axuste debería realizarse anualmente no expediente de tramitación orzamentaria. Tendo en conta os termos nos que se conforman os custos do capítulo 1, e que con carácter xeral pechan a primeira quincena de setembro de cada ano, para os efectos de valorar o incremento neto do cadro de persoal efectivo do Corpo de Policía Local, tomaríase a previsión a 31 de decembro do ano que se analiza (persoal a setembro- xubilacións previstas para o último trimestre+ OEP que sexa efectiva no ano).

No ano 2024 tomaron posesión como funcionarios de carreira con praza de Policía Local un total de 30 funcionarios, 21 correspondentes a OEP 20-21 e 9 a OEP 22.

Por outra banda, produxéronse 20 baixas correspondentes a xubilacións ou recoñecementos de incapacidade definitivos.

Segundo os cálculos realizados polo Intendente xefe da Policía Local, incluíndo como postos ocupados aqueles que se atopan en situación VR e existindo unha diferenzia dun posto entre os datos da Policía Local e os que se atopan nos programas informáticos da área de Recursos humanos, cantidade que non produce variacións significativas nos cálculos, teríamos 188 postos (O/V/VR) con quenda M/T/N que suporían un 55,29 % dos postos efectivamente ocupados.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 117 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O 60% dos postos efectivamente ocupados suporían un total de 204 efectivos en quendas M/T/N, polo que debería incrementarse un total de 16 postos en quendas M/T/N.

Dito incremento non supoñen aumento do número de prazas no servizo senón que afecta a súa distribución en relación cos postos adscritos ao servizo con praza de Policía Local.

A proposta do Intendente xefe da Policía Local, co conforme da Concelleira Delegada consiste na minoración de 16 postos Cod 421 “Axente Mobilidade e Transportes” e o conseguinte incremento de 5 no posto Cod 419 “Axente atestados e Investigación”, 10 no posto 418 “Axente Protección Cidadá” e 1 no posto Cod 416 “Axente EVAP”

A vista da configuración retributiva de cada un dos postos propostos:

Cod posto	Gr	CD	CE	Importe CD Anual	Importe CE Anual
Axente Mobilidade e Transportes					
421 M/T	C1	20	365	7.365,26 €	16316,02

Cod Posto	Gr	CD	CE	Importe CD Anual	Importe CE Anual
419 Axente atestados e Investigación	C1	20	363	7.365,26 €	17867,22
416 axente EVAP	C1	22	361	8.540,00 €	19421,08
418 Axente Protección Cidadá	C1	20	363	7.365,26 €	17867,22

O incremento das retribucións, que afectaría as aplicacións orzamentarias 13201210003 e 13201210103 serían:

Cod Posto	Nº+	Incr. CD	Incr. CE	Total	Total postos
419 Axente atestados e Investigación	5	0	1.554,00 €	1.554,00 €	7.770,00 €
416 axente EVAP	1	1174,74	3.107,86 €	4.282,60 €	4.282,60 €
418 Axente Protección Cidadá	10	0	1.554,00 €	15.540,00 €	27.592,60 €

No orzamento 2025 esta dotada a aplicación 92001210109 “Creación Fondo Adecuación Postos de Traballo”, cun crédito inicial de 50.000,00€ polo que dito incremento poderíase realizar con cargo a mesma.

Con anterioridade xa informouse o importe anual da reconfiguración e red denominación dos 3 postos Cod 46 Técnico/a Admón Xeral (Grupo A1 CD 26 CE 680) en postos Cod 331 Letrado/a asesor Xurídico e que supón un total de 6743,10 € (2247,70 €/posto, correspondentes a diferenza entre o CD 26 e o 28)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 118 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

- b) revisión e corrección, no seu caso, do número de postos de diplomado/a Social adscritos a Área de Benestar Social.

Revisado os orzamentos dos anos 2023, 2024 e 2025 comprobouse a existencia actualmente dun total de 43 prazas, 42 con vínculo funcional e 1 laboral, catro delas creadas no orzamento 2025

No servizo de Benestar Social figuran un total de 38 prazas de Diplomado/a en Traballo Social", que se corresponden cos seguintes postos:

RELAC LAB	POSTO	O	OI	V
FC	Xefe/a Benestar Social	1		
FC	Diplomado/a Traballo Social	20		
FC	Diplomado/a Traballo Social		7	
FC	Diplomado/a Traballo Social		4	
FC	Diplomado/a Traballo Social			1
FC	Diplomado/a Traballo Social			1
LAB	Diplomado/a Traballo Social			1
FC	Diplomado/a Traballo Social			3

Prazas FC Ocupadas: 21

Prazas FC Ocupadas interinamente: 11, 7 das cales inclúense na OEP Estabilización, 3 na OEP 20-21-22 e 1 na Oep 23.

En canto as vacantes unha correspóndese cunha vacante da OEP 17-18-19 do turno de Discapacitados que quedou deserta e que se inclúe en la oep 24, unha da OEP 22 aínda sen executar, 3 creadas no orzamento 2025 e unha de natureza laboral, incluída na OEP de estabilización.

As 5 prazas restantes correspóndense co

RELAC LAB	SERVIZO	POSTO	O	OI	V
FC	Igualdade	Xefe/a Igualdade	1		
FC	Igualdade	Diplomado/a Traballo Social	1		
FC	Igualdade	Diplomado/a Traballo Social			1
FC	CEDRO	Diplomado/a Traballo Social	1		
FC	Xuventude	Xefe/a Xuventude			1

Das dúas vacantes, unha correspóndese coa praza creada no orzamento 2025 e outra coa praza vacante de Diplomado en Traballo Social producida pola xubilación no ano 2024 da funcionaria adscrita ao posto de Xefa de Xuventude

Na Mesa Xeral de Negociación, na súa sesión de 04/12/2024, acordouse a inclusión de dúas prazas de "Diplomado/a en Traballo social" na OEP 2024, cando solo poderíase haber incluído unha, correspondente a vacante producida no ano 2024, toda vez que a vacante por xubilación producida en marzo 2023 xa foi incluída na OEP 23, e as outras dúas vacantes corresponderíanse unha a praza do turno de diversidade da OEP 2017-2018-2019, que

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 119 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

quedou deserta, e que foi acumulada a OEP 24 e outra a correspondente ao mesmo turno de diversidade da OEP 22, en fase de execución.

En consecuencia o numero de postos adscritos ao Servizo de Benestar Social que se corresponden coa praza de natureza funcionaira de "Diplomado en Traballo Social" serian 37, das que 36 asociarianse co posto "Diplomado/a Traballo Social" e 1 co posto Xefe/a Benestar Social. Amais figuraria unha praza de natureza laboral que corresponderiase cun posto "Diplomado Traballo Social"

Do cal se lle da traslado aos efectos procedentes."

IV.- SOBRE A MOTIVACIÓN XURÍDICA DA MODIFICACIÓN PROPOSTA. BREVE APOR- TACIÓN Á SUXEIÇÃO AO SERVIZO AOS INTERESES XERAIS NO EXERCICIO DA PO- TESTADE DE AUTOORGANIZACIÓN.

Respecto da motivación xurídica da proposta, e como xa se ten exposto en anteriores apartados da presente fundamentación xurídica, o artigo 74 do TREBEP, establece que *"las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos."*

De conformidade coa Disposición derogatoria única, apartado b) do citado TREBEP, permanece vixente no que non contradiga á normativa posterior o establecido no artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, que define á relación de postos de traballo como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal daccordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto de traballo.

Tras a modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local, nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación a competencia para a aprobación das relacións de postos de traballo ou instrumentos equivalentes reside na Xunta de Goberno Local -xuntamente coa competencia para a aprobación das retribucións do persoal municipal- sempre de conformidade co establecido nos orzamentos municipais aprobados polo Pleno da Corporación, e obviamente respectando a competencia que para a aprobación do cadro de persoal ou plantilla recolle o artigo 123.1.h) da LBRL, vinculada á aprobación de tales orzamentos municipais para cada exercicio económico.

A competencia residual en materia de persoal residencia na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) in fine -sempre sen vulneración das referidas competencias plenarias, así como da competencia en materia da superior dirección do persoal municipal que a Alcaldía-Presidencia ostenta consonte ao artigo 124.4.i) e as que poida ostentar por delegación a Concellería-delegada competente en materia de persoal en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, así como a Concellería-delegada competente en materia de Seguridade en canto á xefatura directa e inmediata do persoal do Corpo da Policía Local- implica que a Administración Local pode proceder á regulación dos seguintes aspectos:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 120 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

- Concreción dos postos de traballo que resultan necesarios en cada servizo e determinación das funcións inherentes ao mesmo, a través das titulacións esixidas para o seu desempeño.
- Fixación da forma de provisión de postos de traballo, dentro da marxe de discrecionalidade permitido pola lei.
- Asignación de funcións en exclusiva de determinados postos, xunto coa determinación do sistema de retribucións consonte ao disposto na normativa vixente.

Como sinala a doutrina especializada (v. CORRAL VILLALBA, J. en “Manual de Gestión del personal de la Administración Local”, Editorial Thomson Civitas, 1ª edición, ano 2000; PÉREZ LUQUE, A. en “La provisión y pérdida de puestos de trabajo de las Corporaciones Locales”, Editorial El Consultor de los Ayuntamientos y Juzgados, 1ª edición, ano 2005) a Administración goza de iniciativa propia para modificar en calquera momento a relación de postos de traballo, como ocorre con calquera outro instrumento de ordenación de persoal; en concreto, son frecuentes as modificacións puntuais tales como creación e supresión de postos de traballo, cambio de nivel de complemento de destino ou de complemento específico, novas atribucións ou novos requisitos para a provisión dos mesmos, en axuste ás necesidades da organización pública nos termos do servizo aos intereses xerais, sen que se trate de instrumentos pétreos de imposible revisión motivada.

A posibilidade de modificación e revisión de retribucións complementarias atópase expresamente contemplada no artigo 24, apartado b) do TREBEP, que contempla, en concreto, entre as mesmas, a retribución de *«la especial dificultad técnica, responsabilidad, dedicación, incompatibilidad exigible para el desempeño de determinados puestos de trabajo o las condiciones en que se desarrolla el trabajo»*, núcleo esencial do complemento específico.

A propia lexislación orzamentaria -rectora das retribucións dos funcionarios ao servizo das Entidades Locais ex artigo 93 LBRL- contempla a posibilidade legal de realización de adecuacións retributivas excepcionais e singulares, ao establecer o artigo 19, apartado Sete da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos xerais do estado para o ano 2023, entre as retribucións dos funcionarios públicos, que “lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo.”

Pola súa banda, e a como norma de rango regulamentario consonte ao principio de xerarquía normativa contemplado no artigo 9.3 da Constitución de 1978, debe citarse o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local, en cuxo artigo 4 recolle que *“el complemento específico está destinado a retribuir las condiciones particulares de algunos puestos de trabajo en atención a su especial dificultad técnica, dedicación, incompatibilidad, responsabilidad, peligrosidad o penosidad.”*

A maiores da motivación técnica exposta no apartado III anterior, cómpre engadir a motivación obxectiva seguinte:

a) Respecto da necesidade de axuste á plantilla dos postos de traballo de Letrado/a Asesor/a na Asesoría Xurídica Municipal:

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 121 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Neste punto cómpre sinalar que no marco do proceso de diálogo social foi cuestionada por sindicato CCOO a proposta de revisión de dous postos de traballo de técnico/a de Administración Xeral existentes na Asesoría Xurídica Municipal, a fin de contemplalos como postos de traballo de "letrado/a asesor/a". A base do cuestionamento parte de entender que conforma un "mecanismo de aceleración da carreira profesional respecto outros postos A1-A2".

Sobre elo enténdese necesario informar de que tal afirmación conforma apreciación subxectiva ou opinión de parte, pero non argumento fundado que permita considerar a proposta municipal como desviada, carente de motivación ou infundada. Elo debido a que a revisión dos dous postos de traballo proposta foi debidamente motivada pola Titular da Asesoría Xurídica Municipal en informe de data 26/09/2023 (documento nº 230302126) sendo incorporado aos traballos técnicos de elaboración do Capítulo I de gastos e plantilla orzamentaria para o ano 2024 (expediente nº 42.630-220) sen que na RPT correspondente ao ano se recollese a revisión solicitada. Tal motivación reproducése, por relevante e detallada, a continuación:

"1. Como resulta do art. 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Asesoría Xurídica é un órgano con dúas funcións públicas: o asesoramento xurídico e a representación e defensa en xuízo. A entidade destas dúas encomendas legais motivou a creación de dúas Áreas dentro deste órgano por medio do Acordo da Xunta de Goberno local do 4/3/2016 (expte. 27399/220), con base na proposta organizativa remitida dende o propio órgano (expte. 9387/111).

2. Cómpre recuperar, pois, a xustificación daquela ofrecida para a transformación-homoxeneización dos postos de "Letrado/a-asesor/a" e "Asesor/a xurídico/a adxunto/a" en "Letrado/a Asesor/a xurídico/a" na actual RPT, tendo en conta que ámbolos dous postos partiron igualmente de prazas de Técnico/a de Administración Xeral.

"A definición das funcións do posto de traballo da praza de Técnico de Administración Xeral as define con suficiente exactitude a vixente Guía de funcións aprobada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo. Na mesma, relaciónanse todas aquelas funcións propias ao posto "de acceso" ao grupo A1 da escala de Administración Xeral (EBEP).

Sen embargo, a totalidade dos técnicos de administración xeral adscritos á Asesoría Xurídica non só levan a cabo as funcións propias dun técnico de administración xeral, quen de seu accede coa formación específica e a preparación axeitada para o desenvolvemento destas funcións, senón que engade as funcións propias do Asesor Xurídico, e as do Letrado-asesor xurídico.

A función estricta de asesoramento xurídico xa conleva unha maior dedicación e especialización que a básica de redacción de informes dun técnico de administración xeral, especialmente no caso dos informes preceptivos, ao tratarse de documentos que se atopan suxeitos a unhas esixencias xurídicas máis elevadas que un informe ordinario, e que normalmente sirven de base para a motivación da desestimación ou



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 122 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

estimación de recursos, como compilación dunha situación de facto complexa ou prolongada no tempo, e que sobrepasan o ámbito de xestión dun Servizo/Área.

Se ao anterior se engade a realización das funcións de Letrado-asesor xurídico, comprensiva da representación e defensa do Concello perante os órganos xurisdiccionais, atopámonos fronte a un posto, o de Letrado-asesor xurídico que excede o esixible a un técnico de administración xeral en canto a especialización, dedicación, dificultade e penosidade no traballo. Isto é así porque nas probas de acceso non se diferencian as funcións propias e engadidas nin de asesor xurídico, nin as de letrado-asesor; nin o temario se axusta a esta especialidade, nin se indica nas convocatorias o destino -posible- de adscripción. Tampouco con posterioridade á toma de posesión figura expresamente programado un plan de formación especificamente dirixido á especialización nestas materias, resultando con isto que o perfil dos funcionarios a adscribir a este tipo de posto de Letrado-asesor xurídico resulta moi específico, pois a maiores da titulación universitaria e o acceso á función pública, requírese unha actitude de auto-formación, superación e compromiso que non se ve recompensado cun nivel retributivo diferenciado do de un técnico de administración xeral.

A asunción non só de máis materias de estudio e actualizacións que as que se atribúen a un técnico de administración xeral, coa clara afectación do funcionario/a fóra da xornada laboral, senón coas responsabilidades que en solitario se asumen coa sinatura de escritos procesuais, coa fixación de criterios xurídicos nos informes, e mesmo coa convalidación do traballo de outros Servizos, determinan que os postos non deban figurar diferenciados só a efectos da súa constancia na Guía de Funcións, senón tamén a efectos de retribución, razóns polas que deben figurar co C.D. 28, C.E. Cód. 660.”

Como se indicou, ese acto firme da XGL do 4/3/2016 incorporou a anterior xustificación: “Ao dito expediente se acompañan os documentos técnicos organizativos seguintes, contendo a motivación e a análise das modificacións propostas, e tomados como referencia pola concellería-delegada da Área de Xestión Municipal:

Proposta organizativa da Asesoría Xurídica Municipal (expediente nº 9387/111)”

3. En datas máis recentes, o Acordo da Xunta de Goberno Local do 23/9/2022, de aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo 2022 (expte. 1690-110) mantíña esta motivación en termos semellantes, para xustificar o modo de provisión dos postos de Letrado/a Asesor/a xurídico/a:

“Letrado/a asesor/a xurídico/a

Corresponde á Asesoría Xurídica a asistencia xurídica ao Alcalde, á Xunta de Goberno Local e aos órganos directivos, comprensiva do asesoramento xurídico e da

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 123 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

representación e defensa en xuízo do Concello de Vigo e dos seus organismos públicos.

Nas entidades locais non está creada a subescala específica de letrados e que os mesmo realizan funcións específicas e distintas as de técnico de administración xeral. A especial responsabilidade do posto radica nas funcións atribuídas en materia de asesoramento á Alcaldía, a Xunta de Goberno, Concellerías delegadas e órganos directivos. A especial confianza ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órganos superiores da administración municipal que require contar cunha especial confianza de dita persona, coa que ha de mantense un contacto profesional permanente e estreito no exercicio das funcións. Así mesmo se fundamenta exercicio das funcións de asesoramento ao órgano inmediato superior (alcaldía/concellería delegada) debido a que vai permitir que as mesmas se desenvolvan dende unha perspectiva xurídica pero tamén valorando aspectos de oportunidade e conveniencia esenciais na toma de decisións porque permite a consideración de todos os factores que inciden na determine a fixación de criterios que vinculan as unidades administrativas e a defensa en xuízo.

A especial responsabilidade do posto por razón das funcións que ten que desenvolver, de asesoramento e defensa en xuízo, esixíndose un grao extremo de confidencialidade respecto da información reservada municipal que poida ter que coñecer con motivo da súa intervención profesional, en cumprimento asimesmo do disposto no artigo 42 do Real Decreto 658/2001, de 22 de xuño, polo que se aproba o Estatuto xeral da Abogacía. Así mesmo a persoa titular do posto ten unha especial posición dentro da organización administrativa xa depende directamente dun órgano superior polo que no exercicio das súas funcións manexa datos e información de carácter interno que en moitas ocasións ten carácter restrinxido e reservado

A natureza das funciones, o grado de competencia e a responsabilidade que esixe o seu desempeño determinan a necesidade de contar con persoal funcionario de total confianza e implicación nas funcións ecomendadas a asesoría xurídica.

A titulación esixida será de licenciado/a en dereito ou grao e máster equivalente. Así mesmo na rpt actual está previsto a súa provisión mediante o sistema de libre designación e logo da súa convocatoria pública un posto de traballo foi provisto definitivamente.”

4. En atención ao exposto ata o momento, dentro das funcións que como órgano debe exercer a Asesoría Xurídica, un posto de técnico/a de administración xeral presenta unhas limitacións funcionais que non dan completa resposta a todas as necesidades actuais da Asesoría e co propio esquema organizativo proposto no ano 2015 e acordado pola Xunta de Goberno o 4/3/2016, e do que desapareceron, para os postos do subgrupo A1 adscritos a este órgano, postos “base”, “de entrada”, ou en xeral,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 124 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

aqueles que carecen da posibilidade de especialización intrínseca ás funcións diferenciadas dun/ha técnico/a de administración xeral (praza de todos eles). Xa que limita a polivalencia que debe ter os profesionais que presten os seus servizos neste órgano, no senso de que realicen de xeito estable a función de representación e defensa xudicial, legalmente atribuída.

5. En base ao exposto, existindo xa na RPT posto de Letrado/a-Asesor/a Xurídico/a, solicítase, que o posto de TAX se substitúa polo devandito posto de Letrado/a-Asesor/a Xurídico/a, máis axeitado en relación coas funcións a desenvolver na Asesoría xurídica, por razóns de interese público e consonte á xustificación exposta neste escrito e que consta igualmente en actos firmes que validaron e asumiron a natureza deste tipo de postos, permitindo a súa polivalencia para a realización das funcións, en función da frecuencia de tarefas, ben dependentes da Xefatura da Área Xudicial, ben dependentes da Letrada Xefa de Asesoramento (xurídico interno)."

Complementariamente a elo, débese indicar que os postos de traballo tipo de "Letrado/a Asesor/a" mostran unhas características que difiren notablemente dos postos de traballo tipo de "Técnico/a de Administración Xeral", parecendo que a confusión entre os mesmos pode ser a causa que motive a consideración sindical das alegadas como posicións profesionais aparentemente máis "vantaxosas" dos primeiros.

Ao respecto delo, cómpre indicar que, se ben ambos postos de traballo tipo -os de letrado/a asesor/a e os de TAX- están asociados orzamentaria e contablemente a prazas de técnicos/a de Admón. Xeral en plantilla, o contido funcional dos mesmos, así como o grao de autonomía e de responsabilidade asignados, difiren notoriamente entre eles.

Así, os técnicos de Admón. Xeral das entidades locais teñen asignadas legalmente as xerais e burocráticas **funcións de xestión, estudo e proposta de carácter superior** (art. 169.1, letra a) do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) con posibilidade de emitir informes de natureza "xurídica e económico-contable" consonte ás vixentes guías sobre funcións dos postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local coa RPT correspondente ao ano 2022, e baixo a dependencia xerárquica das xefaturas correspondentes, consonte ao establecido no art. 103.1 da Constitución de 1978; xefaturas que asumen e exercen a superior dirección xurídica correspondente -no caso de dispoñer da titulación académica en Dereito correspondente- nos termos do establecido tanto na normativa vixente como nos eventuais acordos municipais que ao efecto podan ter sido adoptados conforme a aquela.

Pola conta, aos letrados das entidades locais correspóndelle unha responsabilidade superior, que non é outra que a de exercer **funcións de defensa procesal da Administración e de asesoramento letrado** -que non técnico, carentes de contido funcional tramitador e xestor, e respecto das cales o Tribunal Supremo ten declarado a súa relevancia, caracterizada pola **regra xeral da suxeición á xerarquía dos letrados locais**, suxeición que o Alto Tribunal entende como matizada pola **autonomía funcional e a responsabilidade destes (STS 188/2024,**

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 125 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

de 5 de febreiro, Sala Terceira, rec.8849/2021, dictada en casación)¹; determinando o TS que:

"Tratándose de funcionarios que ejercen la defensa procesal de la Administración, las reglas generales expuestas confluyen con las que informan las relaciones entre el abogado y su defendido según el Estatuto General de la Abogacía Española, aprobado por Real Decreto 135/2021, de 2 de marzo (artículos 47º y 48). Si en el ámbito privado el cliente debe respetar la independencia y libertad del abogado, la Administración debe respetar el principio de conducta al que se refiere el artículo 54.3 antes citado y que aleja la idea de subordinación como exigencia de una actuación ciega o acrítica; la llamada a la lealtad y buena fe que se exige al funcionario tiene su correlato en el ejercicio de la abogacía, basado en el principio de confianza recíproca y en la obligación del abogado de informar sobre el estado y viabilidad del asunto";

Para sentar como **doutrina casacional** a seguinte:

"1º Para actuaciones contenciosas, los letrados integrantes de un servicio jurídico municipal actúan conforme a las reglas del ejercicio de la abogacía y, como funcionarios, con sujeción al principio de jerarquía, subordinados al ayuntamiento para el que prestan sus servicios, debiendo desempeñar esas funciones con sujeción a los principios de actuación, éticos, de conducta y a los deberes que prevé el EBEP y conforme a los criterios de actuación profesional que fije esa Administración.

2º Como consecuencia, el Ayuntamiento al que defienden puede dictar instrucciones u órdenes de servicio que ordenen la actuación de esos servicios jurídicos para ejercer la facultad que les concede el artículo 54.2 de la LJCA. Esta ordenación no es de naturaleza procesal sino de régimen organizativo o interno."

Pola súa banda, autores como Vega (2024)² profundizan no **carácter prioritario e esencial dos letrados das Entidades Locais**, facéndose eco do posicionamento dos órganos xurisdiccionais ao respecto. Así, o autor expón o criterio manifestado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en **Sentenza nº 484/2024, de 19 de xuño** (Sección Primeira da Sala do Contencioso-administrativo) na cal o autor indica que *"la Sentencia de apelación confirma lo dispuesto en la Sentencia de instancia tras recordar que ese precepto dispone que las administraciones públicas que no cumplieran los objetivos de estabilidad presupuestaria y deuda pública y de regla de gasto tendrán una tasa de reposición del 100% en los siguientes sectores y ámbitos de actuación: «Administraciones públicas respecto del asesoramiento jurídico y la gestión de los recursos públicos».*

1 V. Chaves García, J.R. (2024). *Los letrados públicos son independientes pero no soberanos, Supremo dixit*. Entrada de blog especializado accesible en <https://delajusticia.com/2024/02/19/los-letrados-publicos-son-independientes-pero-no-soberanos-supremo-dixit/>

2 Vega Felgueroso, J. (2024). *¿Los letrados consistoriales son necesariamente funcionarios? ¿Son plazas prioritarias?*. El Consultor de los Ayuntamientos, Nº 11, Sección Abogacía Pública Local, Noviembre 2024, LA LEY.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 126 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

Así centrado el debate la Sala entiende que no hay duda de que la condición de Letrado/Asesor Jurídico implica no sólo la representación ante los Tribunales del Concello en defensa de sus intereses ante cualquier orden jurisdiccional, sino también el asesoramiento jurídico, pues incluso la denominación del puesto incorpora exactamente como condición profesional de quien lo ejerce la de practicar ese asesoramiento jurídico y por otra parte, es claro que en su definición de aquellas actuaciones para las que estaría habilitado un profesional que ha obtenido el título de Abogado, toda vez que el art. 1.2 de la Ley 34/2006 de 30 de octubre, sobre el acceso a las profesiones de Abogado y procurador de los Tribunales, incluye la prestación de la oportuna asistencia letrada junto con el asesoramiento en Derecho.
En definitiva, asistencia jurídica interna y representación y defensa externa conforman las dos caras de la moneda de las funciones del puesto de trabajo, por lo que las plazas de Letrados/Asesores Jurídicos tienen la condición de prioritarias en el marco de la reposición de efectivos."

Non resulta complexo deducir o carácter **necesario** da revisión proposta, en cumprimento das obrigas normativas expostas, e en forma que permita ao Concello de Vigo dispoñer de profesionais funcionarios públicos que exerzan cometidos tan relevantes como a defensa xurídica da propia institución. Complementariamente, a ausencia de identidade entre os dous tipos de postos de traballo de letrados e de TAX, e a ausencia de identidade do respectivo contido funcional inherente a cada un deles, consonte á doutrina xurisprudencial invocada, aconsella obxectivamente, dende a estricta perspectiva do debido servizo aos intereses xerais, a revisión proposta, sen que caiba un debate moito maior, dado que un letrado non ten a condición manaxerial ou xestora.

A maiores delo, a consideración da dita revisión polo sindicato indicado como mecanismo hipotéticamente "acelerador da carreira profesional" (sic) carece de sustento obxectivo, toda vez que os dous postos de traballo cuxa revisión se propón correspóndense con dúas prazas de nova creación na plantilla orzamentaria aprobada polo Pleno da Corporación para o ano 2024, que nunca foron ocupadas -nin interina nin temporalmente- debendo os postos de traballo asociados -sexan de TAX ou sexan de letrado- ser provistos polos sistemas de provisión normativamente establecidos, a cuxa convocatoria pública poderá concorrer calquera técnico/a de Administración Xeral do Concello de Vigo que dispoña da titulación esixida (código 6- Dereito) e que teña interese en desempeñar e asumir tales responsabilidades e funcións. Non observándose, por tanto, onde pode residir, nin en qué consiste, a hipotética vantaxe competitiva alegada por sindicato CCOO na sesión negocial celebrada, máis aló de ser froito dunha máis que probable confusión conceptual, entedendo como idénticas dous categorías profesionais que, como se ten exposto e como a propia xustiza ten declarado, son ben diferentes entre si.

b) Respecto da motivación da forma de provisión dos postos de traballo e do tipo de vínculo xurídico

No marco do expediente administrativo nº 1690-110, tramitado no ano 2022 para a aprobación da relación de postos de traballo correspondente ao dito ano sentáronse as bases para a definición dos sistemas de provisión dos postos de traballo do Concello de Vigo, consonte tanto á normativa vixente como ás resolucións xudiciais dictadas no ámbito do Concello de Vigo na concreta materia. Cómpre, por tanto, efectuar unha remisión íntegra e expresa á memoria xustificativa, asinada pola Secretaria do Goberno Local en data 27/06/2022, dada a detallada base xurídica motivadora da concreta forma de motivación dos postos de traballo,

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 127 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

e dado que consonte á mesma teñen sido elaboradas e aprobadas as RPTs correspondentes aos anos 2023, 2024 e a presente proposta para o ano 2025.

O documento da memoria indicada poder ser consultado en forma pública por calquera persoa interesada accedendo ao Portal de Transparencia do Concello de Vigo, na ruta de enlace seguinte:

<https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=ga>

No relativo ao tipo de vínculo xurídico dos postos de traballo, indícase que se cumpre a regra xeral establecida nos arts. 9. 2 do TRLEBEP e 22. 3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG) debendo considerar que, na realidade organizacional do Concello de Vigo, coexiste unha diversidade de postos de traballo en réxime funcional e laboral, derivada tanto da configuración preexistente en ámbitos sectoriais especializados - oficios, servizos sociais comunitarios, actividades deportivas, entre outras- como da incorporación á plantilla do Concello de Vigo, en data 1 de xaneiro do 2016, da totalidade do persoal pertencente ata o momento aos extintos organismos autónomos Instituto Municipal de Deportes (IMD); Escola Municipal de Artes y Oficios (EMAO) e antigo VigoZoo; proceso que aumentou exponencialmente a complexidade e intensidade da xestión de recursos humanos na Administración Municipal, ao incrementar a porcentaxe de persoal laboral en plantilla- dado que ése era o vínculo xurídico que se mantiña entre os extintos OOAA e o seu persoal- e ao estar esta clase de persoal suxeito ao ordenamento xurídico laboral, que establece un réxime de dereitos e obrigas sustancialmente diferente ao do persoal funcionario, estando sometido á xurisdicción social, na cal rexe o esencial principio pro operario.

En contraste co anterior, os funcionarios públicos manteñen unha relación de servizo coa Administración á cal serven; relación rexida polo Dereito Administrativo, que determina que a relación de servizo ten a condición de suxeición especial, de natureza reforzada e sometida ao control xurisdiccional na orde contencioso-administrativa; integrando este persoal a maior parte da plantilla municipal.

Coa finalidade de acadar a máxima eficiencia na xestión pública de recursos humanos, así como de dispoñer de instrumentos de clasificación e ordenación de recursos humanos que contemplan con detalle os aspectos técnicos especializados que na actualidade requiren as relacións de postos de traballo, foi adxudicado tras o procedemento de licitación pública o contrato administrativo de servizos para a realización de estudo analítico, avaliativo, diagnóstico e estratéxico da vixente RPT do Concello de Vigo, elaboración das guías de funcións, análise de estruturas organizativas e funcionais con perspectiva de xénero e avaliación da suficiencia dotacional en plantilla (expediente nº 43.010-220); contrato que se atopa en execución á data actual, e que permitirá á Área de Recursos Humanos e Formación elaborar os correspondentes instrumentos específicos, en forma que podan ser aprobados polos órganos municipais competentes, tras o correspondente e preceptivo proceso de diálogo social.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 128 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

c) Respecto dos postos de traballo contemplados na RPT como de carácter singularizado

Neste punto, pola xefatura asinante efectúase unha remisión expresa ao informado ao respecto do mesmo punto en informe de data 12/02/2025 (expediente nº 46.117-220) no cal se realizou unha análise detallada sobre a materia.

d) Respecto dos axustes técnicos efectuados nos postos de traballo pertencentes ao Corpo da Policía Local

Cómpre lembrar que na RPT correspondente ao ano 2023 (expediente nº 43.934-220) incorporouse un novo modelo organizativo e funcional no Corpo da Policía Local, tendente á maximización da eficiencia nun Corpo de relevancia estratéxica en toda Administración Local. Os axustes que se contemplan na actual proposta de RPT 2025 conforman directa derivación do modelo aprobado e implementado, consonte á motivación aportada pola xefatura do Corpo en informe de data 06/05/2025 (documento nº 250103190) e a motivación técnica detallada en informe técnico de data 04/06/2025 transcrito nos antecedentes.

V.- SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS.

Durante o prazo indicado constan presentadas as alegacións seguintes, segundo certificación do rexistro xeral do Concello obrante no expediente (trámite 113) e na cal literalmente certifícase:

"Que no BOP de Pontevedra nº 174 de data 12 de setembro de 2025, publicouse o anuncio en relación ao "EXPEDIENTE DE PROPOSTA DE APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE VIGO (RPT) 2025. EXPTE. 46152/220".

Someteuse a información pública polo prazo de vinte días (10/10/2025), a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Os interesados no mencionado prazo puideron examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Consultado o rexistro electrónico deste Concello (por palabras e número de expediente), presentaron as seguintes alegacións:

DOCUMENTO DATA APELIDOS E NOME/RAZÓN SOCIAL

250266532 29/09/2025 VILABOY FREIRE, M.P.

250269091 01/10/2025 NUÑEZ ABOY, M.

250273302 06/10/2025 NUÑEZ ABOY, M.

250277747 08/10/2025 PEDROSA LEIS, C. (COLEGIO OFI. LIC. EDU. FÍSICA)

250278822 09/10/2025 MARTINEZ RAMOS, E. (SINDICATO CUT)

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 129 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

250279122 09/10/2025 CASIPOL

250279177 10/10/2025 JORGE ALVAREZ, M.

250279532 10/10/2025 ALONSO REGUEIRO, I. (SINDICATO CIG)

250279468 10/10/2025 CRESPO HARRISON, A.A.

250279852 10/10/2025 NUÑEZ ABOY, N.M.

250279851 10/10/2025 GONZALEZ, M.E.

250279972 10/10/2025 ENTENZA GARCIA, T.

250280107 10/10/2025 ELVIRA MUÑOZ, T.

250280014 10/10/2025 SICO

250280290 10/10/2025 SICO

250280298 10/10/2025 SICO"

Amais delo, e como xa se sinalou nos antecedentes, consta a remisión á Área de Recursos Humanos e Formación de varios documentos que non conforman alegacións, enviados por varias xefaturas municipais, solicitando a realización de actuacións complementarias na RPT inicialmente aprobadas e negociada; solicitando a revisión retributiva dos propios posto de destino, e/ou instando a revisión de erros.

Tales documentos identifícanse como os seguintes:

- Doc. 250264226 (Xefatura da Área de Benestar Social)
- Doc. 250265262 (Xefatura da Area de Seguridade e Mobilidade)
- Doc. 250266811 (Xefatura do Servizo de Benestar Social)
- Doc 250278832 (Xefatura da unidade de Conserxería)
- Doc. 250279271 (Xefatura do Servizo de Comercio)
- Doc 250280153 (Xefatura do Servizo de Participación Cidada e Desenvolvemento Local)
- Doc. 25048452 (Xefatura do Corpo da Policía Local)

Ao respecto deles, e visto o seu contido, compre indicar que a RPT 2025 ten por obxecto a actualización ao marco orzamentario vixente definido polo Pleno da Corporación no Capítulo I de gastos dos vixentes Orzamentos Municipais 2025, sen conlevar a revisión da organización existente, así como a depuración dos erros detectados.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 130 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

Todas as xefaturas do Concello de Vigo, a salvo de erro ou omisión, teñen remitido as correspondentes memorias organizativas para a revisión integral da organización existente, que se abordará a partires do 2026 unha vez se dispoña do estudio contratado no marco do expediente nº. 43.010-220 reiteradamente citado.

Por tanto, e dado que a consideración das mesmas suporía alterar o marco do acordo adoptado na mesa xeral de negociación, aí como interferir no traballo experto contratado, estímase improcedente o seu análise no actual expediente, debendo ser recollidas aquelas propostas que se estimen procedentes e resulten fundadas nas memorias organizativas correspondentes.

Deixando constancia de que se rectifica de oficio o erro comunicado respecto das titulacións esixidas aos postos de "inspectores/as principais" e "inspectores/as" dado que debe constar a titulación clave "2" (diplomado/a universitario ou equivalente) ao corresponderse con postos encadrados no subgrupo A2 de titulación.

A continuación procédese á análise individualizada das alegacións presentadas:

-250266532 29/09/2025 VILABOY FREIRE, M.P.

Refírese esta alegación á revisión dos complementos retributivos do posto de "técnico/a auxiliar de Biblioteca", en relación coa cal se informa que ao efecto precisase da previa análise, avaliación e revisión da RPT no seu conxunto, constando a adxudicación e conseguinte formalización de contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a a revisión da RPT, guías de funcións, estruturas organizativas e funcionais con perspectiva de xénero, e avaliación de suficiencia dotacional (expediente 43.010-220); contrato actualmente en execución, e cuxo prazo remata no mes de abril do 2026.

Polas razóns expostas, a alegación debe ser desestimada.

-250269091 01/10/2025 NUÑEZ ABOY, M. e 250273302 06/10/2025 NUÑEZ ABOY, M.:

No relativo a esta alegación, infórmase que o posto de traballo de "xefe/a de normalización lingüística," creouse no Concello de Vigo en execución do resolto na sentenza 21/2021 do Xulgado do contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, establecéndose como sistema de provisión do citado posto o concurso de méritos (ordinario) (C). Estas mesmas condicións do posto reproducíronse nas posteriores RPT 2022, 2023 e na vixente RPT 2024.

Na proposta de RPT 2025, consonte ao informe técnico obrante no expte 45.698-220, e á vista das funcións concretas asinadas ao posto e a esixencia técnica e específica establece-se como sistema de provisión do posto o concurso específico, no que os candidatos/as acrediten que teñen unha formación adquirida polo grado de titulación académica e un coñecemento específico en relación co contido do posto a desenvolve, estando contemplada na RPT inicialmente aprobada que as xefaturas de servizo, entre outros postos, proveeranse como regra xeral por tal sistema de concurso específico.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 131 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

En canto ao encadramento nos subgrupos A1/A2, de titulación como posto barrado, indícase que o posto de traballo foi creado integrado no subgrupo A segundo os termos e condicións do establecido na resolución xudicial firme anteriormente citada, polo que non procede a admisión da mesma.

No relativo ás obrigas de negociación colectiva respecto da forma de provisión dos postos de traballo, indícase que o instrumento ten sido negociado coa representación sindical do persoal lexitimada ao efecto, tal e como consta nas correspondentes actas da mesa xeral de negociación e se indica nos antecedentes, debendo engadir que, en cumprimento do establecido nos arts. 28 e 104 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, na proposta de RPT 2025 aprobada inicialmente pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 05/09/2025 recóllese o seguinte:

"Con carácter xeral a convocatoria de provisión dos postos están dirixidas aos funcionarios da propia administración. Non obstante conforme ao establecido no artigo 101.1 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e artigo 38.5 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia funcionarios doutras Administracións poderán ocupar os postos de Xefatura de área/Xefatura de Servizo/letrado asesor, xefatura de Servizo/xefatura de departamento/xefatura de sección/ xefatura de unidade Asesor/a adxunto relacionados poidan abrir a súa provisión a persoal externo do Concello, circunstancia que se materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo."

Polas razóns expostas, a alegación debe ser desestimada.

-250277747 08/10/2025 PEDROSA LEIS, C. (COLEGIO OFI. LIC. EDU. FÍSICA)

Nesta alegación solicítase que:

- 1.- Se acorde exixir a titulación universitaria de Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte ou equivalente para os postos de Xefe/a do Servizo de Deportes – Director Deportivo, Adxunto/a á Xefatura do Servizo de Deportes- Director Técnico, Coordinador/a deportivo e Técnico/a de Deportes.
- 2.- Se acorde a clasificación dos postos de Coordinador/a deportivo e Técnico/a de Deportes no subgrupo A1.
- 3.- Se acorde como sistema de provisión do posto de Xefe/a do Servizo de Deportes –Director Deportivo o sistema de concurso específico.

Ao respecto dela, cómpre indicar o seguinte:

En primeiro lugar poñer de manifesto o erro detectado na titulación requirida para o posto "Técnico/a Deportes", na que debería figurar o código 103, como os demais postos encadrados no subgrupo A1 de titulación no servizo de Deportes, polo que procede a súa estimación e a súa corrección no Anexo I.

Por outra banda, a determinación de esixencia de titulación cod 103 Grao Rama Ciencias da Saúde ou equivalente para os postos de Xefe/a servizo Deportes-Director Deportivo, Adxunto/a xefatura servizo Deportes-Director técnico, Coordinador Deportivo e Técnico de Depor-



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 132 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

tes, establécese dacordo coas equivalencias entre as titulacións anteriores (licenciatura) e as áreas de coñecemento nas que se agrupan os estudos universitarios actualmente: Artes e humanidades, ciencias, ciencias sociais e xurídicas, enxeñería e arquitectura e ciencias da saúde.

Do estudo do asunto, conclúese que, ao obxecto de que a titulación esixida se adecúe no maior grao posible aos coñecementos necesarios para un óptimo desenvolvemento das funcións dos postos incardinados no servizo de deportes (en concreto, aqueles encadrados na escala de Administración Especial) a titulación requirida debe cingirse ás dos ámbitos de coñecemento que figuran no anexo I do Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, no que se inclúe o ámbito da actividade física e ciencias do deporte, entendendo este, como un campo multidisciplinar de estudo da actividade física, o deporte e o exercicio dende perspectivas científicas, sociais e de xestión, co obxectivo principal de promover a saúde e o benestar da cidadanía.

Enténdese que deben ter cabida todos os Grados Oficiais relacionados co ámbito das actividades físicas e deportivas, tanto o grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, o Grao en Xestión Deportiva, así como outros graos universitarios que, de forma máis o menos explícita, teñen que ver coa actividade deportiva, incluídos aqueles que cunha formación complementaria (diploma/máster universitario) ou capaciten no ámbito deportivo (fisioterapia deportiva, psicoloxía do deporte, etc), .

Con respecto ao subgrupo de titulación do posto "coordinador deportivo", indícase que éste se encadra nos subgrupos A1/A2 de titulación, mentres, que o posto de "técnico de deportes" clasifícase no subgrupo A2, dada as distintas funcións, tarefas e responsabilidades a desempeñar por un dos postos.

De todos os xeitos, infórmase do estado actual de realización do estudo analítico, avaliativo, diagnóstico e estratéxico da vixente relación de postos de traballo do Concello de Vigo, no que se leva a cabo a análise e valoración dos postos, ao obxecto de identificar as posibles disfuncións organizativas, retributivas e funcionais existentes (expediente nº 43.010-220)

En relación co sistema de provisión definitiva do posto de "Xefe/a do Servizo de Deportes – Director Deportivo" polo sistema de concurso específico, cómpre sinalar que nas memorias contidas no expediente 1690-110 (tramites 162, 397, 441 e 687), figura que:

"serán obxecto de provisión polo sistema de concurso específico as xefaturas de servizo segundo o sinalado na guía de funcións e que segundo a RPT vixente teñen complemento de destino 28 e postos de nivel equivalente

Xefatura de Servizo

- /.../
- Xefatura de servizo de Deportes-Director Deportivo

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 133 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Pola contra, na proposta realizada en data 01/07/2022 (tramite 693 do expte 1690-110), no acordo da Xunta de Goberno de data 7/7/2022 e na publicación no BOPPO da aprobación definitiva da nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo (nº 188 de data 30/9/2022), a forma de provisión do posto figura como L.D.

No anexo I no apartado Claves empregadas e o seu significado, no punto 11- FP = FORMA DE PROVISIÓN, sinalase:

“Esta columna informa da forma de provisión dos postos: por concurso ordinario (C), concurso específico (CE), nomeamento polo pleno (NP) ou por libre designación (LD), o cal haberá de reflectirse nas bases da convocatoria que corresponda.

Para iso terase en conta o seguinte:

1. A regra xeral é o concurso ordinario.
2. O concurso específico, de acordo co contido do artigo 91.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG), é a forma de provisión das xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente, salvo aqueles que, polos seus especiais características segundo consta na memoria de data sinatura dixital de data 13.04.2022 , deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.
3. Son postos de provisión por libre designación con convocatoria pública aqueles postos cuxo contido e funcións responden a criterios de excepcionalidade que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de nivel 28 ou inferior segundo consta na memoria de data sinatura dixital 13.04.2022.
4. Os criterios de excepcionalidade deste Concello para a provisión de postos de traballo por libre designación son os seguintes
 - a) Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada do Concello. A especial responsabilidade fundaméntase en que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por encima do esixido a calquera funcionario, pois a súa difusión pode xerar importantes problemas de seguridade para o Concello. Este criterio afecta a:
 - Actuacións de protocolo, cerimonial e relacións públicas da Alcaldía.
 - Información estratéxica para a toma de decisións de órganos superiores do Goberno Local
 - Asesoramento e dependencia directa dun órgano superior.
 - b) Especial responsabilidade por garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou emerxencia. A especial responsabilidade desta atribución deriva de que, como consecuencia dunha situación de alerta sanitaria ou emerxencia que antepón o interese público ao interese privado, o exercicio da responsabilidade no posto de traballo pode levar á toma de decisións e ao establecemento de instrucións de actuación que afecten os dereitos das persoas.
 - c) Especial responsabilidade por garantir a protección de datos persoais, que se fundamenta na facultade de decisión sobre os sistemas e procedementos garantes do cumprimento de dereitos amparados pola normativa de protección de datos de carácter persoal, e exercerase ao desempeñar funcións que levan responsabilidade directa sobre os sistemas de protección de datos persoais.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 134 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

d) Especial responsabilidade relacionada coa axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas con instrumentos de organización de contido de fondo non regrado (elaboración de instrumentos de organización, planificación e ordenación)

5 - Aqueles órganos directivos da Administración Municipal conforme o artigo 130 da LRBRL

- O/a secretario/a de Goberno Local (Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local e ao Concelleiro Secretario).

- A titular da asesoría xurídica.

- O secretario xeral del Pleno.

- O interventor xeral municipal.

Así mesmo serán obxecto de provisión a súa lexislación específica

- Tesoureiro: (artigo 92 da LRBRL)

- Postos de colaboración; interventor/a adxunto, Viceinterventor/a adxunto/a e Secretario/a de Administración Municipal (artigo 15 do Rd 128/de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional)

- Tribunal económico administrativo: o presidente, vogal e secretario (artigo 137 da LRBRL)

- Superintendente Xefe/a Policía Local artigo 27 da Lei 4/2007, de coordinación de policía locais relativo ao nomeamento do Xefe do Corpo de Policía local)

Convocatoria

Con carácter xeral a convocatoria de provisión dos postos están dirixidas aos funcionarios da propia administración. Non obstante conforme ao establecido no artigo 101.1 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e artigo 38.5 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, é posible que funcionarios doutras Administracións poderán ocupar os postos de Xefatura de área/Xefatura e Servizo/letrado asesor, xefatura de Servizo/xefatura de departamento/xefatura de sección/ xefatura de unidade Asesor/a adxunto relacionados poidan abrir a súa provisión a persoal externo do Concello, circunstancia que se materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo.

3. Concurso de méritos

Constitúe o sistema normal de provisión, no que se terán unicamente en conta os méritos esixidos na correspondente convocatoria.

Serán obxecto de provisión polo sistema de concurso todos o postos para os cales non se determine de forma expresa a súa provisión polo sistema de libre designación ou concurso específico.

A ditos efectos os concursos de traslados realizaranse antes de cada proceso selectivo libre

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 135 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

para que o funcionario/a tome posesión do posto definitivo con anterioridade á incorporación do persoal de nova entrada. “

Polo tanto, considerase que se debe estimar a parcialmente a alegación realizada polo Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en ciencias da actividade física e do deporte, en canto a forma de provisión do posto de xefe/a de servizo de Deportes-Director Deportivo ao tratase dun erro, sendo a forma de provisión correcta a de "concurso específico".

Igualmente procede estimar a alegación en canto á necesaria actualización da titulación esixida para o exercicio de disciplinas deportivas, actualizando os códigos das titulacións dos postos A1 e A2 do dito servizo ao código 103 (Ciencias do Deporte) dado o encadramento das prazas asociadas aos postos de traballo correspondentes

-250279122 09/10/2025 CASIPOL

A alegación presentada contén unha serie de afirmacións que se analizan en forma individualizada, na forma seguinte:

- Presunta "nulidad de pleno derecho y vulneración del derecho de información, participación y libertad sindical": este motivo de alegación ten carácter infundado, e carece de base fáctica algunha. A relación de postos de traballo ten sido negociada cos sindicatos lexitimados ao efecto na mesa xeral de negociación do Concello de Vigo (materias comúns a persoal funcionario e laboral) e que son os seguintes, consonte ao resultado do proceso electoral sindical para o período representativo 2023-2027: CSI-CSIF-SICO, UGT, CIG e SN de CCOO.

Todos eles teñen tido o debido e previo acceso ao expediente a negociar, en forma que permita o debido coñecemento do mesmo. Non é certo que exista vontade por parte da Administración Municipal de Vigo de ocultar as actuacións administrativas á representación sindical, carecendo dita afirmación de veracidade e de base.

O acordo de aprobación inicial da RPT 2025 ten sido publicado preceptivamente nos diarios e boletíns oficiais, na forma establecida na normativa vixente.

Que teñan coñecemento as persoas asinantes, non consta solicitude de acceso e vista do expediente por parte do alegante CASIPOL, nin solicitude de acceso a información pública.

- Presunta "nulidad de pleno derecho y discriminación por falta de aprobación del catalogo de puestos de segunda actividad" : este motivo de alegación non pode ser aceptado, toda vez que o Concello de Vigo contratou en expediente 43.010-220 tantas veces citado o estudio integral da RPT e da plantilla con perspectiva de xénero, e no marco dos traballos técnicos en curso de execución actual tense solicitado polo Concello de Vigo á contratista a elaboración do catálogo de postos de segunda actividade. Será no marco da aplicación do estudio, e tras a preceptiva negociación colectiva, cando se proceda á incorporación á RPT.

No relativo ás acusacións de presuntas condutas discriminatorias e vulneradoras de dereitos no persoal do Corpo, indicar que non se ten constancia das mesmas,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 136 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

salientado que toda adaptación de postos de traballo no Concello de Vigo que resulte precisa por motivos de saúde é avaliada polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo, integrado por un servizo propio e por un servizo de prevención allo na especialidade de vixilancia da saúde, que conta co correspondente equipo médico avaliador competente ao efecto,

Polas razóns expostas, a alegación debe ser desestimada.

-250279532 10/10/2025 ALONSO REGUEIRO, I. (SINDICATO CIG)

En relación co numero de postos de “Diplomado/a Traballo Social, efectúase unha remisión ao xa informado en relación ás alegacións interpostas en docs 250278822, 250280107 e 250279177.

No referido ao posto de traballo de “Xefe/a Benestar Social” indícase que esta circunstancia se inclúe no apartado “observacións” do Anexo I da proposta de RPT 2025, tendo sido debidamente explicado no informe-proposta de aprobación inicial de data 21/07/2025 ao cal se efectúa unha remisión expresa neste punto.

Polo que se refire ao incremento do complemento específico por funcións de “atención ao público” do persoal administrativo e subalterno, remitínimos ao xa informado en relación ás alegacións interpostas en docs 250278822 250280107 e 250279177 por ter análogo contido.

En canto á titulación esixible para o posto de xefatura de Normalización Lingüística, indícase que a mesma figura no Anexo I da RPT 2025: Grao en estudos de galego e español, lingua e literatura galegas, galego-portugués ou licenciaturas equivalentes e calquera outro grao ou licenciatura da Area de coñecemento de humanidades ou ciencias sociais e xurídicas segundo o espazo MECES, sempre que se estea en posesión do certificado de lingua galega do nivel 5 (Celga 5).

O servizo de Normalización Linguística ten como principal misión fomentar o coñecemento e uso do galego, avanzando no seu uso institucional e público, convertindo á lingua nun instrumento normal de comunicación e interacción na vida social e municipal.

A modo de exemplo, indicar que no Boletín Oficial do País Vasco de data 18/06/2024, no que se publican as bases específicas da convocatoria de unha praza de técnico/a de normalización lingüística do Parlamento Vasco, a titulación esixida é a de grao universitario ou titulación equivalente, conforme o Espacio Europeo de Educación Superior, cun perfil lingüístico de euskera 4.

Na proposta de RPT 2025 esíxese, amais da titulación superior, estar en posesión do CELGA 5, o que capacita para a expresión oral e por escrito de forma fluída e espontánea en situacións diversas, para o coñecemento das normas ortográficas e morfosintácticas, permitindo o emprego axeitado dos mecanismos de organización e cohesión textual e a elección do vocabulario e as expresións máis axeitadas ao nivel e á finalidade de cada discurso. Porén, a persoa que acredite estar en posesión de tal titulación poderá identificar manifestacións

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 137 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

lingüísticas e sociolingüísticas do contacto idiomático, comprenderá as súas causas e o proceso de estandarización e normalización.

A posesión do Celga 5 capacita para a comprensión de calquera tipo de texto oral e escrito, independentemente da súa extensión, temática ou tipoloxía; e para recoñecer mesmo os sentidos implícitos, os valores connotativos e os que se poidan asociar ao contexto comunicativo

A titulación esixida, xunto coa formación complementaria facultaríalle para o desenvolvemento axeitado das funcións do posto, polo que debe desestimarse a alegación presentada

En referencia á titulación esixible ao posto Cod 425 “Técnico/a Prevención Riscos Laborais”, sinalar que éste correspondese cunha praza de enxeñeiro/a superior creado na plantilla municipal para o ano 2024 polo que a titulación esixible debe estar en concordancia coa praza á que se vincula dito posto, esixíndose como formación complementaria estar en posesión da titulación de Técnico/a superior en PRL e nas especialidades seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonomía e psicosocioloxía aplicada, nos termos recentemente definidos pola Xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 613/2025, do 22 de maio, rec. casación 300/2023, que determina que para o ingreso polo sistema xeral de acceso libre na Escala Técnica de Prevención de Riscos Laborais non é necesario o Máster en Prevención de Riscos Laborais, ao no vir esixida esta titulación en norma legal)

No relativo á convocatoria de provisión definitiva dos postos de traballo, cómpre indicar que revisadas as actas non se localiza, a salvo de erro ou omisión, a indicación sinalada pola alegante, indicando o debido cumprimento normativo na execución dos procesos de provisión actualmente en curso de execución.

Polas razóns expostas, a alegación debe ser desestimada.

-250279468 10/10/2025 CRESPO HARRISON, A.A.

En data 07/05/2024, resolverse adscribir a Conserxería (201) á funcionaria de carreira con praza de Subalterna (Ordenanza), D^a A. A. Crespo Harrison con DNI ***3085**, nº persoal 85230, ao posto 155- Ordenanza porteiro, dotación 9 (dotación que pasará a Benestar Social (301) segundo dilixencia asinada pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en 10/04/2024 (expediente 43635-220), subgrupo transitorio E, Empresa de Cotización 6, Grupo de Tarifa 9, contrato: 0, con efectos do 02 de maio de 2024.(Expte 43635-220)

A data de hoxe dita dotación do posto Ordenanza aínda figura na unidade administrativa 201- Conserxería, sendo modificada dita adscripción no anteproxecto do Capítulo I 2026, polo que dito cambio terá reflexo na RPT 2026.

Con respecto á inclusión no complemento específico do “plus ventanilla” e ás pretendidas diferencias retributivas con outros postos correspondentes a prazas análogas no servizo CEDRO, informar que ao efecto precísase da previa análise, avaliación e revisión da RPT no seu conxunto, constando a adxudicación e conseguinte formalización de contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a revisión da RPT, guías de funcións, estruturas organizativas e funcionais con perspectiva de xénero,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 138 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

e avaliación de suficiencia dotacional (expediente 43.010-220); contrato actualmente en execución, e cuxo prazo remata no mes de abril do 2026.

Polas razóns expostas, a alegación debe ser desestimada.

-250279852 10/10/2025 NUÑEZ ABOY, N.M.

Solicítase a corrección da disfunción retributiva existentes entre os postos aos que se atopan adscritas (Auxiliar) e o posto de auxiliar atención público, polo que se remite ao expresado no punto 8 do presente informe, en relación ao cal, infórmase que ao efecto precísase da previa análise, avaliación e revisión da RPT no seu conxunto, constando a adxudicación e conseguinte formalización de contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a a revisión da RPT, guías de funcións, estruturas organizativas e funcionais con perspectiva de xénero, e avaliación de suficiencia dotacional (expediente 43.010-220); contrato actualmente en execución, e cuxo prazo remata no mes de abril do 2026.

Polas razóns expostas, a alegación debe ser desestimada.

-250278822 09/10/2025 MARTINEZ RAMOS, E. (SINDICATO CUT); 250279851 10/10/2025 GONZALEZ, M.E., 250279972 10/10/2025 ENTENZA GARCIA, T. e 250279177 10/10/2025 JORGE ALVAREZ, M.:

Indícase que as anteriores alegacións son idénticas no seu contido, polo que procédese á análise e valoración conxunta para todas elas.

No relativo ao número de prazas e postos adscritos ao servizo de Benestar Social, cómpre sinalar que, revisados os orzamentos dos anos 2023, 2024 e 2025 compróbase a existencia actual dun total de 43 prazas, 42 con vínculo xurídico funcional e 1 laboral, 4 delas creadas no orzamento 2025

No servizo de Benestar Social figuran un total de 38 prazas de "Diplomado/a en Traballo Social", que se corresponden cos seguintes postos:

R. L	PRAZA	POSTO	O	OI	V
FC	D.T.S.	Xefe/a Benestar Social	1		
FC	D.T.S.	Diplomado/a Traballo Social	20		
FC	D.T.S. (OEP estabilizacion)	Diplomado/a Traballo Social		7	
FC	D.T.S.(3 OEP 20-21-22) (1 OEP 23)	Diplomado/a Traballo Social		4	
	D.T.S. (Div F OEP 17-18-19, incluída				
FC	OEP 24)	Diplomado/a Traballo Social			1
FC	D.T.S.(OEP 22)	Diplomado/a Traballo Social			1
LAB	D.T.S. (OEP estabilizacion)	Diplomado/a Traballo Social			1
FC	D.T.S. (Creadas orzamento 2025)	Diplomado/a Traballo Social			3
		Total	21	11	6

As 5 prazas restantes correspóndense con:

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 139 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

R L	PRAZA	SERVIZO	POSTO
FC	D.T.S.	Igualdade	Xefe/a Igualdade
FC	D.T.S.	Igualdade	Diplomado/a Traballo Social
FC	D.T.S. (Creada orzamento 2025)	Igualdade	Diplomado/a Traballo Social
FC	D.T.S.	CEDRO	Diplomado/a Traballo Social
FC	D.T.S. (Xubilacion 2024)	Xuventude	Xefe/a Xuventude

Das dúas vacantes, unha correspóndese coa praza creada no orzamento 2025 e outra coa praza vacante de Diplomado en Traballo Social producida pola xubilación no ano 2024 da funcionaria adscrita á Xefatura de Xuventude

Na Mesa Xeral de Negociación, na súa sesión de 04/12/2024, acordouse a inclusión de dúas prazas de "Diplomado/a en Traballo social" na OEP 2024, no canto de ter incluído unha correspondente a vacante producida no ano 2024, toda vez que a vacante por xubilación producida en marzo 2023 xa fora incluída na OEP 23, e as outras dúas vacantes corresponderíanse unha a praza do turno de diversidade da OEP 2017-2018-2019, que quedou deserta, e que foi acumulada a OEP 24 e outra a correspondente ao mesmo turno de diversidade da OEP 22, en fase de execución.

En consecuencia, o número de postos adscritos ao Servizo de Benestar Social que se corresponden coa praza de natureza funcionaria de "Diplomado/a en Traballo Social" son 37, das que 36 asociáranse co posto "Diplomado/a Traballo Social" e 1 co posto co de "Xefe/a Benestar Social".

Amáis delo, figuraría unha praza de natureza laboral, que se corresponde cun posto de "Diplomado/a en Traballo Social".

Con respecto á solicitude de inclusión do "plus de ventanilla" no complemento específico nos postos de Auxiliar adscritos ao servizo 301- Benestar Social, sinálase que a sentenza 00055/2024 do Xulgado Contencioso Administrativo no 2 de Vigo determina de xeito textual que *"el establecimiento o modificación del complemento específico exigirá, con carácter previo, que por la Corporación se efectúe una valoración del puesto de trabajo atendiendo a las circunstancias expresadas en el número 1 de este artículo."*

En relación a elo, infórmase que ao efecto precísase da previa análise, avaliación e revisión da RPT no seu conxunto, constando a adxudicación e conseguinte formalización de contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a revisión da RPT, guías de funcións, estruturas organizativas e funcionais con perspectiva de xénero, e avaliación de suficiencia dotacional (expediente 43.010-220); contrato actualmente en execución, e cuxo prazo remata no mes de abril do 2026.

Polas razóns expostas, a alegación debe ser desestimada.

-250280107 10/10/2025 ELVIRA MUÑIZ, T.

Con respecto á solicitude de inclusión do "plus de ventanilla" no complemento específico nos postos de Auxiliar adscritos ao servizo 301- Benestar Social, sinálase que a sentenza 00055/2024 do Xulgado Contencioso Administrativo no 2 de Vigo determina de xeito textual



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 140 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

que *“el establecimiento o modificación del complemento específico exigirá, con carácter previo, que por la Corporación se efectúe una valoración del puesto de trabajo atendiendo a las circunstancias expresadas en el número 1 de este artículo.”*

En relación a elo, infórmase que ao efecto precísase da previa análise, avaliación e revisión da RPT no seu conxunto, constando a adxudicación e conseguinte formalización de contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a a revisión da RPT, guías de funcións, estruturas organizativas e funcionais con perspectiva de xénero, e avaliación de suficiencia dotacional (expediente 43.010-220); contrato actualmente en execución, e cuxo prazo remata no mes de abril do 2026.

Polas razóns expostas, a alegación debe ser desestimada.

-250280014 10/10/2025 SICO; 250280290 10/10/2025 SICO e 250280298 10/10/2025 SICO:

En relación coa presunta falta de sometemento a Mesa Xeral de Negociación da proposta de incremento de 16 postos de Policía Local en tres quendas (mañá/tarde/noite), sinalar que na certificación da secretaría do acordo adoptado na dita sesión do 5/5/2025, textualmente se recolle o seguinte:

“Tralo debate sométese a votación a proposta coa seguinte modificación consensuada entre as partes relativa /.../

- Incremento de 16 postos de Policía Local en tres quendas (mañá/tarde/noite) segundo informe da Policía Local que se achega a acta. /.../”*

Alégase o feito de que os “integrantes de la Unidad de Relaciones Ciudadanas estén encasillados en la Relación de Puestos de Trabajo como servicio de Procesos Interiores /.../ ya que realizan prácticamente la totalidad de sus servicios e intervenciones en el exterior, frecuentemente en lugares vulnerables y hostiles para su seguridad y su salud, considerando que deberían de formar parte de las unidades de SERVICIOS EXTERIORES, corrigiendo así el agravio al que están sometidos, con el consecuente rectificación o recalificación de su complemento específico.”

Ao respecto, cómpre salientar que o modelo organizativo actual da Policía Local ten sido negociado coa representación sindical do persoal, e sido aprobado no expediente nº 40934-220, “PROPOSTA DE APLICACIÓN DE ESTUDIO ANÁLISE E VALORACIÓN RETRIBUTIVA E FUNCIONAL DOS POSTOS DE TRABAJO E MELLORA NA ORGANIZACIÓN INT DA POLICÍA LOCAL CONCELLO VIGO, E APROBACIÓN DA RPT CONCELLO VIGO 2023”, non constando, salvo erro u omisión, alegación ou recurso algún a reorganización proposta no devandito expediente.

No que atinxe aos postos que na actualidade atopanse desempeñando funcións de asistencia persoal e apoio á Alcaldía-Presidencia son postos de traballo tipo de Policía Seguridade Cidada, con quendas de luns a domingos en Mañan/Tarde/e Noite, segundo informe de data 23/8/23, e a proposta do servizo da Policía Local.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 141 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

En relación coa revisión retributiva dos postos de auxiliar administrativo que están desempeñando funcións adicionais de atención ao público na ventanilla 13 da lonxa do Concello de Vigo, e para a que se “requiere de una especialización derivada de la complejidad y diversidad de los procedimientos tramitados en dicho ámbito, y desempeñando funciones de atención al público en las mismas condiciones que el personal de otras unidades que si tienen reconocidos un complemento superior”, efectúase unha remisión ao xa exposto respecto de anteriores alegacións, considerando o establecido na Sentenza 00055/2024 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo, a cal sinala de xeito textual: “El establecimiento o modificación del complemento específico exigirá, con carácter previo, que por la Corporación se efectúe una valoración del puesto de trabajo atendiendo a las circunstancias expresadas en el número 1 de este artículo”,

Como xa se indicou anteriormente, estase a realizar o proceso técnico de análise (APT) e valoración (VPT) dos postos de traballo existentes no Concello de Vigo, no que se identificaran as posibles disfuncións retributivas, organizativas e funcionais que podan concorrer (expediente nº 43.010-220) polo que as actuacións que procedan en materia retributiva deberán estudiarse no proceso técnico de APT e VPT, e no marco da equidade interna das retribucións da totalidade dos postos.

Solicítase a “rectificación y subsanación del error, posiblemente por la copia y pega, y que carece de todo fundamento, y que se mantenga con plenos efectos lo establecido en el artículo 76 del TREBEP, ya que la disposición transitoria ya ha perdido sus efectos, al estar plenamente desplegado el sistema universitario en España, con procedimientos específicos para el establecimiento y determinación de las equivalencias necesarias de las titulaciones oficiales de forma instantánea. Estos niveles de titulación deberán ser incorporados en todos los puestos del subgrupo A2, so pena de nulidad de actos.”

A salvo do que resulte do estudo contratado xa citado no relativo á actualización integral das titulacións oficiais, a titulación necesaria para acceder ao Subgrupo A2 sería a seguinte: *“Grupo A, dividido en dos Subgrupos A1 y A2. Para el acceso a los cuerpos o escalas de este Grupo se exigirá estar en posesión del título universitario de Grado. En aquellos supuestos en los que la Ley exija otro título universitario será éste el que se tenga en cuenta.”*

Polo tanto, para o acceso ao subgrupo A2, se esixe estar en posesión de título universitario de grao, diplomatura, enxeñería técnica, arquitectura técnica ou equivalente.

Na proposta de RPT 2025 mantéñense as titulacións de diplomatura, dacordo a anterior normativa, contida no art 25 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que contiña a seguinte regulación respecto aos Corpos e Escalas incluídos no antigo grupo B:

“Los Cuerpos, Escalas, Clases y Categorías de funcionarios al servicio de las Administraciones Públicas se agruparán, de acuerdo con la titulación exigida para su ingreso, en los siguientes grupos: (...)

Grupo B. Título de Ingeniero Técnico, Diplomado Universitario, Arquitecto Técnico, Formación Profesional de Tercer grado o equivalente.”

Por outra banda, a Disposición Transitoria Quinta da mesma norma dispón o seguinte:

“A efectos de lo dispuesto en esta Ley, se considerará equivalente al título de diplomado universitario el haber superado tres cursos completos de licenciatura”.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 142 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

Asimismo, el Real Decreto 1272/2003, de 10 de octubre, por el que se regulan las condiciones para la declaración de equivalencia de títulos españoles de enseñanza superior universitaria o no universitaria, dispone en su Disposición adicional primera que:

“A efectos de lo dispuesto en la Ley 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública, se considerará equivalente al título de Diplomado Universitario el haber superado los tres primeros cursos completos de los estudios conducentes a la obtención de cualquier título oficial de Licenciado, Arquitecto o Ingeniero, o el primer ciclo correspondiente a dichos estudios, siempre que este primer ciclo contenga una carga lectiva mínima de 180 créditos.”

Polo que, no listado de titulacións mantense a denominación de “diplomado/a” aos efectos de dar cabida ás titulacións esixidas no momento de creación da praza asociada ao posto de traballo e previas á vixencia do Espacio Europeo de Educación Superior (EEES); polo tanto, considéranse títulos académicos habilitantes para o acceso ao Subgrupo A2

- Diplomados/as universitarios/as; enxeñeiros/as técnicos/as;; arquitectos/as técnicos/as e equivalentes;
- Os correspondientes títulos de Grao.
- Certificación expedida pola Administración educativa competente que acredite a superación completa dos tres primeiros cursos dunha Licenciatura ou o primeiro ciclo, sempre que conteña unha carga lectiva mínima de 180 créditos, **e sempre referidos a estudos non regulados polo EEES.**

Todo elo en forma transitoria, dado que, no marco dos traballos técnicos contratados en expediente nº 43.010-220 xa mencionado con anterioridade, procederase á análise das titulacións que recolle a RPT, realizando a adaptación das titulacións esixidas para o desempeño dos postos de traballo ao Espacio Europeo de Educación Superior (EEES) así como á actual conformación dos sistemas educativos non superiores actualmente existentes, formulando propostas de actuación derivadas da análise citada.

No referido á inclusión do complemento específico por funcións de “atención ao público” do persoal administrativo e subalterno, así como á revisión de complementos en postos do corpo da Policía Local, reiterar que a valoración dos postos de traballo ten sido realizada, previo estudio ao efecto, en expediente nº 40934-220, “PROPOSTA DE APLICACIÓN DE ESTUDIO ANÁLISE E VALORACIÓN RETRIBUTIVA E FUNCIONAL DOS POSTOS DE TRABALLO E MELLORA NA ORGANIZACIÓN INT DA POLICÍA LOCAL CONCELLO VIGO, E APROBACIÓN DA RPT CONCELLO VIGO 2023, non constando alegación ou recurso algún á valoración e reorganización proposta no devandito expediente, sen prexuízo do que resulte do estudio contratado en expediente 43.101-220 tantas veces citado.

Polas razóns expostas, a alegación debe ser desestimada.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 143 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

VI.- SOMETEMENTO Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA DO EXPEDIENTE.

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

"1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones."*

Nembargantes o antedito, consta que na aprobación definitiva e resolución de alegacións da última relación de postos de traballo aprobada, correspondente ao ano 2024 (expediente nº 43.933-220) a Intervención Xeral Municipal informou o seguinte:

"Tal e como ten reiterado esta intervención, as modificacións da RPT non son actuacións sometidas ao exercicio de función interventora, xa que non supoñen a aprobación dun gasto, nin a execución de ningunha das fases de execución orzamentaria do orzamento de gastos da entidade (A, D, O, P). Tampouco son actuacións obxecto de control financeiro permanente, xa que a normativa vixente non establece a necesidade de informe de intervención neste tipo de expedientes, e o apartado 32.1.a) do R.D. 424/2017 refírese a actuacións planificables e, polo tanto, seleccionables sobre a base dunha análise de riscos para a súa inclusión no Plan Anual de Control Financeiro.

Polo tanto, a priori, e conforme ao indicado na Sentenza do Tribunal Supremo 20.05.2011, recurso 1345/2009, a modificación da RPT non ten efecto económico ata que se modifique, no seu caso, o cadro de persoal orzamentario, polo que en principio non sería necesario para a aprobación da modificación da RPT certificar a existencia de crédito adecuado e suficiente.

Con independencia do anterior, o funcionario que subscribe incorrería nun conflito de intereses polo que, de ser o caso, debo de absterme de intervir no procedemento."

Por tanto, enténdese a innecesariedade de remisión da presente proposta, constando a aprobación inicial debidamente fiscalizada por dito órgano en informe de data 20/02/2025 (trámite 55 do expediente)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 144 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

VII.- PRECEPTIVIDADE DO INFORME OU NOTA EN CONFORMIDADE DA TITULARIDADE DA ASESORÍA XURÍDICA MUNICIPAL.

Segundo o recollido no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (artigo 3.3, punto 6º, número 4) e polo que respecta ao exercicio da función reservada de asesoramento legal preceptivo, establécese que *“en todo caso se emitirá informe previo en los siguientes supuestos: aprobación y modificación de relaciones de puestos de trabajo y catálogos de personal. (.....) La emisión del informe del Secretario podrá consistir en una nota de conformidad en relación con los informes que hayan sido emitidos por los servicios del propio Ayuntamiento y que figuren como informes jurídicos en el expediente.”*

A mesma norma contempla na súa Disposición adicional cuarta que *“en los municipios de gran población, las funciones de fe pública, y asesoramiento legal preceptivo, así como las de control y fiscalización interna de la gestión económico-financiera y presupuestaria, y las de contabilidad, tesorería y recaudación se ejercerán en los términos establecidos en el título X de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local así como en la disposición adicional octava de la misma”*.

Por tanto, e considerando as previsións normativas rectoras do réxime municipal de gran poboación aplicables ao Concello de Vigo, resulta preceptivo o informe xurídico ou nota en conformidade da Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal, segundo o contemplado no artigo 129 da LBRL, ao estar a función de asesoramento xurídico á Xunta de Goberno Local expresamente atribuído ao órgano directivo indicado.

Tal e como se indicou no Antecedente 7 do presente informe, consta emitido informe pola Titular da Asesoría Xurídica Municipal en data 18/07/2025, no cal se sinala o seguinte:

"Antecedentes

1. A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación, coa fe pública da Secretaría, resolveu a incoación do procedemento da relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2025 (RPT) o 12/02/2025

2. A xefa da Área de Recursos Humanos e Formación instou o 21/02/2025 informe técnico indicando o alcance do documento de elaboración a: (i) Incorporación dos postos de traballo asociados ás prazas de nova creación na plantilla orzamentaria 2025, aprobada polo Pleno da Corporación; e, (ii) revisión de erros que se detecten na RPT 2024.

3. Ademais, constan unidas as seguintes solicitudes en relación coa RPT:

a. Solicitud da Secretaría do Goberno Local do 06/03/2025 (doc. 250051285) de cambio de adscripción dun posto de traballo vacante á unidade de Arquivo Xeral, co obxecto de reforzar a estrutura administrativa desta unidade e garantir a adecuada prestación dos servizos que lle son propios, de acordo coas exixencias establecidas na Lei 7/2014, de arquivos e documentos de Galicia. Esta solicitud fundaméntase en que o posto de administrativo/a foi anteriormente adscrito ao Arquivo Xeral e chegou a estar ocupado con esta finalidade. A

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 145 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

súa posterior readscripción á Secretaría de Goberno Local respondeu á necesidade puntual de reforzar as funcións administrativas vinculadas á xestión da transparencia e do acceso á información pública, funcións que na actualidade xa son asumidas pola unidade de apoio ao órgano responsable do Sistema Interno de Información, creada na RPT de 2024.

b. Solicitude da Asesoría Xurídica do 13/03/2025 (doc. 250057786) para a incorporación na RPT dos postos asociados ás prazas de Técnico/a de Administración Xeral (TAX), xa dotadas na plantilla orzamentaria aprobada polo Pleno en 2025, coas funcións específicas de letrado/a asesor/a xurídico/a. Esta solicitude fundaméntase en que ditas prazas de TAX foron previstas orzamentariamente (xa desde 2024), a proposta da propia Asesoría Xurídica, precisamente para garantir que as dotacións deste órgano sexan axeitadas para o exercicio efectivo das funcións previstas no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que comprende non só as funcións de asesoramento xurídico senón tamén a representación e defensa en xuízo da entidade local. Trátase dunha solicitude de adaptación dos postos asociados a prazas que xa foron aprobadas formalmente no orzamento municipal 2025, isto é, unha axuste técnico necesario na RPT para que os postos poidan desempeñar legalmente as funcións propias da Asesoría Xurídica, con especial relevancia no ámbito da representación procesual. Responde ao principio de coherencia entre a dotación orzamentaria e a planificación dos recursos humanos na RPT e ten como finalidade garantir funcións esenciais e preceptivas da Administración. Igualmente se solicita a recuperación dun posto de auxiliar administrativo/a que quedara pendente, tal e como consta, no acordo da aprobación da RPT de 2024.

c. Solicitude da Área de Seguridade para a reasignación dun posto de Técnico/a de Administración Xeral (TAX) do 02/04/2025 (doc. 250077631), actualmente vacante na Área de Contratación, á Área de Seguridade. A solicitude fundaméntase na falta de persoal técnico operativo nesta área, dado que o único posto existente (Asesor/a Xurídico/a adxunto/a) está inactivo por liberación sindical. Á vista da elevada carga administrativa e da existencia de postos TAX vacantes na mesma Área de Goberno, propónse a súa reasignación para reforzar a tramitación dos expedientes e mellorar a eficacia do servizo.

4. Consta informe da técnica de Formacion e Avaliacion do 15/04/2025 que expresa as modificacións que propón e informa favorablemente:

4.1. Incorporación de 18 novos postos de traballo asociados a prazas de nova creación:

- 4 postos de “Diplomado/a en Traballo Social”: 3 adscritos ao Servizo de Benestar Social e 1 ao Servizo de Igualdade.
- 11 postos no Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS): 1 de suboficial, 2 de sarxento xefe de parque, 2 de cabo xefe de saída, 4 de bombeiro e 2 de condutor-bombeiro.
- 1 posto de “Técnico/a de Administración Xeral (Rama económica)”: adscrito ao Servizo de Recadación Executiva, aínda que en documentos anteriores figuraba adscrito a “Orzamento e seguimento”.
- 1 posto de “Técnico/a de sistemas”: no Servizo de Administración Electrónica.
- 1 posto de “Auxiliar administrativo/a”, que se recupera na Asesoría Xurídica.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 146 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

4.2. Modificacións derivadas dos Orzamentos de 2025 relacionadas con amortizacións e creacións de prazas:

- Redenominación dun posto de "Asesor (eventual)" a "Asesor responsable de Prensa"
- Amortización de 2 prazas de auxiliar (réxime laboral) e creación de 2 prazas de auxiliar administrativo (réxime funcional): afecta ás unidades 540 (Recadación Voluntaria) e 442 (Taller de Vías e Obras)
- Amortización dunha praza de "oficial almaceneiro" (vinculada a "Auxiliar técnico de contratación") e creación dunha praza de auxiliar (funcionario) no servizo 200 (Área de Réxime Interior)
- Amortización dunha praza de auxiliar (funcionario) e creación dunha praza de administrativo (funcionario) na Área de Recursos Humanos e Formación, reducindo os auxiliares de 3 a 2 e aumentando os administrativos de 6 a 7
- Amortización dunha praza de "Administrativo (réxime laboral)" e creación dunha praza de administrativo (funcionario) no servizo 611 (Deportes), modificando a dotación de 3 a 2 administrativos laborais e de 1 a 2 administrativos funcionarios

4.3. Reasignacións de postos:

- Reasignación dun posto de "Ordenanza Porteiro" da Conserxería Municipal á unidade 301 (Benestar Social).
No entanto existe unha pequena discrepancia no informe respecto deste punto, xa que indica que se Reasignación dun posto "Ordenanza Porteiro" adscrito a unidade Conserxería Municipal a unidade 301 Benestar Social, e conclúe que "deste xeito, na unidade 201 Conserxería deberá figurar 16 postos de ordenanza e 1 de ordenanza porteiro atención ventanilla, mentres que no servizo 301 Benestar Social deben figurar un total de 5 postos cod155 "Ordenanza porteiro". O certo é que á vista da RPT 2024 (BOPPO 183 DO 19/9/2024) na que se prevén 16 ordenanzas porteiro na Conserxería e 4 en Benestar Social o resultado serían 15 ordenanzas porteiro en Conserxería e 5 en Benestar Social. Como queira que logo no cadro deste mesmo informe aparece correctamente e ademais é coincidente co cadro de persoal do orzamento de 2025 (Pleno 23/12/2024) carece de relevancia, aínda que pode e debe ser emendado na proposta definitiva.
- Readscripción dun posto vacante de administrativo/a da Secretaría do Goberno Local á unidade administrativa de Arquivo Xeral. A motivación principal é a necesidade de dispor de persoal administrativo no Arquivo Xeral.
- Readscripción dun posto de "Técnico/a de Administración Xeral" da Unidade de Contratación á Unidade 210 (Mobilidade, Transportes e Seguridade). Esta solicitude fórmulase para permitir o áxil despacho de expedientes administrativos e pola necesidade de apoio técnico á xefatura da Área.

4.4. Axuste das prazas de 3 postos de Técnico/a de Administración Xeral (rama xurídica) actualmente vacantes ao posto de Letrado/a-asesor xurídico-a, actualmente vacantes, por mor das funcións legais da Asesoría Xurídica (art. 129 Lei 7/1985) á que están adscritas.

4.5. Modificación da forma de provisión do posto de "Xefe/a de Normalización Lingüística": Pasa de "concurso ordinario (C)" a "concurso específico (CE)". Esta corrección baséase na coherencia coa Memoria xustificativa da RPT de 2022 e coa norma-

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 147 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

tiva aplicable (fundamentalmente o artigo 91 da Lei do Emprego Público de Galicia), que establece o concurso específico para as xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente, dado que o posto está vinculado a unha “faceta funcional específica que require dos titulares destes postos coñecementos amplos do campo concreto de actuación”.

4.6. Inclusión de requisitos de formación específica para o posto de “Técnico/a de Prevención de Riscos Laborais”: Engádese o seguinte requisito: “Técnico/a superior en PRL, especialidades en seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonomía, psicoloxía aplicada”.

4.7. Completar a información relativa ao grupo de titulación, corpos, escalas, subescalas e clases nos postos nos que non figuraba.

4.8. Rectificación da titulación esixida para os postos do subgrupo A2: Establécese como requisito “Grao, diplomado universitario ou equivalente” (código 2). Esta rectificación faise para clarificar a equivalencia transitoria dos títulos universitarios segundo o TREBEP e a Lei do Emprego Público de Galicia. No entanto na sección “Claves empregadas” que vai no Anexo I, que define o significado dos códigos de titulación, segue a listar o código 2 como “título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto-técnico, FP3 Ou equivalente”. Polo tanto, a definición no apéndice do documento non se actualizoau completamente para reflectir o termo “grao” aínda que a intención do cambio estea reflectida no informe técnico. En consecuencia, pode e debe ser emendado na proposta definitiva.

4.9. Corrección da denominación da unidade administrativa 328: Pasa de “Área de Cultura” a simplemente “Cultura”, xa que non se acordou a creación dunha Área organizativa e funcional con esa denominación.

5. En canto á motivación técnica, o antedito da técnica de Formacion e Avaliacion do 15/04/2025 recolle a xustificación subxacente a eses cambios. A proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) fundaméntase en catro criterios principais. En primeiro lugar, responde á adaptación ao marco orzamentario vixente, posto que moitas das modificacións, incluída a creación de novos postos como os de Diplomado/a en Traballo Social, persoal do SEIS, técnicos e auxiliares en diversas áreas, derivan directamente da aprobación definitiva dos Orzamentos Municipais para o exercicio 2025. Trátase, por tanto, de dar execución a previsións orzamentarias xa formalizadas.

En segundo lugar, o documento persegue a corrección de erros e desaxustes detectados na RPT vixente, tanto de carácter aritmético, material ou de feito. Neste sentido, actualízase a información dalgúns postos co obxectivo de mellorar a coherencia interna da RPT, engadindo requisitos específicos de formación e completando os datos relativos á clasificación profesional e ás titulacións exixidas.

O terceiro eixo motivador da proposta son as necesidades organizativas e funcionais que, con carácter xeral, teñen como obxectivo garantir o funcionamento óptimo dos servizos e mellorar a eficacia na prestación dos servizos públicos.

Así, por exemplo, a reasignación dun posto de Ordenanza Porteiro á unidade de Benestar Social responde a instrucións da Concelleira da Área; a readscripción dun posto administrativo vacante á unidade do Arquivo Xeral fundaméntase na necesidade de dispor de persoal de apoio para o desempeño ordinario das funcións que lle son propias; a reconfiguración de postos de Técnico/a de Administración Xeral en letrados/as asesores/as xurídicos/as na Asesoría Xurídica baséase na necesidade de superar as limitacións funcionais actuais dos postos de TAX para o asesoramento xurídico e a representación e defensa en xuízo para cumprimento da normativa (art. 129 Lei 7/1985); finalmente, a readscripción dun posto de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 148 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

TAX á Área de Seguridade está motivada pola urxente necesidade de apoio técnico á xefatura da área, ante a insuficiencia actual de dotación operativa.

Por último, a proposta inclúe adaptacións da forma de provisión do posto de Xefe/a de Normalización Lingüística, por exemplo, dá cumprimento a unha sentenza xudicial firme de 2021 e adecúase ao disposto na Lei de Emprego Público de Galicia (LEPG), en particular ao seu artigo 91, así como á memoria xustificativa da RPT de 2022, que establece que as xefaturas de servizo deben proveerse mediante concurso específico.

Pola súa banda, a rectificación da titulación esixida para os postos do subgrupo A2, que pasa a ser "grao, diplomado universitario ou equivalente", baséase na normativa vixente, concretamente no Real Decreto Lexislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), e na LEPG, que recoñecen as equivalencias transitorias dos títulos universitarios anteriores á implantación do sistema de graos.

6. *Con data do 16/04/2025 a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación emite o informe para o sometemento á negociación colectiva, incluíndo todas as propostas da técnica de Formación e Avaliación do 15/04/2025, engadindo a fundamentación xurídica, á que nos remitimos para evitar innecesarias reiteacións.*

7. *Con data do 24/04/2025, consta a remisión á Mexa Xeral de Negociación pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e na xestión de expedientes se lles deu acceso de visualización á representación das persoas traballadoras.*

8. *A negociación tivo lugar, segundo o certificado da Secretaría do Goberno Local e Secretaría da Mesa de Negociación con data do 05/05/2025. Na parte final da certificación consta que: "Tralo debate sométese a votación a proposta coa seguinte modificación consensuada entre as partes relativa*

- Erro no documento respecto da columna relativa as retribucións que en lugar de 2024 debe dicir 2025.

- Incremento de 16 postos de Policía Local en tres quendas (mañá/tarde/noite) segundo informe da Policía Local que se achega a acta. Revisión e corrección, no seu caso, do número de postos de diplomado/a Social adscritos a Área de Benestar Social previsto na RPT (35). Segundo a proposta da sindicato CCOO o número de postos adscritos ascendería a 39 (38 postos de diplomados/as sociais persoal funcionario e un posto de laboral)".

Resultando da votación:

Votos a favor, Concello (4)

Votos en contra: ningún

Abstención: SICO- CSIF (1,3) UXT (1,00), CCOO (0,9), CIG (0,8).

Explicación de voto: o sindicato CCOO xustifica o senso do seu voto na súa disconformidade respecto da reconfiguración e redenominação de tres (3) postos de Técnico/a Admón Xeral (rama xurídica) existentes na Asesoría Xurídica en Letrado/a Asesor /a Xuridico ao considerar que supón un mecanismo de aceleración da carreira profesional respecto outros postos A1-A2. E por isto que as partes integrantes da mesa común de negociación para o persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo non acadan consenso na negociación da proposta de relación de postos de traballo correspondente ao ano 2025".

9. A xefatura de Recursos Humanos e Formación solicita novo informe técnico "no cal se recolla proposta técnica de RPT 2025 e se incorporen e/ou revisen os puntos seguintes:

- Revisión de erros aritméticos, materiais ou de feito detectados, e que constan na certificación da sesión negocial indicada;*

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 149 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Incorporación da debida motivación técnica respecto da tipoloxía dos postos de traballo, revisando posibles erratas nos postos de traballo reservados a persoal funcionario e dos postos configurados para ser ocupados por persoal laboral;
- Incorporación dos aspectos acordados na mesa, concretados en:
 - a) incremento de 16 postos de Policía Local en tres quendas (mañá/tarde/noite) segundo informe da Policía Local que se achega a acta.

b) revisión e corrección, no seu caso, do número de postos de diplomado/a Social adscritos a Área de Benestar Social.

10. Consta informe do 06/05/2025 (documento 2501031909 do Intendente da Policía Local no sobre a necesidade de incrementar o número de efectivos adscritos a turnos M/T/N EN 2025 na Policía Local. O informe considera que “a análise da RPT vixente evidencia que a proporción actual de efectivos en turnos M/T/N (55,3%) non acada o obxectivo do 60% marcado como óptimo para o modelo de funcionamento da Policía Local de Vigo. Para aliñar a estrutura organizativa coas recomendacións do propio informe, resulta xustificado e necesario aumentar en 16 prazas o número de efectivos con xornada rotativa no ano 2025, acadando así os 204 efectivos necesarios para cumprir dito obxectivo”. E, en consecuencia, propón unha redistribución organizativa que afectaría a 16 postos de traballo.

11. Con data do 04/06/2025 a técnica de Formacion e Avaliacion emite novo informe no que aborda a proposta da Relación de Postos de Traballo (RPT) para o ano 2025, centrando a súa análise na revisión de erros, na xustificación da tipoloxía dos postos (singularizados e non singularizados) e na incorporación de acordos específicos. Un punto clave é a redistribución en 16 postos de Policía Local, motívase na **necesidade de reforzar as unidades operativas que prestan servizo continuo** os sete días da semana [2a, 11a]. O obxectivo é **garantir unha cobertura eficaz das demandas da cidadanía** e dar resposta á realidade operativa actual, buscando que o 60% do persoal operativo se atope en réxime de xornada rotativa de mañá, tarde e noite [11a, 22]. Este cambio non implica un aumento no número total de prazas, senón unha **redistribución dos postos** xa existentes [11a, 24]. Esta reorganización implica a minoración de 16 postos de Axente de Mobilidade e Transportes e o incremento de 5 postos de Axente de Atestados e Investigación, 10 postos de Axente de Protección Cidadá e 1 posto de Axente EVAP.

Ademais, corríxese o número de postos de Diplomado/a Social na Área de Benestar Social. Revisase o número de postos de Diplomado/a en Traballo Social adscritos á Área de Benestar Social, constatándose a existencia de 43 prazas (42 funcionariais e 1 laboral), das cales 4 foron creadas no orzamento de 2025. No Servizo de Benestar Social figuran 38 prazas, mentres que as 5 restantes corresponden ás unidades de Igualdade, CEDRO e Xuventude. Corríxese tamén unha discrepancia detectada na Oferta de Emprego Público de 2024. Como resultado, o número de postos funcionariais adscritos ao Servizo de Benestar Social queda fixado en 37: 36 asociados ao posto de “Diplomado/a en Traballo Social” e 1 ao posto de “Xefe/a de Benestar Social”, ademais dunha praza laboral co posto de “Diplomado en Traballo Social”

Proponse a rectificación dun erro na columna de retribucións, aínda que non afecta aos impute indicados (corríxese 2024 por 2025)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 150 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

O documento tamén detalla a diferenza entre os postos “singularizados” (con funcións, coñecementos ou retribucións específicas) e os “non singularizados” (estandarizados), así como as súas implicacións para a mobilidade e a xestión do persoal, co obxectivo de optimizar a estrutura organizativa e orzamentaria do Concello.

No CADRO final resultante, Anexo I, incorpóranse estes cambios propostos xunto cos reflectidos no seu anterior informe técnico do 15/04/2025.

12. O 27/06/2025 emítese informe-proposta de aprobación á Xunta do Goberno Local elaborado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, coa conformidade da concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O acordo que se propón incorpora a motivación técnica do informe do 04/06/2025, no entanto, aínda que menciona na parte dos antecedentes o 15/04/2025, non se reproduce no apartado específico da Motivación técnica do acordo. Tendo en conta que o informe técnico do 15/04/2025 aborda unha motivación técnica relativa a un grupo de modificacións non coincidentes co informe técnico do informe do 04/06/2025, como quedou expresado. Debe revisarse o contido do informe proposta, desde o punto de vista da incorporación da motivación técnica completa.

Iso si, o informe proposta incorpora todos os cambios propostos no Anexo I dos dous informes técnicos do 15/04/2025 e do 04/06/2025.

2. No entanto, debe advertirse que no informe técnico de 15/04/2025 se indicaba a necesidade de rectificación da titulación esixida para os postos do subgrupo A2: Establécese como requisito “Grao, diplomado universitario ou equivalente” (código 2). Esta rectificación faise para clarificar a equivalencia transitoria dos títulos universitarios segundo o TREBEP e a Lei do Emprego Público de Galicia. No entanto na sección “Claves empregadas” que vai no Anexo I, que define o significado dos códigos de titulación, segue a listar o código 2 como “título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto-técnico, FP3 Ou equivalente”. Polo tanto, a definición no apéndice do documento non se actualizoau completamente para reflectir o termo “grao” aínda que a intención do cambio estea reflectida no informe técnico. En consecuencia, pode e debe ser emendado na proposta definitiva.

Este desaxuste semella trasladarse tamén ao informe proposta. Debe comprobarse este extremo.

3. O informe de proposta técnica para a Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo para o ano 2025 amplía a motivación dos informes técnicos previos e establece un marco normativo detallado para as súas propostas.

4. O informe de proposta para a Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo para o ano 2025 baséase nun amplo marco normativo que inclúe a Constitución Española [CE] (especificamente o artigo 103.1); a Carta Europea de Autonomía Local (Artigo 6.1) [CEAL, 173]; e un conxunto de leis estatais básicas. Entre estas últimas atópanse a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) (Artigos 4.1.a, 4.1.c, 90.2, 92, 93, 101.1, 123.1.h, 124.4.i, 127.1.g, 127.1.h, 129, 130, 137); o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Bá-

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 151 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

sico do Empregado Público (TREBEP) (Artigos 24.b, 37.1.c, 37.2.a, 74 e Disposición derogatoria única.b); o Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) (Artigos 132, 169.1.a); a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (Artigo 15); a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local; e a Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (Artigo 19, apartado Sete).

Ademais, recóllense a nivel regulamentario, estatais como o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso (RXI) (Artigo 59); o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local (Artigo 4); e o Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (Artigo 3.3, punto 6º, número 4 e Disposición Adicional Cuarta); e o Complementase con referencia ao Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Artigo 172). En canto a lexislación específica de profesións xurídicas, inclúense a Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de Avogado e procurador dos Tribunais (Artigo 1.2); e o Real Decreto 135/2021, do 2 de marzo (Estatuto Xeral da Abogacía Española) (Artigos 47 e 48).

Tamén se menciona o Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (Artigos 213 a 223, e especificamente artigo 214).

Respecto da lexislación autonómica de Galicia relevante é a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG) (Artigos 38.5, 91.1, 202.1, 202.2); e a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais (Artigo 27).

Finalmente, a normativa de procedemento administrativo abarca a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; e a Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (Artigos 8, 25 e 46).

5. Este extenso conxunto normativo e a xurisprudencia asociada definen a RPT como un instrumento esencial de planificación e autoorganización das entidades locais, que pode ser obxecto de modificacións frecuentes e motivadas para axustarse ás necesidades do servizo público e da organización. O informe destaca que o proceso de aprobación da RPT para 2025 xa se someteu a negociación coa representación sindical, con votación na mesa xeral de negociación o 5 de maio de 2025, na que o Concello votou a favor e os sindicatos abstivéronse. O informe técnico inicial tivo lugar o 15 de abril de 2025 e o informe técnico final o 4 de xuño de 2025.

6. Este informe tamén recolle, polo tanto, o procedemento de aprobación e modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) nas entidades locais de Galicia implica unha aprobación inicial polo órgano competente, seguida dun período de información pública non inferior a vinte días hábiles desde a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Transcorrido este prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se presentan reclamacións, ou aprobarase definitivamente unha vez resoltas as que se presenten, coa súa posterior publicación no BOPPO (Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, artigo 202.2). Este proceso complétase coas previsións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 152 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

procedemento administrativo común das administracións públicas, e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Ademais, a RPT e as súas modificacións deben ser obxecto de negociación coa representación sindical (Real Decreto Lexislativo 5/2015 – TREBEP –, artigos 37.1.c e 37.2.a), e o expediente debe someterse a fiscalización previa (Real Decreto Lexislativo 2/2004, artigos 213 a 223).

Finalmente, considera que o expediente debe ser sometido a informe xurídico que require a fiscalización previa da Intervención municipal.

En relación coa natureza deste informe xurídico, indicar que a organización municipal responde ao réxime propio dos municipio de gran poboación, ao que se remite o Real Decreto 128/2018. Non entanto ao sinalar a tramitación da Relación de Postos de Traballo (RPT) como un dos procedementos nos que procede a emisión de informe xurídico, enténdese procedente a emisión do presente informe.

Correspondendo, a competencia para a aprobación da Relación de Postos de Traballo (RPT) e, consecuentemente, das súas modificacións, recae na Xunta de Goberno Local. Esta atribución realízase ao abeiro do disposto no artigo 127.1, apartados g) e h), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

CONCLUSIÓN:

*Á vista da tramitación seguida, este informe anticipa un sentido favorable en termos substantivos co conxunto do expediente. **Agora ben, resulta necesario con carácter previo á súa aprobación:***

- Comprobar que no Anexo I se teñen incorporado correctamente todas as modificacións debidamente motivadas desde o punto de vista técnico e xurídico. En particular, detectouse unha modificación relativa á clave das titulacións, que deberá ser revisada.

- Así mesmo, desde o punto de vista da motivación do acordo que finalmente se adopte, e tendo en conta os dous informes técnicos emitidos, resulta procedente a incorporación expresa da motivación contida no informe de 15/04/2025.

Por axilidade procedemental e á vista do amplo contido tanto dos informes técnicos como do informe proposta, unha vez emendado, poderase optar pola fórmula da conformidade xurídica desta Asesoría Xurídica ao final do informe-proposta."

En atención ao informado, indícase que no presente informe-proposta e os seus anexos constan revisados os puntos indicados, e debidamente incorporados, concretados en:

-Incorporación do teor literal do informe técnico de data 15/04/2025 (no relativo á motivación técnica do documento de RPT proposto) xuntamente coa que xa constaba incorporada, obrante no informe técnico de data 04/06/2025;

-Revisión das claves de titulación, contemplando o código 2 como "grao, diplomado universitario ou equivalente" no canto do teor literal recollido no anexo I do informe técnico de data 04/06/2025, que era o de "título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto-técnico, FP ou equivalente";

-Compróbase que no Anexo I constan 15 postos de ordenanzas porteiros en Conserxería e 5 na Área de Benestar Social, coincidentes co cadro de persoal orzamentario para o ano 2025, aprobado polo Pleno da Corporación en data 23 de decembro do 2024.

Por tanto, e sempre a salvo de erro ou omisión no proceso de revisión, procédese a incorporar nota de conformidade da Titular da Asesoría Xurídica Municipal ao presente informe-proposta de acordo de aprobación definitiva.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 153 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

VIII.- ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE.

O órgano competente para a aprobación da relación de postos de traballo e, en consecuencia, das súas modificacións, é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do disposto no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

IX.- PROPOSTA DE ACORDO.

Visto o anteriormente exposto, e coa conformidade da Sra. Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal -no exercicio das competencias que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 28/06/2024, así como aquelas que en materia de xestión de persoal ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordo de mesma data-; e a conformidade da Concellería-delegada competente en materia de Educación e de Recursos Humanos e Formación (delegacións en actos e acordos de mesmas datas) sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“**PRIMEIRO.-** Desestimar as alegacións presentadas contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/09/2025 (expediente nº 46.152-220) de aprobación inicial da Relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo 2025, conforme aos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos; alegacións que se identifican na relación seguinte:

DOCUMENTO DATA APELIDOS E NOME/RAZÓN SOCIAL

- 250266532 29/09/2025 VILABOY FREIRE, M.P.
- 250269091 01/10/2025 NUÑEZ ABOY, M.
- 250273302 06/10/2025 NUÑEZ ABOY, M.
- 250278822 09/10/2025 MARTINEZ RAMOS, E. (SINDICATO CUT)
- 250279122 09/10/2025 CASIPOL
- 250279177 10/10/2025 JORGE ALVAREZ, M.
- 250279532 10/10/2025 ALONSO REGUEIRO, I. (SINDICATO CIG)
- 250279468 10/10/2025 CRESPO HARRISON, A.A.
- 250279852 10/10/2025 NUÑEZ ABOY, N.M.
- 250279851 10/10/2025 GONZALEZ, M.E.
- 250279972 10/10/2025 ENTENZA GARCIA, T.
- 250280107 10/10/2025 ELVIRA MUÑIZ, T.
- 250280014 10/10/2025 SICO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 154 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1988/1102

250280290 10/10/2025 SICO

250280298 10/10/2025 SICO

Todo o exposto sen prexuízo do resultado dos traballos realizados no marco de execución do contrato de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise e estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (expediente 43010/220) actualmente en curso.

SEGUNDO.- Estimar parcialmente a alegación presentada en doc. 250277747 por PEDROSA LEIS, C. (COLEGIO OFI. LIC. EDU. FÍSICA) e en consecuencia determinar que a forma de provisión do posto de traballo de "xefe/a Deportes" é a de concurso específico (CE) actualizando os códigos das titulacións dos postos A1 e A2 do dito servizo ao código 103 (Ciencias do Deporte) consonte á motivación contida nos informe-proposta que antecede.

TERCEIRO.- Rectificar o erro de transcripción detectado nos códigos de titulación asignados aos postos de traballo de "inspector/a principal" e de "inspector/a" do Corpo de Policía Local, que debe dispoñer do código 2 (diplomado universitario ou equivalente)

CUARTO.- Aprobar definitivamente a Relación de postos de traballo (RPT) de Concello de Vigo 2025, de conformidade co recollido no Capítulo I dos Orzamentos municipais para o vixente exercicio, en corrección de erros materiais e realización dos axustes recollidos nos antecedentes e fundamentos do presente informe- proposta, e que se incorporan no Anexo I subseguinte, que forma parte inseparable do presente acordo.

QUINTO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e remitir copia do mesmo aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Comunidade autónoma de Galicia, conforme ao disposto no artigo 202.3 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.

SEXTO.- Remitir copia do presente acordo á Dirección Superior Contable e Orzamentaria para o axuste que proceda dende o punto de vista orzamentario, conforme ao disposto nas consideracións xurídicas do presente acordo, e dado que o vixente instrumento constituirá a memoria organizativa básica para a elaboración do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Xerais para o ano 2025."

Contra o acordo de aprobación definitiva da RPT, que pon fin a vía administrativa, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

S.ord. 05/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 155 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2025

"ANEXO I"



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 156 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

UNIDADE ORGANIZATIVA	R. E	REF POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	C.D.	C.E.	IMP. 2025	GR	TP	ES	CP/ SBE/ CL	FP	TIT.	FORM ESP.	OBS.	DOT
101 - GABINETE ALCALDÍA	1	1010101	XEFE/A DEPARTAMENTO ADMINISTRATIVO ALCALDÍA	26	650	26.681,90 €	A1/A2	S	AG/AE	ST/TS-TM	LD	1-2			1
	1	1010102	XEFE/A RELACIÓNS FOMENTO DO EMPREGO	26	650	26.681,90 €	A1/A2	S	AG/AE	TS/TS-TM	C	1-2			1
	1	1010103	TÉCNICO/A RELACIÓNS PÚBLICAS	25	690	17.975,30 €	A2	N	AE	TM	C	2	Relacións públicas		1
	1	1010104	XEFE NEGOCIADO GABINETE ALCALDÍA	22	320	13.892,20 €	C1	S	AG	ADTVA	C	3			1
	1	1010105	ADMINISTRATIVO/A ALCALDÍA	21	149	12.832,54 €	C1	S	AG	ADTVA	C	3			1
	1	1010106	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11.851,28 €	C1	N	AG	ADTVA	C	3			4
	1	1010107	AUXILIAR ALCALDÍA	18	171	11.167,38 €	C2	S	AG	AUX	C	4			5
	3	1010301	DIRECTOR/A DE GABINETE DA ALCALDÍA				A1	E					Retribucións brutas fixadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.06.2023		1
	3	1010302	DIRECTOR/A DE COMUNICACIÓN DA ALCALDÍA				A1	E					Retribucións brutas fixadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.06.2023		1
	3	1010303	ADXUNTO/A DIRECTOR/A GABINETE ALCALDÍA				A1	E					Retribucións brutas fixadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.06.2023		1
	3	1010304	SECRETARIA/O DO ALCALDE				A1	E					Retribucións brutas fixadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.06.2023		1
	3	1010305	ASESOR/A RELAC. INSTITUCIONAIS E PROTOCOLO				A1	E					Retribucións brutas fixadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.06.2023		1
	3	1010306	ASESOR/A ALCALDÍA				A1	E					Retribucións brutas fixadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.06.2023		7



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 157 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

UNIDADE ORGANIZATIVA	R. E	REF POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	C.D.	C.E.	IMP. 2025	GR	TP	ES	CP/ SBE/ CL	FP	TIT.	FORM ESP.	OBS.	DOT
108.- DESENVOLVEMENTO LO- CAL E EMPREGO	3	1010308	ASESOR RESPONSABLE PRENSA				A1	E						Retribucións brutas fixadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.06.2024	1
	3	1010307	AUXILIAR EVENTUAL				C2	E						Retribucións brutas fixadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.06.2023	7
	1	1080101	TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XE- RAL	26	680	21.255,50 €	A1	N	AG	ST	C		título grao/licencia- do/a ou equivalen- te en dereito ou calquera das titula- cións esixidas no artigo 169.2.a) do TRRLI, aprobado mediante R.D.L. 781/1986, do 18 de abril.		2
	1	1080102	TÉCNICO/A XESTIÓN	25	690	17.975,30 €	A2	N	AE	TM	C	2			1
	1	1080104	ARQUITECTO/A TÉCNICO/APARE- LLADOR	26	680	21.255,50 €	A2	N	AE	TM	C	43			1
	1	1080105	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11.851,28 €	C1	N	AG	ADTVA	C	3			1
	1	1080106	AUXILIAR	16	159	10.668,00 €	C2	N	AG	AUX	C	4			1
	2	1080201	TECNICO/A SUPERIOR DIREC- TOR/A LICENCIADO/A FILOSOFIA, CIENCIAS EDUCACION E PEDA- GOXIA	26	680	21.255,50 €	A1	S			C	1		Plaza asociada incluída na OEP es- tabilización do emprego temporal	1
	2	1080202	TÉCNICO SUPERIOR /COORDINA- DOR/RA PLAN EMPREGO MUNICI- PAL	26	680	21.255,50 €	A1	S			C	46		Plaza asociada incluída na OEP es- tabilización do emprego temporal	1
	2	1080203	TECNICO/A MEDIO ADMINISTRA- DOR/A PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO	25	690	17.975,30 €	A2	N			C	32-33-34		Plaza asociada incluída na OEP es- tabilización do emprego temporal	1
	2	1080204	TECNICO/A MEDIO/A (TITOR PRO- GRAMAS MUNICIPAIS DE EMPRE- GO)	25	690	17.975,30 €	A2	S			C	2		Plaza asociada incluída na OEP es- tabilización do emprego temporal	1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 158 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

UNIDADE ORGANIZATIVA	R. E	REF POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	C.D.	C.E.	IMP. 2025	GR	TP	ES	CP/ SBE/ CL	FP	TIT.	FORM ESP.	OBS.	DOT
320 - PARTICIPACIÓN CIDADADA	2	1080205	TÉCNICO/A MEDIO	25	690	17.975,30 €	A2	N			C	2		Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	1
	2	1080206	TÉCNICO/A ORIENTADOR LABORAL	25	690	17.975,30 €	A2	N			C	2		6 Plazas asociadas incluídas na OEP estabilización do emprego temporal	6
	2	1080207	ARQUITECTO/A TÉCNICO/A APARELLADOR/A (TÉCNICO/A MEDIO/A RESPONSABLE OBRAS PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO)	25	690	17.975,30 €	A2	S			C	43		Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	1
	2	1080208	ENCARGADO RESPONSABLE PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO	18	307	16.035,18 €	C1	S			C	3		Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	1
	2	1080209	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	16	159	10.668,00 €	C2	N			C	4		Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	1
	1	3200101	XEFE/A PARTICIPACIÓN CIDADADA EN DESENVOL. LOCAL	26	625	35.227,64 €	A1/A2	S	AG/AE	ST/TS-TM	CE	1-2			1
	1	3200102	XEFE/A NEGOCIADO	22	320	13.892,20 €	C1	N	AG	ADTVA	C	3			1
	1	3200103	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11.851,28 €	C1	N	AG	ADTVA	C	3			1
	2	3200201	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11.851,28 €	C1	N			C	3		3 Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	3
	1	140101	XEFE/A MUSEOS MUNICIPAIS	26	650	26.681,90 €	A1/A2	S	AE	CE	CE	1-2			1
14.-MUSEOS	1	140102	DIRECTOR/A MUSEO	26	680	21.255,50 €	A1/A2	S	AE	CE	CE	7-12-20-22-23-24-25			1
	1	140103	TEC. MED. XESTIÓN RECURSOS E PROGRAMAS	25	690	17.975,30 €	A2	N	AE	CE	C	59-60-61-32-33-34-35			1
	1	140104	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11.851,28 €	C1	N	AG	ADTVA	C	3			2



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 159 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

UNIDADE ORGANIZATIVA	R. E	REF POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	C.D.	C.E.	IMP. 2025	GR	TP	ES	CP/ SBE/ CL	FP	TIT.	FORM ESP.	OBS.	DOT
236 - OFICINA DO VOLUNTARIA- DO	1	140105	AUXILIAR	16	159	10.668,00 €	C2	N	AG	AUX	C	4			2
	1	140106	ORDENANZA PORTEIRO	14	566	10.247,16 €	AP	N	AG	SUB	C		Non se require es- tar en posesión de ningunha titula- ción das previstas no sistema educa- tiv		3
	2	3010201	OFICIAL DESINFECTOR/A	16	157	11.327,96 €	C2	N			C	4			1
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (63.442,74 euros) presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (76.765,71 euros), presentan declaración e facturas nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Solicitud de retención do importe da garantía no prezo do contrato.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Quinto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 4 de decembro de 2025 comproba a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar, LA FIESTA ESCÉNICA, SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

Dado que o licitador clasificado en primeiro lugar non atendeu correctamente ao requirimento formulado, de conformidade co artigo 150.2 da LCSP, a segunda oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por LA FIESTA ESCÉNICA, SLU, de acordo coa acta do comité de expertos formado pola xefa do departamento administrativo de Alcaldía, o xefe da unidade de Mantemento de Vías municipais e a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 22 de outubro de 2025 que contén o informe de valoración do B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” e co informe de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula de data 24 de outubro de 2025.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a LA FIESTA ESCÉNICA, SLU o procedemento aberto do servizo de deseño e produción de 5 carrozas para a Cabalgata de Reis 2026 (10495-335) por un prezo total de 97.602,12 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 16.939,21 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(921).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA E SERVIZOS AUXILIARES DE SOPORTE DOS ACTOS DOS REIS MAGOS NO NADAL 2025 – 2026. Expte. 10496/335.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 208 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Viso o informe de fiscalización de data 04/12/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos reis magos no Nadal 2025 – 2026 (10496-335)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos reis magos no Nadal 2025 – 2026 (10496-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de setembro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2025 – 2026 (10496-335).

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 14 de agosto de 2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas, e o prego de cláusulas administrativas particulares do 19 de setembro de 2025, asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe do orzamento base de licitación 120.816,24 € euros, sendo o valor estimado do contrato de 99.848,13 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) na anualidade de 2026.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 26 de setembro de 2025), o 6 de novembro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de novembro de 2025, dos licitadores que deseguido se



relacionan por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP:

1. ESCENA SONORA PRODUCCION CULTURAL, SL
2. GLOBAL DEVELOP GALICIA, SL

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (98839-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	BTB SOLVE, SL	91,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BTB SOLVE, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, BTB SOLVE, SL, o día 7 de novembro de 2025, que presenta a documentación requirida o 17 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 27 de novembro de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a BTB SOLVE, SL para que puidera emendar a documentación relativa á solvencia económica e financeira e técnica e profesional e á documentación á aportar por parte do terceiro que integra as solvencias. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público xunto coa escritura de constitución da licitadora, onde figura o apoderamento do representante, e as escrituras de ampliación do obxecto social xunto co DNI do representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (69.893,69 €), presentan as contas do propio adxudicatario do ano 2024, nas que acreditan unha solvencia



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 210 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

mínima, e as do terceiro que integra a solvencia (PRODUCCIONES EMSAC, SL) do mesmo ano nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.

- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (84.571,37 €), presentan certificados de boa execución do ano 2024 do adxudicatario, nos que acredita unha solvencia mínima, e do terceiro que integra a solvencia (PRODUCCIONES EMSAC, SL) nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Solicitude de retención no prezo do importe da garantía definitiva (4.493,17 €).

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 4 de decembro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar BTB SOLVE, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BTB SOLVE, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor, de data 31 de outubro de 2025, e co acordo da Mesa de Contratación, de data 6 de novembro de 2025, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliábel a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 211 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Adxudicar a BTB SOLVE, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos reis magos no Nadal 2025 – 2026 (10496-335) por un prezo total do contrato de 108.734,61 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.871,29 euros e coas seguintes condicións:

- a) *Incrementa o valado perimetral (a maiores do mínimo esixido na cláusula 3.1a) do PPTP -mínimo de 600 unidades de valado baixo (1,00 x 2,00) galvanizadas-: en 60 unidades.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(922).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DOS RÓTULOS IDENTIFICATIVOS DAS VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS. Expte. 63989/234.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 1/12/2025 e o informe de fiscalización do 4/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 27/11/2025, asinado pola xefa de Estatística e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e pola concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 22/08/25, polo servizo de Estatística iniciou o expediente de referencia coa finalidade da proceder á contratación do subministro dos rótulos identificativos das vías públicas municipais (1ª fase).

2.- Consta informe de existencia de crédito do Director Superior Contable e Orzamentario de data 27/08/25.

3.- Engadiuse informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado pola xefa do servizo de Estatística e resolución de inicio do expediente das concelleiras delegada de Atención á Cidadanía e de área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 22/09/25.

4.- O 22/09/25 incorporouse ao expediente memoria económica e o 24/09/25, declaración de redactor de prego e prego de prescricións técnicas, así como memoria xustificativa, data na que se remitiu o expediente ao servizo de Contratación, onde se anotou unha alerta de prazo de tramitación (trámite 44). Con data 23/10/225, devolvese o expediente ao servizo de Estatística para a súa emenda.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 212 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

5.- Consta no expediente memoria económica asinada pola xefa do servizo de Estatística o 30/10/25 e conformada na mesma data polas concelleiras delegada de Atención á Cidadanía e de área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e polo concelleiro delegado da área Orzamentarias e Facenda.

6.- Enviado o expediente a Intervención, incorporouse documento contable RC de data 31/10/25, asinado polo Director Superior Contable e Orzamentario.

7.- Consta prego de prescrición técnicas particulares e a correspondente declaración de neutralidade de redactor, así como, memoria xustificativas, asinados en data 03/11/25 pola xefa do servizo de Estatística, que atenden ao requirimento de emenda do servizo de Contratación, ao que se achega novamente.

8.- O 04/11/25, a técnica de Administración Xeral co conforme da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos emite informe e axunta ao procedemento prego de cláusulas administrativas.

9.- Con data 05/11/25, por parte desta xefatura emitíuse informe proposta de aprobación do expediente, que se achegou á Asesoría Xurídica para a emisión do preceptivo informe xurídico, que tivo lugar o 19/11/25. No mesmo advertíase erro no prego de cláusulas administrativas, para cuxa subsanación se enviou o expediente ao servizo de Contratación. O 21/11/25 a técnica de Administración Xeral emitiu novo prego de cláusulas administrativas particulares conformado pola xefatura do servizo.

10.- Coa finalidade de incorporar a data de emisión do novo prego a aprobar ao informe proposta, devolveuse o expediente ao servizo xestor.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALG).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia correspóndelle á Xunta de Goberno Local (DA2ª.4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, trátase dun contrato de subministro, ao que se refire o artigo 16 da LCSP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 213 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato (art. 116.3 LCSP).

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- No expediente xustifícase ou consta a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), e demais esixidos polo LCSP para a presente contratación. O procedemento elixido para a contratación aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria.

Sexto.- De conformidade coa DA3ª 8 da LCSP e a DA8ª.e da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), resulta preceptivo o informe da Asesoría Xurídica Municipal.

Sétimo.- O artigo 116.3 e DA3ª.3 da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na DA2ª.4 e da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación do SUBMINISTRO DE RÓTULOS IDENTIFICATIVOS DOS VIAIS PÚBLICOS MUNICIPAIS (1º FASE), cun orzamento base de licitación de cento corenta e nove mil novecentos dezanove euros (149.919 €) para a anualidade 2025.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas, asinado pola xefa do servizo de Estatística con data 03/11/25 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares redactado pola técnica de Administración Xeral e conformado pola xefa do servizo de Contratación con data 21/11/25, que rexerán o contrato.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de **149.919 €** (IVE incluído) , con cargo a aplicación orzamentaria 9231/2219902 “Plan renovación placas identificativas en rúas”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 214 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(923).- CORRECCIÓN DE ERROS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO PARA ADQUISICIÓN DA OBRA "BARCA ESPACIAL" DO PINTOR JOSÉ OTERO ABELEDO "LAXEIRO". Expte. 7850/337.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe-proposta de data 04/12/2025, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, a letrada-titular de Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público
- RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o 31 de outubro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

"1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento negociado sen publicidade, do subministro para adquisición da obra "Barca espacial" do pintor José Otero Abeledo Laxeiro.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 16 de setembro de 2025, redactado polo director do museo municipal "Quiñones de León".



3º.- Aprobado o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 16 de outubro de 2025, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 120.000 € (cento vinte mil euros), sendo o IVE (10%) a soportar pola administración 10.909,09 €, con cargo á aplicación presupostaria 3330.689.00.00 “adquisición de obra artística” do orzamento municipal vixente.

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

II.- Aprobado o expediente, o servizo xestor, en informe de data 2 de decembro pon de manifesto que detectou un erro no apartado 2 da Memoria económica xa que o contrato non está suxeito a IVE, extremo confirmado polo informe do vogal do órgano Reclamacións Económico Administrativo, de data 1 de decembro de 2025. Este erro trasladouse ao apartado 3.B das FEC do PCAP. Así mesmo se o contrato está exento de IVE é preciso modificar o valor estimado do contrato recollido no apartado 3.C, e o punto 4 do acordo da Xunta de Goberno Local de 31 de outubro de 2025 de aprobación do expediente de contratación, que ao autorizar o gasto por importe total de 120.000 € (cento vinte mil euros), recolle que está suxeito a un IVE do 10%.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Da potestade de corrixir de oficio os erros materiais ou aritméticos

A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No presente caso detectouse un erro de carácter material no apartado 2 da Memoria económica que determina que o contrato está suxeito a un IVE do 10%, sendo así que este contrato esta exento deste imposto por ser o vendedor un particular. Este erro se trasladou ao apartado 3.B das FEC do PCAP relativo ao IVE e o punto 4 do acordo da Xunta de Goberno Local de 31 de outubro de 2025 de aprobación do expediente de contratación, que ao aprobar o gasto tamén fixa o IVA a soportar. Tendo en conta que o contrato está exento de IVE, o importe do valor estimado do contrato recollido no apartado 3.C, tamén varía por canto xa non é preciso descontar o importe do IVE do orzamento base de licitación. O valor estimado do contrato, regulado no artigo 101 da LCSP, é o importe que establece a Administración nunha licitación pública coa finalidade de permitir que as empresas licitadoras coñezan cal é o importe máximo que poderá alcanzar o contrato. Para o seu cálculo detraese o IVE do orzamento base de licitación, e engádense, no seu caso, o importe da modificación de das eventuais prórrogas, se se prevén, que non é o caso no expediente que nos ocupa.

Corroborar o dato de que este contrato está exento de IVE o informe do vogal do órgano de Reclamacións Económico Administrativas, de data 1 de decembro de 2025 que dí o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 216 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



“Solicítase pola Xefatura do Servizo Municipal de Museos informe urgente sobre a cuestión indicada. Ao respecto emítese o presente, quedando a disposición do Servizo para cantas aclaracións sexan precisas

PRIMEIRO.- NON SUXEIÇÃO AO IVE

A clave para determinar a suxeición ao IVE ou ao ITP na adquisición dunha obra de arte por parte dunha Administración Pública con destino a un museo público reside na natureza do transmitente. O IVE grava, entre outras operacións, as entregas de bens realizadas por empresarios ou profesionais no exercicio da súa actividade. Por tanto, se o transmitente é un empresario ou profesional e a transmisión realízase no marco da súa actividade económica, a operación estará suxeita ao IVE.

Por contra, cando a transmisión é realizada por un particular, é dicir, unha ou varias persoas físicas que non actúan como empresarios ou profesionais e que non realizan a operación no marco dunha actividade económica, a operación queda fóra do ámbito obxectivo do IVE. Nestes casos, a transmisión de bens mobles, como unha obra de arte, está suxeita ao ITP, que grava as transmisións onerosas de bens entre particulares.

O Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade de Madrid (Sentenzas do TSJ de Comunidade de Madrid, sala Contencioso Administrativo nº 384/2019 de 02 de outubro de 2019, nº 381/2019 de 01 de outubro de 2019 ou nº 385/2019 do 01 de outubro de 2019), establece unha clara e reiterada xurisprudencia neste sentido. Nas sentenzas citadas, o tribunal analiza supostos nos que un museo público adquire unha obra de arte dun particular e conclúe que a operación non pode considerarse suxeita ao IVE, xa que o transmitente non ostenta a condición de empresario. O tribunal subliña que a intervención dun particular nunha compravenda non equivale á realización dunha transmisión suxeita ao IVE, e que a operación debe tributar polo ITP.

Criterio éste asumido pola Dirección Xeral de Tributos en CV1470-22, de 21 de xuño de 2022 (“Descripción de hechos: Venta de una obra de arte -obra gráfica- de su colección por un particular a una Administración pública”) en que se indica que:

“(…)dichas personas físicas no tendrían la consideración de empresarios o profesionales cuando realicen dicha operación, de forma puntual y aislada y sin intención de continuidad, efectuada al margen de una actividad empresarial o profesional, tal y como parece suceder en el supuesto objeto de consulta, en el que el consultante no es el autor del cuadro que será objeto de transmisión, dado que parece deducirse que la pintura en cuestión forma parte de su patrimonio privado(…)”

Aos efectos da contratación, parece oportuno inluir unha cláusula no documento no que se formalice a adquisición na que os transmitentes manifesten que a obra pertence ao seu patrimonio privado e que non son empresarios ou profesionais do mercado do arte.

Propónse a estes efectos que, no contrato no que se formalice a adquisición, sexa introducida cláusula similar á seguinte:

“Os transmitentes manifiestan expresamente que non ostentan a condición de empresarios ou profesionais do mercado do arte e que a obra transmitida forma parte do seu patrimonio particular”

SEGUNDO.- SUXEIÇÃO E EXENCIÓN NO ITP

A adquisición onerosa dunha obra de arte por unha Administración ou museo público a un particular constitúe, en principio, unha transmisión patrimonial onerosa de ben moble, suxeita ao ITP na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas. Con todo, ao concorrer a exención prevista para as administracións públicas e os seus establecementos culturais, a operación queda exenta do imposto.



O Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AJD) está regulado a nivel estatal polo Real Decreto Lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, que aproba o texto refundido da Lei do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados. Esta lei é de aplicación en todo o territorio nacional, aínda que as comunidades autónomas poden asumir competencias normativas en determinados aspectos do imposto, como tipos impositivos, bonificacións ou exencións adicionais, pero non poden restrinxir os beneficios fiscais recoñecidos pola normativa estatal salvo habilitación expresa.

O artigo 45 da norma establece o seguinte:

“I. A) Estarán exentos del impuesto:

a) El Estado y las Administraciones públicas territoriales e institucionales y sus establecimientos de beneficencia, cultura, Seguridad Social, docentes o de fines científicos.

Esta exención será igualmente aplicable a aquellas entidades cuyo régimen fiscal haya sido equiparado por una Ley al del Estado o al de las Administraciones públicas citadas(...)”

A exención prevista na lei estatal alcanza ás Administracións públicas territoriais e institucionais e aos seus establecementos de beneficencia, cultura, Seguridade Social, docentes ou de fins científicos. A adquisición para un museo público, na medida en que depende dunha administración pública (xa sexa estatal, autonómica ou local) e ten unha finalidade cultural, encaixa plenamente na categoría de establecemento cultural dunha administración pública territorial ou institucional.

Polo tanto, o obxecto do contrato cumpre os requisitos subxectivos para beneficiarse da exención prevista na lei estatal, sempre que a adquisición realícese no exercicio das súas funcións culturais e non no marco dunha actividade mercantil ou allea aos seus fins institucionais.

A exención non distingue en función do tipo de ben transmitido, sempre que a adquisición realícese polos suxeitos beneficiarios no exercicio dos seus fins propios. Neste caso, a adquisición dunha obra de arte polo Concelo de Vigo para o Museo Municipal Quiñones de León constitúe unha operación directamente vinculada á finalidade cultural do establecemento, polo que a exención resulta plenamente aplicable.

Polo tanto, non se deberá abonar cota algunha de ITP pola adquisición da obra de arte, aínda que si se deberá cumprir, unha vez perfeccionada a transmisión, coas obrigacións formais de autoliquidación (con cota cero) e presentación do imposto,

TERCEIRO.- CONCLUSIONES

Previa declaración dos transmitentes de que non actúan como empresarios ou profesionais no mercado do arte e de que a obra forma parte do seu patrimonio privado, a operación está non suxeita ao IVE e suxeita pero exenta ao ITP-AXD e polo tanto, deberán cumprirse coas obrigas formais do ITP unha vez formalizada a transmisión no prazo de 30 días na páxina web da Axencia Tributaria de Galicia (www.atriga.gal).

Á vista do exposto, resulta preciso corrixir os seguintes extremos do expediente de contratación:

- 1.- O apartado 2 da Memoria económica deberá dicir que o contrato está exento de IVE.
- 2.- O apartado 3.B) das FEC do PCAP terá a seguinte redacción:

“B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: exento de IVE



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/12/2025 08:41

Páxina 218 de 221

1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025

CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

3.- O apartado 3.C) das FEC do PCAP terá a seguinte redacción:

“C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 120.000 €”

4.- O punto 4 do acordo da Xunta de Goberno Local de 31 de outubro de 2025 de aprobación do expediente de contratación terá a seguinte redacción:

“4º.- Autorizar o gasto por importe total de 120.000 € (cento vinte mil euros), exento de IVE, con cargo á aplicación presupostaria 3330.689.00.00 “adquisición de obra artística” do orzamento municipal vixente”.

-II-

Da natureza do erro e da non procedencia da aplicación do artigo 136.2 LCSP

No caso que nos ocupa o erro detectado no apartado 2 da Memoria económica e nos apartados 3.B) e 3.C) das FEC do prego de cláusulas administrativas particulares ten a consideración de erro material por ser un erro no que concorren as seguintes circunstancias establecidas polo Tribunal Supremo en múltiples sentencias (citaremos por todas STS 18 de xuño de 2001 -recurso de casación nº 2947/1993-; STS de 5 de novembro de 2002 -recurso de casación nº 2225/1998); STS 15 de decembro de 2003 -recurso de casación nº 3804/2001-):

- a) Que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas ou transcripcións de documentos.
- b) Que o erro se aprecie atendendo exclusivamente aos datos do expediente administrativo no que se advirte.
- c) Que o erro sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables
- d) Que non se proceda de oficio á revisión de actos administrativos firmes e consentidos.
- e) Que non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto (pois non existe erro material cando a súa apreciación implique un xuízo valorativo ou esixa unha operación de cualificación xurídica)
- f) Que non padeza a subsistencia do acto administrativo é dicir, que non xere a anulación ou revogación do mesmo, en canto creador de dereitos subxectivos, producíndose un novo sobre bases diferentes e sen as debidas garantías para o afectado, pois o acto administrativo rectificador ha de mostrar idéntico contido dispositivo, substantivo e resolutorio que o acto rectificado, sen que poida a Administración, so pretexto da súa potestade rectificatoria de oficio, encubrir unha auténtica revisión.

Circunstancias que concorren no presente caso.

O feito de que o contrato non estea suxeito a IVE, non afecta ao orzamento base de licitación, so ao valor estimado do contrato.

O valor estimado do contrato, regulado no artigo 101 da LCSP, é o importe que establece a Administración nunha licitación pública coa finalidade de permitir que as empresas licitadoras coñezan cal é o importe máximo que poderá alcanzar un contrato. Para o seu cálculo detraese do importe do orzamento base de licitación o IVE, e se engade, no seu caso, o im-



porte das eventuais prórrogas e da modificación do contrato prevista, circunstancias que non concorren no caso que nos ocupa.

Tampouco afecta ao documento contable, Retención de crédito, nº 12025000116302, de data 16 de setembro de 2025, por un importe de 120.000 euros.

No caso de que se produzan modificacións nos pregos, a lei impón ao órgano de contratación a obriga de ampliación dos prazos de presentación de ofertas sempre que se trate de modificacións significativas (artigo 136.2 da LCSP), e determina os supostos que se consideran modificación significativa dos pregos. Estas son as que afectan:

- a) A clasificación requirida
- b) O importe e o prazo do contrato
- c) As obrigacións do adxudicatario
- d) O cambio ou a variación do obxecto do contrato

Polo tanto, dado que a corrección realizada non supón unha modificación do importe do contrato, non procede a aplicación deste precepto. En calquera caso, o prazo de presentación de ofertas non comezou aínda.

-III- Competencia

A competencia para aprobar a corrección de erros correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa cualidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP. Esta competencia foi delegada na Concelleira delegada de Contratación, por resolución da Alcaldía do 25 de setembro de 2025 e acordo da Xunta de Goberno local de data 7 de novembro de 2025. No entanto, no presente caso o erro material afecta a un punto do acordo da XGL de aprobación do expediente de referencia, polo que parece aconsellable someterlle a súa consideración a proposta de corrección de erro material.

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Corrixir os seguintes erros materiais no expediente de contratación:

- 1.- O apartado 2 da Memoria económica deberá dicir que o contrato está exento de IVE.*
- 2.- O apartado 3.B) das FEC do PCAP terá a seguinte redacción:
“B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: exento de IVE*
- 3.- O apartado 3.C) das FEC do PCAP terá a seguinte redacción:
“C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 120.000 €”*
- 4.- O punto 4 do acordo da Xunta de Goberno Local de 31 de outubro de 2025 de aprobación do expediente de contratación terá a seguinte redacción:*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2025 08:41	Páxina 220 de 221
1988-1102 Aprobado por XGL 12/12/2025	CSV: A6ADD3-ED8E53-885EB1-997C5V-ZG77TS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

“4º.- Autorizar o gasto por importe total de 120.000 € (cento vinte mil euros), exento de IVE, con cargo á aplicación presupostaria 3330.689.00.00 “adquisición de obra artística” do orzamento municipal vixente”.

Segundo.- Notificar este acordo aos interesados”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(924).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

